

PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN FINANCEIRA

2º CURSO ESO

IES Plurilingüe XOSÉ NEIRA VILAS

Curso 2020-2021

Rosa Brandón Rodríguez

Índice

1. Introducción e Contextualización	2
Normativa Estatal	3
Normativa Autonómica	3
Organización da Etapa	3
2. Competencias Clave	3
2.1 Definición e análise.....	4
2.2 Contribución da materia á adquisición das Competencias Clave	7
2.3 Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe asociados a cada competencia.	9
3. Temporalización	13
4. Aspectos Didácticos e Metodolóxicos	15
Estrutura das unidades	15
4.1 Metodoloxía xeral	16
4.2 Metodoloxía específica	16
5. Elementos transversais	17
6. Atención á diversidade	18
7. Materiais e Recursos Didácticos	19
8. Procedementos para a avaliación.....	19
8.1 Actividades de recuperación ou reforzo	20
9. Criterios para a cualificación	21
Cálculo da cualificación:	21
10. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación.....	22
11. Comportamentos Sancionables.....	22
12. Rúbricas	23
12.1 Rúbrica para un traballo escrito	23
12.2 Rúbrica para unha presentación oral	23
12.3 Rúbrica para avaliar a actitude	24
13. Medidas previstas para o caso de ter que pasarse a ensino non presencial	25

1. Introducción e Contextualización

Nos últimos anos, diversas organizacións internacionais, entre as que cabe destacar a Comisión Europea e a OCDE, alertaron sobre a necesidade de mellorar a cultura financeira da poboación. As carencias neste ámbito poden conducir ás persoas a adoptar decisións erróneas sobre a súa economía persoal, co consecuente risco de perdas patrimoniais, endebedamento excesivo e, nos casos máis extremos, exclusión financeira.

Así mesmo, estes organismos suxiren que a formación financeira é tanto máis efectiva canto antes comece a impartirse. A adecuada familiarización cos conceptos económicos básicos, desde as idades máis temperás, pode axudar na idade adulta a elixir os produtos e

servizos financeiros que mellor se axusten ás propias necesidades. É evidente que unha formación financeira de calidade é o mellor xeito de capacitar á mocidade para o manexo da súa economía persoal.

Esta iniciativa na Educación Secundaria Obrigatoria leva a cabo no marco do Convenio de Colaboración subscrito o 14 de setembro de 2009 polo Ministerio de Educación, o Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores, para o desenvolvemento e posta en marcha dun Plan de Educación Financeira na escola.

O obxectivo principal desta actuación, é a mellora da cultura financeira do alumnado de ESO. Trátase de potenciar coñecementos, destrezas e habilidades de corte económico que permitan ao alumnado comprender a importancia de conceptos clave como o aforro, o orzamento, os gastos, os ingresos, o custo das cousas, a calidade de vida, o consumo responsable, etc., así como poder levar a cabo procedementos bancarios básicos como a apertura dunha conta, o control dos seus propios ingresos, cambios de divisas, uso de cartóns de crédito e de débito. En último termo, o obxectivo é que sexan quen de extrapolar os devanditos coñecementos e habilidades á súa vida cotiá, persoal e familiar.

Esta programación artículase ao redor dos criterios preceptivos expresados na **normativa vixente**:

Normativa Estatal

REAL DECRETO 83/1996, do 26 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de Educación Secundaria. (BOE do 21 de febreiro).

LEI ORGANICA 2/2006, do 3 de maio, de Educación. (BOE do 4 de maio) modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).

LEI ORGÁNICA 8/2013, do 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa. (BOE do 10 de decembro).

REAL DECRETO 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. (BOE do 3 de xaneiro).

Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. (BOE do 29 de xaneiro).

Normativa Autonómica

DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 29 de xuño).

Organización da Etapa

A materia de Educación Financeira pertence ao bloque das materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes en educación secundaria obrigatoria.

Todos os elementos básicos do seu currículo foron establecidos desde a Administración autonómica, podendo impartirse en 1º ou 2º da ESO cun horario lectivo dunha hora semanal.

2. Competencias Clave

2.1 Definición e análise

Antes de concretar cómo contribúe a materia de Educación Financeira ao desenvolvemento das competencias clave, analizaremos, en primeiro lugar, que son, cantas son e que elementos fundamentais as definen.

Enténdese por competencia a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diferentes, os coñecementos, as habilidades e as actitudes personais adquiridas. As competencias teñen tres compoñentes: un **saber** (un contido), un **saber facer** (un procedemento, unha habilidade, unha destreza, etc.) e un **saber ser** ou **saber estar** (unha actitude determinada).

As competencias clave teñen as características seguintes:

- Promoven o **desenvolvemento de capacidades**, máis que a asimilación de contidos, aínda que estos están sempre presentes á hora de concretar as aprendizaxes.
- Teñen en conta o **carácter aplicativo das aprendizaxes**, xa que se entende cunha persoa “competente” é aquela capaz de resolver os problemas propios do seu ámbito de actuación.
- Básanse no seu **carácter dinámico**, posto que se desenvolven de maneira progresiva e poden ser adquiridas en situacións e institucións formativas diferentes.
- Teñen un **carácter interdisciplinar e transversal**, posto que integran aprendizaxes procedentes de distintas disciplinas.
- Son un punto de encontro entre a **calidade** e a **equidade**, xa que pretenden garantir unha educación que responda ás necesidades reais de nosa época (calidade) e que sirva de base común a todos os cidadáns (equidade).

Elementos fundamentais que conforman cada unha das **competencias clave que se deben adquirir ao remate da ESO**:

Comunicación lingüística (CCL)	
Definición	Habilidade no uso da linguaxe para a comunicación, a representación, a comprensión e interpretación da realidade, a construción do coñecemento e a organización do pensamento, as emocións e a conducta.
Coñecementos	Compoñente lingüístico. Compoñente pragmático-discursivo. Compoñente sociocultural. Compoñente estratéxico. Compoñente persoal.
Destrezas	Ler e escribir. Escoitar e respostar. Dialogar, debatir e conversar. Expoñer, interpretar e resumir. Realizar creacións propias.
Actitudes	Respecto ás normas de convivencia. Desenvolvemento do espírito crítico. Respecto aos dereitos humanos e o pluralismo. Concepción do diálogo como ferramenta primordial para a convivencia, a resolución de conflitos e o desenvolvemento das capacidades afectivas. Actitude de curiosidade, interese e creatividade. Recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia como fontes de pracer.
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)	
Definición	A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predecir distintos fenómenos no seu contexto.

	As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsábel con él desde accións, tanto individuais como colectivas, orientadas á conservación e mellora do medio natural, decisivas para a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos.
Coñecementos	Números, medidas e estruturas. Operacións e representacións matemáticas. Comprensión dos termos e conceptos matemáticos. Os saberes ou coñecementos científicos relativos á física, a química, a bioloxía, a xeoloxía, as matemáticas e a tecnoloxía, os cales derivanse de conceptos, procesos e situacións interconectados.
Destrezas	Aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos, para emitir xuízos fundados e seguir cadeas argumentais na realización de cálculos, análise de gráficos e representacións matemáticas e manipulación de expresións alxebraicas, incorporando os medios dixitais cando sexa oportuno. Creación de descripcións e explicacións matemáticas que levan implícitas a interpretación de resultados e a reflexión sobre a súa adecuación ao contexto e a situación na que se presentan. Utilizar os conceptos, procedementos e ferramentas na resolución dos problemas que poidan aparecer nunha situación determinada ao longo da vida. Utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas. Utilizar datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo. Identificar preguntas. Resolver problemas. Chegar a unha conclusión. Tomar decisións basadas en probas e argumentos.
Actitudes	Rigor, respecto aos datos e a veracidade. Asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía. Interese pola ciencia, o apoio á investigación científica e a valoración do coñecemento científico. Sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais e ás cuestións medioambientais, e á adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudábel nun entorno natural e social.
Competencia dixital (CD)	
Definición	Habilidade para buscar e procesar información mediante un uso creativo, crítico e seguro das TIC.
Coñecementos	Técnicas e estratexias de acceso á información. Ferramentas tecnolóxicas. Manexo de distintos soportes: oral, escrito, audiovisual, multimedia, dixital.
Destrezas	Acceder, buscar e seleccionar críticamente a información. Interpretar e comunicar información. Eficacia técnica.
Actitudes	Autonomía. Responsabilidade crítica. Actitude reflexiva.
Aprender a aprender (CAA)	
Definición	Habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe.
Coñecementos	Coñecemento das capacidades persoais. Estratexias para desenvolver as capacidades persoais. Atención, concentración e memoria. Motivación. Comprensión e expresión lingüísticas.
Destrezas	Estudar e observar. Resolver problemas. Planificar proxectos. Recoller, seleccionar e tratar distintas fontes de información.

	<p>Ser capaz de autoavaliarse.</p>
Actitudes	<p>Confianza nun mesmo.</p> <p>Recoñecemento axustado da competencia persoal.</p> <p>Actitude positiva ante a toma de decisións.</p> <p>Perseverancia na aprendizaxe.</p> <p>Valoración do esforzo e a motivación.</p>
Competencias sociais e cívicas (CSC)	
Definición	<p>Habilidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas basadas no respecto mutuo e nas conviccións democráticas.</p>
Coñecementos	<p>Coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís.</p> <p>Coñecemento dos acontecementos máis destacados e das principais tendencias nas historias nacional, europea e mundial.</p> <p>Comprensión dos procesos sociais e culturais de carácter migratorio que implican a existencia de sociedades multiculturais no mundo globalizado.</p> <p>Coñecementos que permitan comprender e analizar de maneira crítica os códigos de conducta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e entornos, así como as súas tensións e procesos de cambio.</p> <p>Conceptos básicos relativos ao individuo, ao grupo, á organización do traballo, á igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais.</p> <p>Comprender as dimensións intercultural e socioeconómica das sociedades europeas, e perceber as identidades culturais e nacionais coma un proceso sociocultural dinámico e cambiante en interacción coa europea, nun contexto de crecente globalización.</p>
Destrezas	<p>Capacidade de comunicarse dunha maneira constructiva en distintos entornos sociais e culturais.</p> <p>Mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes.</p> <p>Negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.</p> <p>Habilidade para interactuar eficazmente no ámbito público e manifestar solidariedade e interese por resolver os problemas que afecten á comunidade.</p> <p>Reflexión crítica e creativa.</p> <p>Participación constructiva nas actividades da comunidade.</p> <p>Toma de decisións, en particular, mediante o exercicio do voto e da actividade social e cívica.</p>
Actitudes	<p>Seguridade nun mesmo, integridade e honestidade.</p> <p>Interese polo desenvolvemento socioeconómico e a súa contribución a un maior benestar social.</p> <p>Comunicación intercultural, diversidade de valores e respecto ás diferenzas, comprometéndose á superación de prexuízos.</p> <p>Pleno respecto dos dereitos humanos.</p> <p>Vontade de participar na toma de decisións democráticas.</p> <p>Sentido da responsabilidade.</p> <p>Comprensión e respecto dos valores basados nos principios democráticos.</p> <p>Participación constructiva en actividades cívicas.</p> <p>Apoio á diversidade e a cohesión sociais e ao desenvolvemento sustentábel.</p> <p>Vontade de respectar os valores e a intimidade dos demais, e a recepción reflexiva e crítica da información procedente dos medios de comunicación.</p>
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (SIEE)	
Definición	<p>Capacidade para adquirir e aplicar unha serie de valores e actitudes, e de elixir con</p>

	critério propio, transformando as ideas en accións.
Coñecementos	Autocoñecemento. Establecemento de obxectivos. Planificación e desenvolvemento dun proxecto. Habilidades sociais e de liderato.
Destrezas	Responsabilidade e autoestima. Perseverancia e resiliencia. Creatividade. Capacidade para calcular e asumir retos responsabelmente.
Actitudes	Control emocional. Actitude positiva ante o cambio. Flexibilidade.
Conciencia e expresións culturais (CEC)	
Definición	Habilidade para comprender, apreciar e valorar, con espírito crítico e actitude aberta e respectuosa, diferentes manifestacións culturais, e interesarse na súa conservación como patrimonio cultural.
Coñecementos	Linguaxes e manifestacións artísticas. Técnicas e recursos específicos.
Destrezas	Comprender, apreciar e valorar críticamente. Realizar creacións propias.
Actitudes	Curiosidade, interese e creatividade. Recoñecemento das manifestacións culturais e artísticas como fontes de pracer e disfrute persoal. Valoración responsábel e actitude de protección do patrimonio.

2.2 Contribución da materia á adquisición das Competencias Clave

A materia de Educación financeira xoga un papel relevante para que o alumnado alcance os obxectivos da etapa e adquira as distintas competencias clave, a saber:

- **Comunicación lingüística:** Esta competencia está vinculada con prácticas sociais que permiten ao individuo comportarse como axente comunicativo que produce e recibe mensaxes a través da lingua con distintas finalidades. Nesta materia poñerase de manifesto esta competencia para que o alumnado coñeza e utilice correctamente diferentes termos relacionados ca área da educación financeira, para explicar a diferenza entre os diversos produtos financeiros, distinguir entre as diferentes entidades financeiras, explicar a importancia do aforro e o control do gasto nunha economía persoal e comprender o contido e significado dos diferentes soportes documentais bancarios. Tamén se utilizará para que poida expresar de forma razoada os efectos da utilización dos variados medios financeiros e as consecuencias das súas posibilidades de investimento.
- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:** Empregarase esta competencia matemática para analizar graficamente o custo de oportunidade, coñecer as distintas formas de financiamento das empresas, elaborar orzamentos personalizados e usar instrumentos gráficos para a súa representación, coñecer cuantitativa e graficamente os ingresos e gastos do Estado, valorar os datos e gráficos relacionados con diferentes magnitudes como os tipos de xuro, a inflación e o desemprego. Tamén as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía desenvolveranse desde esta disciplina, xa que será imprescindible a utilización destes coñecementos para concienciarse da necesidade de alcanzar un desenvolvemento sustentábel e da realización de actividades económicas que

respecten o medio ambiente e fagan unha utilización racional dos recursos naturais dispoñíbeis.

- **Competencia dixital:** Esta materia vai axudar á consecución desta competencia xa que a maior parte da información que se utiliza no ámbito económico-financeiro obtéñense en páxinas web e outras fontes de internet. O alumnado utilizará programas informáticos para a elaboración de gráficas e análise de datos económicos, elaboración de orzamentos e plans financeiros individualizados e tamén na elaboración e presentación de traballos, tanto persoais como de grupo.
- **Aprender a aprender:** O mundo financeiro no que nos desenvolvemos é moi cambiante, polo que o alumnado deberá ser capaz de asimilar novos coñecementos e situacións, que só desenvolvendo esta competencia, poderán adquirir. As destrezas e actitudes que a integran evidéncianse na capacidade para tomar conciencia dos principios básicos a aplicar nas relacións financeiras, coñecer as obrigacións fiscais da empresa segundo seu sector de actividade e seus distintos cambios a lo longo do tempo, comprender as necesidades de planificación financeira a o longo da vida, recoñecer e comprender a necesidade de ler os documentos bancarios que se presenten, investigar os ámbitos de oportunidades de investimento, determinar o impacto social da desigualdade na redistribución da renda ou para valorar o impacto da globalización na calidade de vida das persoas e o medio ambiente.
- **Competencias sociais e cívicas:** A **competencia social** susténtase na toma de conciencia dos efectos sociais e medio ambientais das empresas, o funcionamento básico dos impostos, a relevancia social do aforro e o investimento, o coñecemento dos efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución da mesma, as causas do desemprego e as súas principais repercusións económicas permitirán ao alumnado alcanzar as destrezas, actitudes e valores implícitos nesta competencia. A **competencia cívica** sustentase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos civís necesarios para comprender e entender as experiencias colectivas e a organización e funcionamento do pasado e presente das sociedades e en particular da organización económica das mesmas. Nun mundo globalizado, onde o fenómeno migratorio é tan importante, será necesario desenvolver un espírito aberto, positivo e solidario respecto a outras culturas, que cada vez máis, se van incorporando á nosa.
- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor:** Nesta materia desenvolveranse as capacidades integradas nesta competencia a través de contidos coma: as decisións básicas da economía; o coñecemento das relacións entre as economías domésticas e as empresas; a empresa e o empresario; o risco e a necesidade de diversificación; a capacidade para recoñecer oportunidades existentes en actividades comerciais e profesionais; a habilidade de negociación nas distintas operacións mercantís e financeiras, disposición para valorar distintas opcións para combater o desemprego, a inflación e outros problemas económicos e sociais. Esta competencia poténciase especialmente nesta materia, posto que inclúe a capacidade de comprensión das liñas xerais que rexen o funcionamento económico-financeiro das sociedades, a organización e os procesos empresariais, así como a postura ética das organizacións.
- **Conciencia e expresións culturais:** Esta competencia está presente en canto que implica coñecer, comprender e valorar criticamente as distintas manifestacións culturais que determinaron historicamente as distintas respostas das sociedades as súas necesidades, desenvolvendo valores e actitudes de tolerancia e respecto cara a diversidade cultural e a liberdade de expresión e, por outro lado, na capacidade para desenvolver a creatividade a través da comunicación de ideas, a detección de necesidades e maneira de resolvelas.

No perfil competencial da materia de educación financeira de 2º da ESO que se ofrece a continuación inclúense as siglas que identifican as competencias clave a cuxa adquisición contribúese particularmente con cada estándar de aprendizaxe avaliábel.

2.3 Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe asociados a cada competencia.

O currículo desta materia está organizado en tres bloques.

Bloque 1: fai fincapé na administración da renda e dos recursos persoais, a través das decisións de consumo e de aforro, e o correspondente investimento.

Bloque 2: céntrase na planificación financeira persoal e familiar.

Bloque 3: trata a xestión dos medios líquidos dispoñibles.

A materia aborda os contidos desde un nivel moi básico, analizando os compoñentes e as características principais dos produtos e dos servizos financeiros, procurando a familiarización cos mercados e coas entidades operantes, que permita ás persoas, tras comparar distintas ofertas, elixir a máis axeitada ás súas necesidades e á súa situación económico-financiera. O enfoque, sendo eminentemente descritivo, non esquece iniciar ao alumnado na realización de sinxelos cálculos, empregando ferramentas de axuda que permitan a valoración precisa das alternativas consideradas, unha maior comprensión do funcionamento dos produtos e dos servizos, e o adecuado coñecemento das implicacións que as decisións que se tomen teñen na situación financeira persoal. Recoméndase un tratamento lúdico dos contidos, procurando o emprego de xogos, a participación en concursos e o fomento da produción de coñecemento empregando recursos das tecnoloxías da información e da comunicación.

A materia contribúe ao desenvolvemento da competencia de sentido de iniciativa e espírito emprendedor, que incide na consecución do benestar económico e social da comunidade, así como o das competencias sociais e cívicas, o da competencia de comunicación lingüística, e o da matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, dixital e de aprender a aprender.

Educación Financeira 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Educación e finanzas persoais				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Educación financeira. ▪ B1.2. Obxectivos financeiros persoais. Seguridade financeira. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Administrar os recursos financeiros persoais de xeito responsable, para garantir a seguridade financeira ao longo da vida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB1.1.1. Recoñece as fontes de renda persoal e describe os tipos de recursos financeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB1.1.2. Procura alcanzar a seguridade financeira na concreción dos seus obxectivos financeiros persoais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB1.1.3. Identifica os tipos de investimentos ao longo da vida das persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Sistema financeiro, indicadores económicos e tipos de xuro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar os mercados financeiros, os axentes intervinientes e os indicadores financeiros básicos vinculados coa evolución das condicións económicas que inflúen nas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB1.2.1. Relaciona a situación económico-financiera persoal cos principais indicadores económicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB1.2.2. Explica o papel dos intermediarios financeiros na 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL

Educación Financeira 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
		decisións financeiras da cidadanía.	sociedade, e caracteriza e identifica os principais mercados financeiros.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Renda persoal: consumo e aforro. ▪ B1.5. Consumo: modalidades de consumo. ▪ B1.6. Aforro e investimento. ▪ B1.7. Rendibilidade e risco no investimento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Xestionar a renda persoal, recoñecendo as súas orixes, os destinos alternativos e as necesidades que se deben cubrir en cada etapa da vida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB1.3.1. Identifica as etapas que conducen á toma de decisión de consumo intelixente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB1.3.2. Interpreta o significado de rendemento e risco en diversos contextos financeiros, e recoñece os beneficios da diversificación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB1.3.3. Recoñece a dimensión temporal do consumo, e distíngueo do aforro e do investimento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB1.3.4. Representa graficamente as operacións de investimento e interpreta o significado de rendemento e do risco en diversos contextos financeiros, e recoñece os beneficios da diversificación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB1.3.5. Identifica os motivos que conducen á decisión de aforrar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Operacións de investimento: elementos, dimensión temporal e tipos de xuro. ▪ B1.9. Depósitos e imposicións a prazo. ▪ B1.10. Contas á vista remuneradas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Identificar os produtos de aforro, considerar as súas características e a súa tipoloxía, calcular o rendemento ofrecido e valorar a oportunidade de contratación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB1.4.1. Recoñece as características dos tipos de depósitos e imposicións a prazo ofrecidas polas entidades bancarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB1.4.2. Compara ofertas concretas de depósitos e imposicións a prazo mediante a consideración dos tipos efectivos de xuro aplicados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB1.4.3. Considera as características das contas á vista remuneradas existentes no mercado bancario, e diferéncias das imposicións e dos depósitos a prazo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB1.4.4. Avalía a oportunidade de contratación de imposicións e depósitos a prazo e de contas á vista remuneradas en función das condicións do mercado, e considera as súas vantaxes e os seus inconvenientes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSC ▪ CSIEE
Bloque 2. Planificación financeira persoal e familiar				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Planificación financeira ao longo da vida. ▪ B2.2. Orzamento persoal e familiar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Planificar a vida financeira, clasificar os elementos integrantes dun orzamento persoal ou familiar, e identificar medidas de control que permitan non desviarse dos niveis orzados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB2.1.1. Valora o impacto da planificación e a importancia do aforro na vida de cadaquén. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB2.1.2. Identifica e clasifica ingresos e gastos para elaborar un orzamento persoal e familiar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB2.1.3. Avalía os gastos axustándoos aos ingresos e identifica medidas de control. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA

Educación Financeira 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
				<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Operacións de financiamento: elementos, dimensión temporal e tipos de xuro. ▪ B2.4. Capacidade de endebedamento persoal. ▪ B2.5. Préstamos e contas de crédito. ▪ B2.6. Préstamos persoais e hipotecarios. ▪ B2.7. Finalidade, importe, prazo e tipo de xuro nos préstamos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Determinar as necesidades de financiamento ao longo da vida, analizar as operacións de préstamo, diferenciando os tipos existentes en función das súas características e identificando os elementos integrantes, e avaliar a capacidade de endebedamento, garantindo a seguridade financeira 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB2.2.1. Recoñece as características e as diferenzas entre préstamos e pólizas de crédito. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB2.2.2. Clasifica os préstamos segundo a garantía esixida pola entidade prestamista, definindo cada un dos tipos e analizando as súas características e os elementos integrantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB2.2.3. Representa graficamente as operacións de financiamento, identificando os seus elementos integrantes, e recoñece os efectos do tipo de xuro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB2.2.4. Interpreta a diferenza entre o TXN e o TAE nas operacións de financiamento e entre os tipos de referencia oficiais para a determinación dos tipos de xuro aplicables. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB2.2.5. Valora a idoneidade de cada tipo de préstamo en función da finalidade, o importe e o prazo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Sistemas de previsión social públicos e privados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Analizar o sistema público de previsión social, considerar o seu efecto sobre a planificación para lograr a seguridade financeira e comparar cos sistemas privados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB2.3.1. Distingue o sistema público de Seguridade Social dos sistemas privados de previsión (seguros e plans de pensións). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Relacións nos mercados financeiros: actitudes, información e negociación. ▪ B2.10. Tarifas dos produtos e servizos financeiros. ▪ B2.11. Procesos de reclamación perante os bancos e as entidades supervisoras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Estimar a capacidade de negociación coas entidades bancarias, distinguir os custos dos produtos e dos servizos financeiros, e precisar os procesos de reclamación, ante entidades bancarias e organismos reguladores. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB2.4.1. Identifica os elementos das tarifas aplicadas á clientela polas entidades bancarias e compara as condicións ofrecidas por distintas entidades para elixir a mellor opción. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB2.4.2. Determina os procesos de reclamación perante entidades bancarias e organismos reguladores, e as actitudes que cómpre adoptar como persoa usuaria de servizos bancarios. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB2.4.3. Comprende os principais dereitos e deberes dos/das consumidores/as no mundo financeiro e recoñece as principais implicacións dos contratos financeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB2.4.4. Elabora un sinxelo escrito de reclamación perante unha entidade bancaria, utilizando unha estrutura formal axeitada. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.12. Banca a distancia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Descubrir novos sistemas de relación coas entidades bancarias (banca a distancia) e recoñecer o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB2.5.1. Distingue os sistemas alternativos de relación coas entidades bancarias, precisando o funcionamento e as 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSIEE

Educación Financeira 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ g 		funcionamento e a operación permitidos para identificar as súas vantaxes e os seus inconvenientes.	<p>operacións permitidas.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB2.5.2. Valora as vantaxes e os inconvenientes das novas canles de relación coas entidades financeiras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.13. Protección de datos de carácter persoal. ▪ B2.14. Seguridade e tecnoloxías da información e da comunicación. 	B2.6. Identificar os perigos derivados do emprego de datos de carácter persoal nas relacións bancarias.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB2.6.1. Recoñece os perigos do uso fraudulento e do abuso na utilización de datos de carácter persoal nas relacións coas entidades bancarias, con especial atención aos vinculados cos novos sistemas de relación cos bancos. ▪ EFNB2.6.2. Considera as recomendacións de seguridade e protección de datos persoais na operativa bancaria e comprende os dereitos que lle outorga a normativa aplicable. ▪ EFNB2.6.3. Valora a necesidade de garantir a seguridade na operativa bancaria a través dos novas canles de relación coas entidades bancarias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA <ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSC
Bloque 3. Xestión da liquidez				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Diñeiro: características, funcións e clases. ▪ B3.2. Contratos de conta bancaria á vista. 	B3.1. Recoñecer o valor social do diñeiro e o seu papel na economía persoal, identificar os casos de uso fraudulento e valorar que o diñeiro pode investirse, prestarse e pedirse prestado.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB3.1.1. Distingue as necesidades de fondos a curto, medio e longo prazo, e identifica as alternativas para o pagamento de bens e servizos. ▪ EFNB3.1.2. Describe os medios para identificar diñeiro falso e explica os pasos que se deben seguir no caso de detectalo. ▪ EFNB3.1.3. Valora as consecuencias do uso fraudulento do diñeiro. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CAA <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Razóns para utilizar os servizos bancarios. ▪ B3.4. Contas bancarias á vista. ▪ B3.5. Clasificación das contas bancarias á vista. ▪ B3.6. Funcionamento das contas bancarias á vista. ▪ B3.7. Interpretación dos documentos vinculados ás contas bancarias á vista. 	B3.2. Analizar os contratos bancarios de conta á vista, explicar a súa estrutura e o seu funcionamento, clasificalos e interpretar a información subministrada nos documentos relacionados.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EFNB3.2.1. Explica o papel de intermediación das entidades bancarias, valorando a importancia das súas funcións na economía. ▪ EFNB3.2.2. Clasifica as contas bancarias á vista, describe as súas características e os elementos obxectivos e subxectivos, e explica vantaxes e inconvenientes. ▪ EFNB3.2.3. Describe o funcionamento das contas bancarias á vista, explica os movementos e interpreta a información subministrada nos extractos e nos documentos xustificativos. ▪ EFNB3.2.4. Compara ofertas concretas de entidades bancarias para a selección dun contrato de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CSC <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSIEE <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD ▪ CSIEE <ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CMCCT ▪ CD

Educación Financeira 1º/2º de ESO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			conta á vista.	<ul style="list-style-type: none"> CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> a b e f g 	<ul style="list-style-type: none"> B3.8. Tarxetas bancarias: natureza, características e clasificación. Caixeiros automáticos. B3.9. Recomendacións de seguridade no uso das tarxetas. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Considerar a utilidade das tarxetas bancarias, identificar os elementos integrantes e operar con elas en condicións de seguridade. 	<ul style="list-style-type: none"> EFNB3.3.1. Examina as características físicas das tarxetas, identifica os elementos integrantes e argumenta a súa utilidade principal. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD
			<ul style="list-style-type: none"> EFNB3.3.2. Observa as recomendacións sobre seguridade na operativa con tarxetas bancarias. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCCT CD CAA

3. Temporalización

Os tempos variarán en función de cada actividade e das necesidades do alumnado, que será quen marque o ritmo de aprendizaxe. Tendo en conta que o curso consta de aproximadamente 32 semanas, e considerando o tempo semanal asignado a esta materia, 1 hora, sabemos que no curso haberá arredor de 32 sesións.

Estimación do reparto do tempo por unidade didáctica:

UNIDADE DIDÁCTICA	Sesións
1ª Avaliación: unidades 1,2,3,4	11 sesións
UNIDADE 1: Educación financeira obxectivos e seguridade	3 sesións
UNIDADE 2: Sistema financeiro e intermediarios financeiros	3 sesións
UNIDADE 3: Renda persoal, consumo, aforro e investimento	3 sesións
UNIDADE 4: Operacións de investimento: depósitos e imposicións a prazo.	2 sesións
2ª Avaliación: unidades 5,6,7,8	10 sesións
UNIDADE 5: O orzamento familiar e persoal.	3 sesións
UNIDADE 6: Operacións de financiamento, prestamos e tipos de xuro.	3 sesións
UNIDADE 7: Sistemas de previsión social públicos e privados	2 sesións
UNIDADE 8: Relacións cos mercados financeiros: información, tarifas e reclamacións	2 sesións
3ª Avaliación: unidades 9,10,11,12	11 sesións
UNIDADE 9: A banca a distancia e a seguridade das TICs	2 sesións
UNIDADE 10: O diñeiro: características, funcións e clases	3 sesións
UNIDADE 11: Contas bancarias, funcionamento e clases.	3 sesións
UNIDADE 12: Tarxetas bancarias: características, clases e seguridade.	3 sesións
TOTAL	32 sesións

1ª Avaliación: unidades 1,2,3,4

UNIDADE 1: Educación financeira obxectivos e seguridade.

- 1.1 Que é a educación financeira?
- 1.2 En que consiste a seguridade financeira?
- 1.3 Os obxectivos financeiros.

UNIDADE 2: Sistema financeiro e intermediarios financeiros.

- 2.1 O sistema financeira español
- 2.2 O BCE e o Banco de España

- 2.3 A función dos intermediarios financeiros
- 2.4 Tipos de intermediarios financeiros

UNIDADE 3: Renda persoal, consumo, aforro e investimento.

- 3.1 que é a renda persoal?
- 3.2 consumo intelixente.
- 3.3 Suxerenzas ou consellos para aforrar
- 3.4 que se entende por investimento?

UNIDADE 4: Operacións de investimento: depósitos e imposicións a prazo.

- 4.1 Introducción
- 4.2 depósitos a prazo
- 4.3 Imposicións a prazo fixo
- 4.4 Contas á vista remuneradas

2ª Avaliación: unidades 5,6,7,8

UNIDADE 5: O orzamento familiar e persoal.

- 5.1 Que é un orzamento?
- 5.2 Para que serve o orzamento?
- 5.3 Como se elabora un orzamento persoal ou familiar?

UNIDADE 6: Operacións de financiamento, préstamos e tipos de xuro.

- 6.1 Introducción
- 6.2 préstamos. Tipos e clases.
- 6.3 préstamo hipotecario.
- 6.4 crédito.
- 6.5 diferenzas entre préstamo e crédito.

UNIDADE 7: Sistemas de previsión social públicos e privados.

- 7.1 A Seguridade Social
- 7.2 Funcións e cobertura de Seguridade Social.
- 7.3 Os plans de pensións privados.

UNIDADE 8: Relacións cos mercados financeiros

- 8.1 Que actitude debemos manter perante os bancos?
- 8.2 Como podemos saber as comisións que nos van a cobrar.
- 8.3 Como podemos reclamar se non estamos de acordo?
- 8.4 É complicado cambiar de banco?

3ª Avaliación: unidades 9,10,11,12

UNIDADE 9: A banca a distancia e a seguridade das TICs.

- 9.1 Que facemos se nos rouban o DNI?
- 9.2 Qué facemos se recibimos un e-mail pedíndonos confirmar datos?
- 9.3 Que é o “spyware”?
- 9.4 Que precaucións debemos de tomar para operar coa banca a distancia?
- 9.5 Que é o “pharming”?

UNIDADE 10: O diñeiro: características, funcións e clases.

- 10.1 Características físicas.
- 10.2 funcións e clases.
- 10.3 Que fago se me colaron un billete falso?
- 10.4 Como podo detectar un billete falso?
- 10.5 Que é a moeda estranxeira?
- 10.6 Donde se pode trocar moeda e que divisas se poden mercar e vender?

UNIDADE 11: Contas bancarias, funcionamento e clases.

- 11.1 Para que serven os bancos?
- 11.2 As contas bancarias á vista
- 11.3 Funcionamento das contas bancarias
- 11.4 Cancelación dunha conta bancaria
- 11.5 A banca a distancia: a banca online e a banca telefónica.

UNIDADE 12: Tarxetas bancarias: características, clases e seguridade.

- 12.1 Definición e clases de tarxetas
- 12.2 Características físicas
- 12.3 Recomendacións no uso de tarxetas
- 12.4 Caixeiros automáticos

4. Aspectos Didácticos e Metodolóxicos

Os contidos non han de ser interpretados como unidades temáticas, nin, por tanto, necesariamente organizados tal e como aparecen no Real Decreto. A organización dos contidos do currículo en bloques non ten como finalidade establecer a orde e a organización das actividades de aprendizaxe na aula, senón os compoñentes da educación lingüística e literaria. Así mesmo, o feito de expor de modo diferenciado os contidos non debe ocultar a interconexión que hai entre o uso oral e o escrito e a interrelación que se dá en moitas actividades sociais entre usos orais e escritos.

A metodoloxía didáctica enténdese como o conxunto de estratexias, procedementos accións organizadas e planificadas polo profesorado, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos planeados.

Estrutura das unidades

Non se empregará libro de texto; as Unidades Didácticas serán elaboradas e proporcionadas ao alumnado pola profesora.

Cada unidade didáctica comeza cun índice e unha breve introdución na que se presentan os temas a tratar e o sumario dos contidos que se van traballar na aula.

Os contidos da unidade preséntanse, de xeito claro e conciso, organizados en apartados. Ao desenvolver os apartados en base a estándares de aprendizaxe concretos, garantimos que o desenvolvemento dos mesmos se axustará en extensión e alcance ao establecido no currículo da materia.

Ao final de cada unidade hai unha serie de actividades que se irán resolvendo gradualmente, na aula e coa axuda da profesora, segundo se vaia avanzando polos distintos apartados.

Estas actividades finais están deseñadas para traballar os estándares de aprendizaxe desenvolvidos no apartado correspondente da unidade. Nesta sección trátanse actividades de teoría (que permiten ao alumnado comprobar se adquiriu os coñecementos básicos da

unidade) e de práctica (actividades que implican a aplicación dos coñecementos). O obxectivo destas é profundar no logro dos estándares de aprendizaxe e desenvolver a competencia de aprender a aprender a través de actividades específicas deseñadas a tal fin. Con estas será doado comprobar se o alumno asimilou correctamente os contidos de cada epígrafe e para axudarlle a reforzar e consolidar os contidos estudados.

4.1 Metodoloxía xeral

Este enfoque basease nos principios xerais seguintes:

- **Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.** O inicio dunha nova aprendizaxe escolar debe comezar partindo dos conceptos, representacións e coñecementos construídos polo alumnado nas súas experiencias previas.
- **Asegurar a construción de aprendizaxes significativas e a aplicación dos coñecementos á vida.** É necesario que o alumnado teña unha actitude favorábel para conectar o novo que está aprendendo co que xa sabe.
- **Facilitar a realización de aprendizaxes significativas por si mesmas.** É necesario que o alumnado sexa quen de aprender a aprender. Hai que prestar especial atención á adquisición de estratexias de planificación da propia aprendizaxe e ao funcionamento da memoria comprensiva. A memoria non só é a lembranza do aprendido, senón tamén o punto de partida para realizar novas aprendizaxes.
- **Utilizar diferentes estratexias de meta cognición.** Unha maneira de asegurar que o alumnado aprenda a aprender, a pensar, é facilitarlle ferramentas que lle permitan reflexionar sobre o que lles funciona ben e o que non logran facer como se lles pide; deste xeito consolidan formas de actuar de éxito e descartan as demais.

4.2 Metodoloxía específica

No planeamento da materia de **Actividade emprendedora e financeira** destacan os seguintes aspectos dende o punto de vista didáctico:

- **O enfoque básico: o interese pola comprensión do mundo**

Un dos obxectivos clave nesta materia é que o alumnado comprenda como é o mundo no que vive, que causas provocaron que sexa así e que consecuencias se derivan.

- **A importancia dos coñecementos previos**

O repaso dos coñecementos previos planearase coma resumo do estudado en cursos ou temas anteriores.

- **Preocupación polas estratexias de aprendizaxe**

Nas actividades específicas da unidade axúdase ao alumnado a reflexionar sobre o propósito da aprendizaxe e a expoñer a forma de planificar, supervisar e avaliar o proceso de adquisición do coñecemento en contextos diversos: lectura de imaxes, interpretación de datos e táboas, comprensión de textos, etc. Propiciarase que o alumnado integre os coñecementos adquiridos mentres exercita as capacidades intelectuais de carácter xeral: definir, clasificar, comparar, sintetizar, explicar, analizar, valorar e argumentar.

- **Os descubrimentos empresariais**

Esta é unha disciplina aberta, que se modifica cada día, a partir da evolución económica e social do tecido empresarial. De aí a importancia de facilitar ao alumnado diversidade de fontes a través das que podan profundar no contido concreto sobre o que versa o tema:

- Novas de actualidade.
- Cine.

- Libros.
- Enlaces de internet.

▪ **Exposición por parte da profesora e diálogo co alumnado**

A profesora debe fomentar, paralelamente a súa exposición, a participación do alumnado, evitando en todo momento que a súa exposición se converta nun monólogo. A participación pode conseguirse mediante a formulación de preguntas ou a proposta de actividades. Este proceso de comunicación pode derivar na defensa de posturas contrapostas, o cal debe ser aproveitado pola profesora para desenvolver no alumnado a precisión no uso da linguaxe en forma oral ou escrita. Esta fase comunicativa do proceso de aprendizaxe debe desenvolver actitudes de flexibilidade na defensa dos puntos de vista propios e o respecto polos alleos.

▪ **Referencia ao conxunto da etapa**

O proxecto curricular da materia debe permitir ao alumnado conseguir os obxectivos xerais da etapa, alcanzar un nivel adecuado na adquisición das competencias clave e estar en boas condicións para continuar estudos superiores con garantías de éxito. A de contribuir á formación integral do alumnado, facilitando a autonomía persoal e a formación de criterios persoais, ademais da relación correcta coa sociedade e o acceso á cultura.

5. Elementos transversais

O ensino da Educación Financeira debe potenciar certas actitudes e hábitos de traballo que axuden ao alumnado a apreciar o propósito da materia, a ter confianza na súa habilidade e a desenvolverse noutras dimensións humanas: autonomía persoal, relación interpersoal, etc.

Os **valores** que consideramos **fundamentais** nesta etapa educativa son os seguintes:

1. Respetto

- A un mesmo: autoestima, dignidade, esforzo persoal, honestidade e proxecto de vida.
- Aos demais: empatía, escoita activa, diálogo, e resolución de conflitos. Se pode traballar co enfoque do “deber” (“*temos o deber de respectar aos demais*”).
- Ás culturas: ideas, linguas, costumes e patrimonio.
- Aos animais: evitar o dano innecesario e evitar a extinción de especies.
- Á natureza: evitar o deterioro medio ambiental e a extinción de especies.

2. Responsabilidade

- Fronte ás tarefas persoais e de grupo: esforzo e compromiso.
- Fronte ás normas sociais: civismo e cidadanía. Pódese traballar co enfoque do “deber” (“*temos o deber de...*”).
- Fronte aos conflitos dilemas morais: información fiable, sentido crítico e posicionamento.
- Fronte ao consumismo: consumo responsábel e racional de produtos.
- Fronte ás xeracións vindeiras: desenvolvemento sustentábel e ética global a longo prazo.

3. Xustiza

- Dereito á igualdade, con especial referencia a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e aos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

- Dereito á alimentación.
- Dereito á saúde.
- Dereito á educación.
- Dereito á paz, mediante o fomento da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar social.
- Dereito á xustiza internacional, baseado nos valores que sustentan a liberdade, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos e o rexeitamento á violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención de calquera tipo de violencia.

4. Solidariedade

- Coas persoas que se senten fráxiles e indefensas ante seu día a día.
- Coas persoas que padecen unha enfermidade grave ou limitación dalgún tipo.
- Cos inmigrantes, refuxiados e desprazados.
- Coas vítimas do desequilibrio económico mundial.
- Coas vítimas de conflitos armados.
- Coas vítimas de desastres naturais

5. Creatividade e esperanza

- O impulso de buscar alternativas.
- A confianza na mellora das situacións difíciles, os conflitos, ás persoas e o mundo en xeral.

Ademais dos elementos transversais de carácter instrumental que se acaban de mencionar, desde a materia de Educación Financeira trátanse outros contidos transversais.

Esta materia estuda os procedementos polos que cada colectivo humano busca o benestar material de seus membros. A formación específica que ofrece pretende proporcionar ao alumnado algúns instrumentos que lles axuden a comprender o mundo contemporáneo e lles posibiliten unha toma responsábel de decisións no seu desenvolvemento persoal e social. A inclusión desta disciplina no currículo como materia de libre configuración da ESO permite ao alumnado adquirir unha visión máis ampla e detallada da sociedade actual e que se manifesta en multitude de aspectos.

A materia axudará ao alumnado a exercer a súa cidadanía cunha actitude reflexiva e consciente. Facilita a comprensión de problemas tales como a organización e funcionamento dos servizos financeiros, o desemprego, o esgotamento dos recursos naturais, o subdesenvolvemento, a pobreza, o consumismo, a distribución da renda, as consecuencias da globalización, etc. O alumnado será máis consciente do seu papel actual na economía como investidores, consumidores, aforradores, contribuíntes e usuarios de bens e servizos financeiros públicos e privados e da función que desenvolverán nun futuro como traballadores ou empresarios e como electores. Nesta tarefa, a materia de Educación Financeira desempeña unha función relevante, que se manifesta en varios aspectos que

6. Atención á diversidade

Cada alumno posúe unhas peculiaridades que o diferencian do resto do grupo. Non todos aprenden ao mesmo ritmo ou teñen os mesmos intereses e capacidades.

Intentarase facer un esforzo para atender a cada alumno ou alumna do xeito máis personalizado posible, tendo en conta o seu nivel de coñecementos e capacidades que posúe, as súas motivacións e ritmo de aprendizaxe, etc.

Naquelas ocasións nas que sexa necesario, realizaranse adaptacións curriculares modificando: material escolar, actividades, método, grupos de traballo, tempo e orde dos contidos e criterios de avaliación, aplicándoos de forma individualizada.

Estas medidas de atención á diversidade han de favorecer a adaptación aos intereses, capacidades e motivacións dos alumnos respectando sempre un traballo común de base e intención formativa global que permita a consecución das competencias clave e dos obxectivos do curso e da etapa.

7. Materiais e Recursos Didácticos

No referente aos recursos a empregar na aula, a estratexia expositora require duns materiais seleccionados ou elaborados previamente pola profesora. A prensa e internet son fontes de información moi importantes nesta materia, que poden ser complementadas con vídeos, material escrito...

Este nivel de traballo precisa do dominio das tecnoloxías da información: onde están, como utilízalas, que datos son máis fiables, etc. ás que se lle deberá dar unha atención especial para adquirir a destreza necesaria no seu uso.

Destacar a páxina web do IGE (Instituto Galego de Estatística) que conta cun portal educativo, onde é posible consultar multitude de datos actuais relacionados co mercado de traballo, a inflación, clasificación das empresas galegas por sectores de actividade ...

Dado o carácter da materia, o uso da prensa é obrigado, fácil e accesible, e é aí onde está outra conexión directa entre a teoría e a realidade. Hoxe, abundantes xornais proporcionan información moi doada para o seu emprego na aula. Utilízala serve para analizala e comprendela.

Non se empregará libro de texto para o desenvolvemento da disciplina. A profesora proporcionará os apuntamentos necesarios, mediante fotocopias, elaborados por ela baseándose en diversos libros de economía e outros materiais.

Entre os recursos didácticos, a profesora poderá utilizar os seguintes:

- Pizarra convencional e pizarra dixital.
- Calculadora así coma calquera outro recurso propio da especialidade.
- Noticias e artigos de prensa.
- Fotocopias de textos, gráficos, cadros, táboas, etc.
- Visualización de programas de televisión sobre temas de interese social e económico.
- Proxección e comentario de filmes.
- Fichas de traballo con cuestións guiadas.
- Debate, como ferramenta que estimula o interese e a capacidade de reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, recapitular, ordenar, respectar opinións e tirar conclusións.
- Bibliografía de consulta na aula e na biblioteca escolar.

8. Procedementos para a avaliación

Coa avaliación pretendemos premiar dalgún xeito tódalas tarefas realizadas polo alumnado, polo que consideraremos enormemente positiva a valoración do seu traballo diario, a participación na aula, e incluso a asistencia, coma un xeito máis de manterse motivado á materia. Considérase importante destacar as tarefas en grupo, sen deixar de

valorar as probas que se poidan desenvolver ao longo do curso, tratando, iso si, de comprobar a comprensión dos temas tratados na aula, que non a súa memorización.

A información que proporciona a avaliación debe servir como punto de referencia para a actualización pedagóxica. Deberá ser individualizada, personalizada e integrada.

A dimensión individualizada contribúe a ofrecer información sobre a evolución de cada alumno, sobre a súa situación con respecto ao proceso de aprendizaxe.

O carácter personalizado fai que a avaliación tome en consideración a totalidade da persoa. O alumno toma conciencia de si, responsabilízase.

A avaliación do proceso de aprendizaxe, é dicir, a avaliación do grao en que os alumnos e alumnas van alcanzando os obxectivos didácticos, pode realizarse a través dunha serie de actividades propostas ao ritmo do desenvolvemento da aprendizaxe de cada unidade, é dicir, a través do control da realización de actividades, a súa corrección na aula ou entrega das mesmas á profesora, preguntas directas aos alumnos, intervención destes completando parte da explicación ou lembrando contidos xa estudados, etc.

As actividades que se deben realizar ao final das explicacións teóricas de cada epígrafe, van especialmente destinadas a guiar á profesora na avaliación do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución final obtido polo alumnado respecto dos obxectivos didácticos expostos en cada unidade, pódese avaliar a través das probas de avaliación que se estime necesario aplicar e a través das actividades correspondentes.

A avaliación realizarase considerando os seguintes **instrumentos**:

- **Observación:** do traballo individual do alumno, a súa actitude fronte ao traballo en equipo, a posta en común da información solicitada, as súas explicacións e participación en clase ou nas actividades realizadas fóra do centro, os hábitos de traballo, a súa iniciativa, autoconfianza e interese. Algunhas destas observacións pódense realizar mediante as actividades presentes no texto.
- **Revisión dos traballos** dos alumnos, realizados nos seus cadernos.
- **As probas de avaliación:** nas que se valorarán os coñecementos, grao de comprensión, capacidade de aplicación dos coñecementos a novas situacións e a habilidade para analizar e sintetizar informacións e datos. Estas probas poden ser de diferentes tipos:
 - **Avaliación inicial**, mediante preguntas, que permita saber de que grao de coñecementos parten os alumnos, antes da explicación de cada unidade e ao principio de curso.
 - **Exercicios** onde o alumnado aplique os coñecementos adquiridos en clase. Estes poden ser as actividades ou tarefas presentes no libro e ser corrixis en clase.
 - **Presentación de traballos** e comentarios de texto.
 - **Controis periódicos.**

8.1 Actividades de recuperación ou reforzo

Por reforzo educativo enténdese toda medida ordinaria de atención á diversidade que afecta á secuencia dos contidos, a forma e instrumentos de avaliación, á organización da aula, etc. É unha acción educativa específica, adicional ou complementaria, no marco de traballo na aula para atender dificultades de aprendizaxe, que non precisan doutras adaptacións curriculares máis profundas.

O profesorado deste departamento, no ámbito concreto da súa materia tomará e poñerá en marcha as medidas de reforzo educativo ou recuperación que vexa necesarias.

O alumnado que teña **pendente de recuperación a materia do ano anterior** recibirá un calendario de entrega de actividades e de probas obxectivas que lle permitan recuperala ao longo do curso.

Para o alumnado que **perda o dereito á avaliación continua** seguirase o procedemento de actuación establecido no Regulamento de Réxime Interior, común para todo o centro

9. Criterios para a cualificación

Os criterios que usaremos para a cualificación correspóndense cos establecidos pola LOMCE. Estes han ser coñecidos polo alumnado, para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado debe saber que se espera del e como se lle vai avaliar; só así poderá facer o esforzo necesario na dirección adecuada para alcanzar os obxectivos propostos. Deberase informar sobre os criterios de avaliación e cualificación ás familias, así como das condicións para poder presentarse á avaliación final da ESO.

Cálculo da cualificación:

- A cualificación do trimestre terá en conta **todos os instrumentos de avaliación:**

Exames escritos	70 %
Caderno	10%
Traballos e presentación destes	10%
Actitude e interese pola materia	10%

- **Faltas de ortografía:** cada falta de ortografía penalizarase con -0,125 puntos: Se o número de faltas descende significativamente ao longo do trimestre, non se terá en conta na cualificación.
- **Presentación de cadernos, traballos e exames:** Deberán axustarse ao que se pida en cada caso: índice, paxinación, portada...
 - É obrigatorio escribir a data e o enunciado dos exercicios (o ao menos, facer referencia ao que pide cada un deles).
 - Todo exercicio debe empezar a contestarse facendo referencia ao que se pregunta.
 - Terase en conta: marxes, sangrías, signos de puntuación, caligrafía e limpeza.
 - En cada avaliación haberá cando menos e un máximo de catro tarefas, actividades ou traballos de investigación e/ou de profundización da materia analizada na aula de carácter obrigatorio.
 - Potenciarase o uso das TIC, de maneira que o alumnado será libre de entregar os traballos solicitados impresos, gravados en memoria externa ou a través do correo electrónico ou en espazos virtuais de colaboración ou almacenamento.
- **Observación directa da actitude** mediante rúbrica ao efecto: colaboración, traballo en equipo, atención, puntualidade, etc.

Será necesario acadar unha avaliación positiva (nota mínima para aprobar a asignatura será de cinco puntos), tanto nos contidos conceptuais como nos procedimentais e actitudinais, para proceder á acumulación das porcentaxes anteriormente citadas; e, en todo caso, respecto das probas obxectivas escritas (exames escritos), o alumno deberá obter unha nota superior ó catro en cada unha delas para poder optar a facer media entre ambas, e, polo tanto, que dita proba compute para a nota na ponderación de avaliación proposta.

Non se realizarán probas de recuperación por trimestres. Si se realizará un exame de recuperación final, para os alumnos que non superasen algunha avaliación durante o curso.

A **nota da avaliación** obterase tendo en conta aspectos de carácter intanxible como a participación na aula, comportamento, asistencia, interese, traballo, etc.

A **nota final do curso** terá en conta, en todo caso, a nota acadada en cada unha das tres avaliacións.

O alumno que non puidera presentarse as probas nas datas fixadas, irá as probas de recuperación a final de curso.

O alumnado será cualificado polo dominio que demostre sobre os contidos, procedementos e actitudes amosadas durante o curso. As cualificacións serán a nota media de tódalas notas obtidas nas distintas probas.

Quen non supere as probas de recuperación final de curso, deberá acudir ao **exame extraordinario de setembro**, o cal consistirá nun exame escrito sobre os contidos mínimos.

10. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

Os instrumentos empregados deben valer para comprobar o grao de aprendizaxe, identificar o non aprendido e determinar o por que para intentar corrixir as desviacións de cara a novos cursos. Ao longo do curso iránselle proponendo unha serie de probas, que dado o nivel e os contidos que se manexan van recaer fundamentalmente en traballos e exames. Todo este proceso debe proporcionar información non só dos pasos dados polo alumnado, senón polo propio proceso de ensinanza en si mesmo e debe responder ás seguintes preguntas:

- Propuxéronse as actividades necesarias para desenvolver as capacidades que establecemos?
- O material proporcionado foi axeitado?
- Os programas de "recuperación", foron unha mera repetición do xa realizado, ou ben estiveron adaptados a cada alumno ou alumna segundo o tipo de carencia que tiña?
- O tempo dedicado ao desenvolvemento da unidade foi o necesario?

Segundo as respostas obtidas ás preguntas anteriores, haberá que realizar as modificacións pertinentes nas programacións didácticas, de cara a melloralas para os vindeiros anos.

11. Comportamentos Sancionables

Teléfonos Móviles

Os teléfonos móbiles estarán desconectados durante as aulas. Queda totalmente prohibido o seu uso na aula, aínda que sexa coma calculadora, reloxo....

As persoas que o empreguen serán expulsadas automaticamente e non poderán volver á aula ata que os seus pais ou titores se poñan en contacto coa dirección do centro.

O alumno/a que use o móbil nun exame, ademais de aplicárselle a norma anterior, terá un cero nesa proba.

Dedicarse a outras materias

O alumnado que durante as aulas de Economía da Empresa se dedique a realizar tarefas para outras materias; será sancionado con 0,5 puntos na nota da avaliación.

Falar na aula mentres se explica

Falar cos compañeiros mentres a profesora explica ou algún compañeiro le; considérase unha falta de respecto sancionable. Esta actitude será tida en conta na nota da avaliación.

12. Rúbricas

12.1 Rúbrica para un traballo escrito

	Contido do traballo	Expresión escrita	introdución
Moi mal Insuficiente (0)	Descoñece o tema . Non achega autores, datas, bibliografía...	A linguaxe non é clara nin precisa. Estructura das frases inaxeitada e vocabulario pobre.	Non hai introdución, é confusa ou non achega nada sobre o tema.
Mal Insuficiente (0,25)	Apenas expón o tema, non achega bibliografía nin referencias a autores, datas...	Linguaxe pouco clara e imprecisa. Vocabulario pobre e as frases, en xeral, non están ben estruturadas.	A introdución é confusa. Non inclúe unha exposición xeral do tema. O obxectivo do tema non está claro.
Regular Suficiente (0,5)	Demostra un coñecemento básico do tema. Recompila e organiza os datos correctamente. Ten dificultade corroborando os datos.	A linguaxe non é moi clara. En ocasións a linguaxe non é clara. O vocabulario pouco variado. Case non emprega terminoloxía técnica.	A introdución inclúe o propósito do traballo. Non se presenta exposición xeral do tema ou as subdivisións principais. O propósito do tema e os obxectivos requiren clarificación ou non se presentan de xeito obxectivo.
Boa (0,8)	Demostra un bo coñecemento do tema pero sen afondar. Achega poucas explicacións e información complementaria. Recompila e organiza os datos correctamente.	Usa linguaxe case sempre clara e precisa. A estrutura das frases é case sempre axeitada. O vocabulario é pouco variado e usa ás veces tecnicismos.	A introdución inclúe o propósito do traballo, exposición xeral do tema e subdivisións principais. Os obxectivos están algo confusos.
Excelente (1)	Demostra un coñecemento do tema profundo e detallado. Achega contidos adicionais. Recompila e organiza os datos correctamente.	Emprega linguaxe clara e precisa. A estrutura das frases é correcta; emprega vocabulario rico e variado e usa tecnicismos económicos.	A introdución inclúe o propósito, exposición xeral do tema, obxectivos claros e subdivisións principais.

Esta rúbrica será empregada para os traballos escritos, tanto sexan individuais coma de grupo.

12.2 Rúbrica para unha presentación oral

	Contido da exposición	Expresión oral
Moi mal Insuficiente (0)	Descoñece o tema por completo. Non achega información complementaria. Non responde ás preguntas.	A linguaxe e a pronunciación non son claras nin precisas. Ton inadecuado. A estrutura das frases non é axeitada ca. Non emprega terminoloxía técnica.

Mal Insuficiente (0,25)	Apenas coñece o tema. Achega información complementaria mínima. Non responde ás preguntas	A linguaxe e a pronunciación non son claras nin precisas. Ton inadecuado. A estrutura das frases non é a axeitada en moitas ocasións. Non emprega terminoloxía técnica
Regular Suficiente (0,5)	Demostra un coñecemento moi básico do tema. A información complementaria que engade é moi escasa. Non responde correctamente á maioría das preguntas.	A linguaxe e a pronunciación non son demasiado claras nin precisas. A estrutura das frases ás veces é a axeitada. Vocabulario pouco variado e con poucos tecnicismo económicos.
Boa (0,8)	Demostra un bo coñecemento do tema pero non afonda nel. Achega poucas explicacións e información complementaria. Responde a algunhas preguntas de xeito incorrecto.	Usa unha linguaxe case sempre clara e precisa. Ton aceptado. A estrutura das frases é bastante axeitada. O vocabulario é variado aínda que emprega poucos tecnicismos.
Excelente (1)	Demostra un coñecemento a fondo e detallado do tema. É quen de achegar explicacións e información complementaria. Responde ás preguntas de xeito preciso.	Emprega linguaxe clara e precisa, ton aceptado e boa pronunciación. A estrutura das frases é case sempre a adecuada. Vocabulario rico e con motos tecnicismos.

12.3 Rúbrica para avaliar a actitude

	Interese na aula	puntualidade	Respecto	Traballo na materia
Moi mal Insuficiente (0)	Molesta na aula ou non atende. Non trae material. Non comparte ideas nin coñecemento co grupo.	Falta moitas veces, xeralmente chega tarde e non é puntual á hora de entregar os traballos.	Non agarda a súa quenda para intervir. É intolerante coas opinións que difiren da súa, chegando a mostrarse agresivo/a.	Non se rexistra ningún tipo de actividade.
Mal Insuficiente (0,25)	Mostra pouco interese. Rara vez trae material.	Frecuentemente chega tarde, non é moi puntual á hora de entregar traballos.	Cóstalle gardar quenda para intervir. Ás veces é intolerante coas opinións dos demais.	Xeralmente non segue o ritmo da aula. Se hai actividades para a casa, case nunca as trae resoltas.
Regular Suficiente (0,5)	Ás veces participa. Moi poucas veces comparte ideas e non mostra o suficiente interese.	Algunha vez falta ou ten retrasos. Algunha vez entrega puntualmente os traballos.	Ás veces non respecta a quenda de intervención.	Non proporciona ideas e solucións. Poucas veces realiza as tarefas da casa.
Boa (0,8)	Case sempre está atento/a, demostra interese e varias veces comparte ideas e coñecementos.	Case nunca falta nin soe ter retrasos. Xeralmente entrega os traballos na data acordada.	Case sempre escoita con respecto aos seus compañeiros/as e móstrase tolerante con opinións diferentes.	Participa activamente na maioría das actividades. Ás veces proporciona ideas e solucións. Trae tarefas da casa.
Excelente (1)	Sempre está atento/a, trae material. Mostra moito interese e coñecementos co grupo.	Nunca falta ou ten retrasos. Sempre entrega os traballos na data prevista.	Sempre agarda a súa quenda par intervir. Escoita con respecto e mostra tolerancia coas opinións diferentes á súa.	Participa activamente en tódalas actividades. Sempre proporciona ideas e solucións.

13. Medidas previstas para o caso de ter que pasarse a ensino non presencial

O modelo non presencial resulta complexo nesta materia dado que se complica o poder facer un seguimento continuo das tarefas do alumnado. É por isto que, no caso de ter que pasar a este modelo, sería fundamental a súa participación durante as clases on-line amosando as súas dúbidas e os seus rostros para poder achegarnos o máximo posible ao modelo presencial. Só deste xeito avanzarán cara a consecución dos obxectivos mínimos e imprescindibles para a superación da materia.

En caso de ter que pasar ao ensino non presencial neste nivel procederase como segue:

- A entrega das unidades didácticas e outro material, farase a través da aula virtual ou do correo electrónico do alumnado.
- A docencia expositiva e a resolución de dúbidas farase a través de clases on-line en WEBEX ou Skype (o que mellor funcione).
- Para outras comunicacións co alumnado e familias empregarase o correo electrónico.

PROGRAMACIÓN ECONOMÍA

4º CURSO E.S.O

IES Plurilingüe XOSÉ NEIRA VILAS

Curso 2020-2021

Rosa Brandón Rodríguez

Índice

1.	Introdución e Xustificación	3
2.	Obxectivos xerais da E.S.O.....	4
3.	Obxectivos da área de Economía 4º.....	5
4.	As competencias clave	6
4.1	Contribución da materia á adquisición das competencias clave.....	6
4.2	Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe asociados a cada competencia.	8
5.	Aspectos didácticos e metodolóxicos	11
	Estrutura das unidades.....	11
5.1	Metodoloxía xeral	12
5.2	Metodoloxía específica	12
6.	Actividades e estratexias de ensino e aprendizaxe	13
7.	Organización Temporal de Contidos.....	14
	Cadro orientativo da temporalización para cada unidade didáctica, por trimestres:	15
	1º Trimestre	15
	2º Trimestre	15
	3º Trimestre	15
8.	Elementos transversais	15
8.1	Educación en valores	16
9.	Atención á diversidade	17
10.	Materiais e Recursos Didácticos	17
11.	Actividades extraescolares e complementarias.....	18
	Proposta de actividades complementarias:.....	18
12.	Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación.....	19
13.	Comportamentos Sancionables.....	19
14.	Procedementos para a avaliación.....	20
14.1	Actividades de recuperación ou reforzo	21
15.	Criterios para a cualificación	21
	Primeira avaliación	21
	Segunda avaliación	22
	Terceira avaliación.....	23
	Cálculo da cualificación:	24
16.	Rúbricas	25
16.1	Rúbrica para un traballo escrito	25
16.2	Rúbrica para unha presentación oral	26
16.3	Rúbrica para avaliar a actitude	27
17.	Medidas previstas para o caso de ter que pasarse a ensino non presencial	27

1. Introducción e Xustificación

A programación didáctica de Economía de 4º ESO pretende a concreción dos elementos do currículo actual, coa finalidade de lograr os obxectivos así como o desenvolvemento das competencias clave expresados na norma, contribuíndo, do modo que esta determina, ao logro das finalidades da ESO nos ámbitos de aplicación da nova Lei Orgánica.

Esta programación articúlase ao redor dos criterios preceptivos expresados na normativa vixente:

L.O.M.C.E. (Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora de Calidade Educativa)

Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato. (B.O.E. 3 de xaneiro de 2015) e decretos de currículo autonómicos.

Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, (B.O.E. 29 de xaneiro) pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato

Atendendo á nova definición contemplada na Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, o currículo estará integrado por:

- Os obxectivos de cada ensino e etapa educativa.
- As competencias, ou capacidades para activar e aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensino e etapa educativa, para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.
- Os contidos, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa e á adquisición de competencias.
- A metodoloxía didáctica, que comprende tanto a descrición das prácticas como a organización do traballo dos docentes.
- Os estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis; e os criterios de avaliación do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa.

Esta programación didáctica recolle, para 4º de ESO, no que se refire á materia de Economía, o expresado en Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (B.Ou.E. 3 de xaneiro de 2015).

A Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, axústase e responde as orientacións da Unión Europea, que insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía como condición indispensable para lograr que os individuos alcancen un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional que se axuste ás demandas dun mundo globalizado e faga posible o desenvolvemento económico, vinculado ao coñecemento, e será leste o criterio no que fundamentaremos a orientación metodolóxica do noso proxecto, o desenvolvemento das competencias clave citadas.

A efectos desta orde, as competencias clave do currículo son as seguintes:

- a) Comunicación lingüística.
- b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- c) Competencia dixital.

- d) Aprender a aprender.
- e) Competencias sociais e cívicas.
- f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- g) Conciencia e expresións culturais.
- h) (Competencia financeira)

Por outra banda, a orde referida, expresa, en canto á avaliación das competencias clave, que:

- Han de establecerse as relacións dos estándares de aprendizaxe avaliáveis coas competencias ás que contribúen, para lograr a avaliación dos niveis de desempeño competenciais alcanzados polo alumnado.
- A avaliación do grao de adquisición das competencias debe estar integrada coa avaliación dos contidos, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, destrezas, actitudes e valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade ás aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.

Ademais indica que as avaliacións externas de fin de etapa previstas na Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora de Calidade Educativa (LOMCE), terán en conta, tanto no seu deseño como na súa avaliación os estándares de aprendizaxe avaliáveis do currículo, que, deste xeito, darán forma e acoutarán os contidos a impartir en cada materia e curso dos ensinos amparados por esta Lei.

2. **Obxectivos xerais da E.S.O.**

O currículo establece os seguintes obxectivos, que han de alcanzarse ao longo da etapa:

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, se a houber, na lingua cooficial da Comunidade Autónoma, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar de xeito crítico hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

3. Obxectivos da área de Economía 4º

En relación cos contidos propostos para a ESO, establecemos para a área de Economía no curso de 4º de ESO os seguintes obxectivos:

- ObX.EC.1. Integrar o concepto de economía como ciencia da elección. Identificar os principais axentes económicos, a súa actuación e as relacións entre eles. Valorar criticamente o impacto das accións dos axentes económicos sobre a contorna.
- Ob.EC.2. Adquirir e empregar vocabulario económico con precisión e rigor, de modo que permita coñecer, valorar e interpretar a realidade económica e social que nos rodea.
- Ob.EC.3. Describir a importancia da empresa e o emprendemento no proceso de creación de riqueza dunha sociedade.
- Ob.EC.4. Identificar as consecuencias das actividades empresariais para a propia empresa, os seus traballadores e a sociedade no seu conxunto.
- Ob.EC.5. Coñecer, controlar e xestionar as variables de ingresos e gastos dun orzamento persoal e saber decidir con racionalidade entre distintas alternativas económicas da vida persoal e relacionalas co benestar propio e social.
- Ob.EC.6. Analizar o papel do diñeiro no funcionamento da sociedade. Valorar o aforro como medio para alcanzar logros persoais.
- Ob.EC.7. Explicar o papel do sector público, como garante do marco de actuación e como axente económico. Valorar criticamente os efectos da súa actuación ou ausencia de actuación respecto da igualdade e o benestar dunha sociedade.
- Ob.EC.8. Diagnosticar os efectos da inflación como elemento distorsionador das decisións que toman os axentes económicos nunha sociedade.
- Ob.EC.9. Analizar as características principais do mercado de traballo, as políticas de emprego e valorar as oportunidades que presenta.
- Ob.EC.10. Coñecer e valorar as vantaxes que supuxo o comercio internacional, así como os custos que implicou no desenvolvemento dalgúns países. Valorar o potencial

da integración económica e as perspectivas da economía aragonesa no marco da internacionalización económica.

- Ob.EC.11. Buscar, seleccionar, comprender e valorar noticias económicas procedentes de distintas fontes.
- Ob.EC.12. Realizar tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as opinións e valorando o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas económicos.

Para alcanzar os obxectivos desta materia, exporase un proceso de ensino e aprendizaxe eminentemente práctica, de tal forma que se forme ao alumno coas capacidades e coñecementos necesarios para que poida entender a realidade económica que nos rodea e ser crítico con ela.

Teranse en conta, para iso, as seguintes recomendacións: relacionar o proceso de ensino-aprendizaxe coa vida real, facilitar a construción de aprendizaxes significativas, relacionando o que o alumno xa sabe cos novos contidos, favorecer a capacidade de aprender a aprender e crear un clima de aceptación e cooperación fomentando o traballo en grupo.

A metodoloxía utilizada combinará estratexias de exposición e de indagación ou descubrimento, que dependerá do tipo de contido. Así a aprendizaxe dos contidos farase a través de didácticas concretas poden ser moi variadas, como a realización de traballos de investigación tanto persoal como grupal e a súa posterior exposición, o estudo de casos reais, realización de debates sobre temas económicos de actualidade ou visitas a empresas e organismos económicos.

Neste sentido, os estudos de casos e a incorporación do TIC formarán parte esencial da metodoloxía da materia así como o seguimento dos principais medios de comunicación ao alcance do alumnado.

4. As competencias clave

Entendemos por competencias clave aquelas capacidades que debe desenvolver o alumno ao finalizar o ciclo para aplicar de modo integrado os contidos da materia e asimilalos á súa propia realización persoal. Estas competencias contribuirán ao exercicio dunha cidadanía activa, a incorporarse á vida adulta de maneira satisfactoria e, en definitiva, desenvolver no alumno unha aprendizaxe permanente durante toda a súa vida.

A materia de Economía na Educación Secundaria Obrigatoria contribúe a que o alumnado adquira as capacidades que se buscan con cada competencia clave, pero tería especialmente a finalidade de desenvolver as competencias matemática, social e cívica, iniciativa e espírito emprendedor, ademais da competencia financeira que se engade de xeito extracurricular.

4.1 Contribución da materia á adquisición das competencias clave

Aínda que cada materia contribúe de maneira distinta á adquisición destas competencias básicas, o currículo de Economía contribúe especialmente ao seu desenvolvemento desta maneira:

- **Competencia en comunicación lingüística.** A lectura, ademais de ser fonte de pracer, facilita a interpretación e comprensión permitindo facer uso da lingua falada e escrita. A finalidade da materia de Economía radica primordialmente en alcanzar un dominio

na competencia comunicativa dos alumnos, para que ao remate desta etapa educativa adquiriran a capacidade de entender noticias básicas relacionadas coa economía na prensa, así como recibir, entender e emitir mensaxes de contido económico correctamente.

- **Competencia matemática.** A adquisición desta competencia por parte do alumnado suporá que teña a capacidade de pór en práctica procesos de razoamento que o leven á solución de problemas da vida cotiá. A competencia levará tamén a que poida razoar os problemas para extraer información, sendo quen de identificar a validez dos razoamentos e dos resultados obtidos.
- **Competencia no tratamento da información e competencia dixital.** A nosa materia contribúe a potenciar esta competencia polo feito de ter como obxectivo proporcionar coñecementos e destrezas para a procura e selección de información fundamentalmente en prensa escrita. A procura desta información require o uso axeitado de bibliotecas ou o dominio das novas tecnoloxías da información para obter o máximo aproveitamento na fase de documentación á hora de realizar traballos de investigación. A realización guiada destas procuras constituirá un medio para o desenvolvemento da competencia dixital; a iso tamén contribúe, o uso que esta materia fai dos novos medios de comunicación dixitais que implican un uso social e participativo que os alumnos deben coñecer, valorar e empregar de xeito crítico e responsable.

A LOMCE específica a este respecto que, «en canto á competencia dixital, os contidos, criterios e estándares de avaliación da materia incorporan o coñecemento e uso das principais aplicacións informáticas: os sistemas de tratamento de textos, bases de datos, almacenamento e xestión de información, correo electrónico, etc. Tamén se procura desenvolver no alumnado a capacidade de buscar, obter e tratar a información, así como de utilizala de maneira crítica e sistemática, avaliando a súa pertinencia e diferenciando entre información real e virtual. Outra capacidade potenciada é a de utilizar ferramentas informáticas para producir, presentar e comprender información de complexidade progresiva e ter a habilidade necesaria para acceder a servizos baseados en Internet, buscalos e utilízalos; pero, ao mesmo tempo, tamén a capacidade de saber como empregar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación en apoio do pensamento crítico, a creatividade e a innovación. Nesta materia, a utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación require unha actitude crítica e reflexiva en relación coa información dispoñible».

- **Competencia para aprender a aprender.** A adquisición desta competencia debe permitir ao alumno poder iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe. Pretendemos que o alumno teña a capacidade para motivarse por aprender, que á súa vez depende de que se xere a curiosidade e a necesidade desa aprendizaxe.

A profesora entregará ao alumnado as diferentes unidades didácticas, previamente elaboradas por ela. A elaboración das Unidades Didácticas levouna a cabo intentando presentar unha serie de contidos de carácter práctico co obxectivo de achegar ao alumno á realidade que o rodea con capacidade crítica e reflexiva.

- **Competencia social e cívica.** A competencia social e cívica ten como obxectivo que o alumno logre un desenvolvemento persoal e profesional que lle permita unha eficaz incorporación á sociedade e a unha contorna laboral real. Neste sentido, a Economía é unha ferramenta poderosa para a interpretación do mundo e poder abordar os fenómenos e problemas sociais en distintos contextos. Para poder participar plenamente na sociedade democrática, é fundamental adquirir os coñecementos que permitan comprender e analizar de maneira crítica as opinións e comportamentos dos demais, respectando a diversidade. Por outra banda, a sociedade reclama cada vez máis a presenza de persoas emprendedoras con ideas propias e iniciativa, que, de

forma responsable estean dispostas a participar e implicarse en procesos de mellora esa sociedade.

Tendo en conta todo o anterior, o proxecto elaborado pola profesora, busca formar un espírito crítico e reflexivo no alumnado sobre os problemas económicos da nosa sociedade (paro, inflación, etc.) e o modo de resolvelos. Ademais, os contidos dalgunhas unidades expoñen algúns dilemas éticos relacionados coa globalización e o medio ambiente que farán reflexionar ao alumno. Exponse tamén actividades finais de contido competencial (exercicios de debate, textos xornalísticos e propostas de audiovisuais)

- **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.** É a competencia máis directamente relacionada coa materia. A consecución da competencia nos alumnos permitirá conseguir futuros cidadáns emprendedores que participen e melloren a sociedade de modo activo.

Os contidos presentados no proxecto buscan no alumno fomentar a súa capacidade de pensamento creativo, aspecto este fundamental para o nacemento dos emprendedores., así como o coñecemento do funcionamento das sociedades empresariais desde o punto de vista ético e de responsabilidade social.

Buscando a consecución desta competencia, púxose especial coidado na elaboración das actividades, tentando sempre cubrir as diferentes formas de abordar a aprendizaxe por parte dos alumnos.

- **Conciencia e expresións culturais.** Aínda que non é unha competencia directamente relacionada coa materia, o ensino da materia tamén debe contribuír a conseguila desde o punto de vista da valoración das diferentes manifestacións culturais e artísticas que teñen a súa repercusión tamén na economía.

Dentro dos contidos propostos abórdase o tema da globalización que tamén ten un compoñente cultural que esixe por parte do alumno unha actitude crítica e reflexiva.

- **Competencia financeira.** (Extracurricular) Aínda que a LOMCE non cita a competencia financeira, dentro das capacidades que o alumno debe conseguir ao longo da etapa, a profesora considera imprescindible abordala.

As razóns para incluír a educación financeira son variadas, e van desde as cada vez máis frecuentes crises económicas, aos axustes nos sistemas de axudas públicas ou os cambios demográficos que supoñen o progresivo envellecemento da poboación nos países desenvolvidos. Neste contexto faise necesario que os cidadáns aborden a toma de decisións de tipo financeiro coa maior información e coñecemento posible.

A profesora aborda este tipo de ensinos buscando no alumnado a adquisición de capacidades que lle permitan a toma de decisións intelixentes en materia financeira, mantendo unha actitude crítica e analítica ante todas as ofertas que se lles presenten.

Os contidos expostos abordan a planificación de gastos, a elaboración de orzamentos, ou o fomento do aforro como medio para a consecución da seguridade financeira no longo prazo. O alumno debe ser tamén capaz de xestionar de forma efectiva os seus gastos ou as débedas a curto prazo, logrando así os seus obxectivos persoais.

4.2 Contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe asociados a cada competencia.

	Economía. 4º de ESO			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave

Economía. 4º de ESO				
Obxectivo	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Ideas económicas básicas				
ad f	B1.1. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. B1.2. Principios na toma de decisións económicas. B1.3. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.	B1.1. Explicar a economía como ciencia social e valorar o impacto permanente das decisións económicas na vida das persoas.	ECB1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de calquera economía, e comprende que todas as eleccións supoñen renunciar a outras alternativas e que todas as decisións teñen consecuencias.	CCL CSC
			ECB1.1.2. Distingue formas de analizar e resolver problemas económicos, e identifica as súas vantaxes, os seus inconvenientes e as súas limitacións.	CAA CD
f h o	B1.4. O método na economía: modelos económicos. B1.5. Fronteira de posibilidades de produción.	B1.2. Identificar a terminoloxía económica básica e o uso dos modelos económicos, e familiarizarse con eles.	ECB1.2.1. Comprende e utiliza correctamente termos da área da economía.	CL
			ECB1.2.2. Diferenza entre economía positiva e economía normativa.	CAA CSC
			ECB1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a fronteira de posibilidades de produción.	CD CMCCT
a f	B1.6. As relacións económicas básicas e a súa representación.	B1.3. Tomar conciencia dos principios da economía para aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e as necesidades.	ECB1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.	CMCCT CSC
			ECB1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas do seu contorno.	CMCCT CSC
Bloque 2. Economía e empresa				
d g	B2.1. A empresa e o/a empresario/a. B2.2. Elementos, funcións e obxectivos da empresa. B2.3. Clases de empresas. B2.4. Formas xurídicas da empresa.	B2.1. Describir os tipos de empresas e as formas xurídicas das empresas, e relacionar con cada unha coas súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos/das propietarios/as e xestores/as, así como as interrelacións das empresas no seu contorno inmediato.	ECB2.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e relacións coas esixencias de capital para a súa constitución e coas responsabilidades legais para cada tipo.	CMCCT CSIEE
			ECB2.1.2. Identifica e valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso, en función das características concretas, aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	CAA CD
			ECB2.1.3. Distingue os tipos de empresas e de empresarios/as que actúan no seu ámbito, así como a forma de interactuar co seu contorno máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.	CSIEE CSC
a f e	B2.5. Proceso produtivo e factores produtivos. B2.6. Sectores da actividade económica.	B2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo	ECB2.2.1. Analiza os tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	CMCCT CSC
			ECB2.2.2. Identifica os sectores económicos, así como os seus retos e as súas oportunidades.	CD CSC
e f	B2.7. Fontes de financiamento das empresas. Novas formas de financiamento	B2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas.	ECB2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento das empresas e diferencia o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	CCL CD CMCCT
e f	B2.8. Ingresos e custos da empresa: clasificación. B2.9. Resultados da empresa.	B2.4. Determinar, para un caso sinxelo, a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.	ECB2.4.2. Distingue os ingresos e os custos dunha empresa, calcula o seu beneficio ou a súa perda, aplicando razoamentos matemáticos, e interpreta os resultados.	CD CMCCT
a e f	B2.10. Obrigas fiscais das empresas.	B2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigas fiscais.	ECB2.5.1. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa forma xurídica e as actividades, e sinala o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.	CD CMCCT
			ECB2.5.2. Valora a achega que para a riqueza nacional supón a carga impositiva que soportan as empresas.	CD CMCCT
Bloque 3. Economía persoal				

Economía. 4º de ESO				
Obxectivo	Contidos	Cráterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
de f	B3.1. Orzamento persoal. Control de ingresos e gastos. B3.2. Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades.	B3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os tipos de ingresos e gastos, e controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.	ECB3.1.1. Elabora un orzamento ou plan financeiro persoal, identificando os ingresos e os gastos integrantes, e realiza o seu seguimento.	CAA CD CMCCT
			ECB3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.	CD CMCCT CSIEE
			ECB3.1.3 Manexa gráficos de análise que permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.	CSC CMCCT
adm	B3.3. Planificación económico-financieira: necesidades económicas nas etapas da vida.	B3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal, e relacionalas co benestar propio e social	ECB3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e do manexo de asuntos financeiros ao longo da vida. Esa planificación vincúlase á previsión realizada en cada etapa, de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.	CAA CSIEE
af	B3.4. Aforro e endebedamento. Os plans de pensións. B3.5. Risco e diversificación.	B3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro, e empregar o aforro como medio para alcanzar diversos obxectivos.	ECB3.3.1. Recoñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.	CAA CSC
			ECB3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento, valorando o risco e seleccionando a decisión máis axeitada para cada momento.	CAA CSC
abefg	B3.6. Os cartos. B3.7. Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito. B3.8. Relacións no mercado financeiro: información e negociación. B3.9. Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro.	B3.4. Recoñecer o funcionamento básico dos cartos e diferenciar os tipos de contas bancarias e de tarxetas emitidas como medios de pagamento, e valorar a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	ECB3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento das contas na operativa bancaria.	CCL CMCCT
			ECB3.4.2. Valora e comproba a necesidade de interpretar as cláusulas dos contratos bancarios para coñecer os dereitos e as obrigas que se derivan delas, así como a importancia de operar en condicións de seguridade cando se empregan procedementos telemáticos.	CCL CAA CD
			ECB3.4.3. Recoñece a capacidade de negociación coas entidades financeiras e analiza os procedementos de reclamación ante estas.	CAA CD
			ECB3.4.4. Identifica e explica as modalidades de tarxetas bancarias, así como os elementos e os procedementos que garanten a seguridade na súa operativa.	CCL CD CMCCT
efg	B3.10. O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros.	B3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.	ECB3.5.1. Identifica, describe e clasifica os tipos de seguros segundo os riscos ou as situacións adversas nas etapas da vida.	CAA CCL CMCCT
Bloque 4. Economía e ingresos e gastos do Estado				
abefgñ	B4.1. Orzamentos públicos: ingresos e gastos do Estado.	B4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado, e interpretar gráficos onde se amose esa distribución.	ECB4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado, así como as principais áreas dos gastos do Estado, e comenta as súas relacións.	CMCCT CSC
			ECB4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e os gastos do Estado.	CD CMCCT
			ECB4.1.3. Distingue nos ciclos económicos o comportamento dos ingresos e dos gastos públicos, así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.	CMCCT CSC
			ECB4.1.4. Describe o contido dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	CCL CSC
afe	B4.2. A débeda pública e o déficit público.	B4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.	ECB4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	CCL CMCCT
cd e	B4.3. Desigualdades económicas e distribución da renda.	B4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de	ECB4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución desta	CCL CMCCT CSC

Economía. 4º de ESO				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
f		redistribución da renda.	ECB4.3.2. Interpreta gráficos representativos da distribución da renda	CAA CD CMCCT
Bloque 5. Economía e tipos de xuro, inflación e desemprego				
a c e f	B5.1. Tipos de xuro. B5.2. Inflación. B5.3. Consecuencias dos cambios nos tipos de xuro e inflación. B5.4. Desemprego: clasificación e consecuencias.	B5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de xuro, inflación e desemprego, analizar as relacións entre elas e interpretar datos e gráficos vinculados con esas magnitudes.	ECB5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	CCL CSC
			ECB5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da economía.	CCL CMCCT CSC
			ECB5.1.3. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de xuro, inflación e desemprego.	CD CMCCT
a c e f	B5.5. Causas do desemprego e políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia. B5.6. Perspectivas da ocupación.	B5.2. Valorar opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte ao desemprego.	ECB5.2.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	CCL CMCCT CSC
			ECB5.2.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.	CD CSC
			ECB5.2.3. Investiga e recoñece vieiros e tendencias de emprego.	CAA CD
Bloque 6. Economía internacional				
a e f m	B6.1. Globalización económica. B6.2. Comercio internacional. B6.3. Integración económica e monetaria europea. B6.4. Economía e ambiente: sustentabilidade.	B6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e no ambiente.	ECB6.1.1. Valora o grao de interconexión das economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.	CAA CSC
			ECB6.1.2. Explica as razóns que xustifican o intercambio económico entre países e que inflúen nel.	CAA CD CSC
			ECB6.1.3. Analiza e presenta acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.	CAA CD CSC
			ECB6.1.4. Recoñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.	CCL CD CSC
			ECB6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional, e analiza as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	CAA CSC

5. Aspectos didácticos e metodolóxicos

Os contidos non han de ser interpretados como unidades temáticas, nin, por tanto, necesariamente organizados tal e como aparecen no Real Decreto. A organización dos contidos do currículo en bloques non ten como finalidade establecer a orde e a organización das actividades de aprendizaxe na aula, senón os compoñentes da educación lingüística e literaria. Así mesmo, o feito de expor de modo diferenciado os contidos non debe ocultar a interconexión que hai entre o uso oral e o escrito e a interrelación que se dá en moitas actividades sociais entre usos orais e escritos.

Estrutura das unidades

Non se empregará libro de texto; as Unidades Didácticas serán elaboradas e proporcionadas ao alumnado pola profesora.

Cada unidade didáctica comeza cun índice e unha breve introdución na que se presentan os temas a tratar e o sumario dos contidos que se van traballar na aula.

Os contidos da unidade preséntanse, de xeito claro e conciso, organizados en apartados. Ao desenvolver os apartados en base a estándares de aprendizaxe concretos, garantimos que o desenvolvemento dos mesmos se axustará en extensión e alcance ao establecido no currículo da materia.

Ao final de cada unidade hai unha serie de actividades que se irán resolvendo gradualmente, na aula e coa axuda da profesora, segundo se vaia avanzando polos distintos apartados.

Estas actividades finais están deseñadas para traballar os estándares de aprendizaxe desenvolvidos no apartado correspondente da unidade. Nesta sección trátanse actividades de teoría (que permiten ao alumnado comprobar se adquiriu os coñecementos básicos da unidade) e de práctica (actividades que implican a aplicación dos coñecementos). O obxectivo destas é profundar no logro dos estándares de aprendizaxe e desenvolver a competencia de aprender a aprender a través de actividades específicas deseñadas a tal fin. Con estas será doado comprobar se o alumno asimilou correctamente os contidos de cada epígrafe e para axudarlle a reforzar e consolidar os contidos estudados.

5.1 Metodoloxía xeral

Este enfoque basease nos principios xerais seguintes:

- **Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado.** O inicio dunha nova aprendizaxe escolar debe comezar partindo dos conceptos, representacións e coñecementos construídos polo alumnado nas súas experiencias previas.
- **Asegurar a construción de aprendizaxes significativas e a aplicación dos coñecementos á vida.** É necesario que o alumnado teña unha actitude favorábel para conectar o novo que está aprendendo co que xa sabe.
- **Facilitar a realización de aprendizaxes significativas por si mesmas.** É necesario que o alumnado sexa quen de aprender a aprender. Hai que prestar especial atención á adquisición de estratexias de planificación da propia aprendizaxe e ao funcionamento da memoria comprensiva. A memoria non só é a lembranza do aprendido, senón tamén o punto de partida para realizar novas aprendizaxes.
- **Utilizar diferentes estratexias de meta cognición.** Unha maneira de asegurar que o alumnado aprenda a aprender, a pensar, é facilitarlle ferramentas que lle permitan reflexionar sobre o que lles funciona ben e o que non logran facer como se lles pide; deste xeito consolidan formas de actuar de éxito e descartan as demais.

5.2 Metodoloxía específica

No planeamento da materia de **Actividade emprendedora e financeira** destacan os seguintes aspectos dende o punto de vista didáctico:

- **O enfoque básico: o interese pola comprensión do mundo**

Un dos obxectivos clave nesta materia é que o alumnado comprenda como é o mundo no que vive, que causas provocaron que sexa así e que consecuencias se derivan.

- **A importancia dos coñecementos previos**

O repaso dos coñecementos previos planearase coma resumo do estudado en cursos ou temas anteriores.

▪ Preocupación polas estratexias de aprendizaxe

Nas actividades específicas da unidade axúdase ao alumnado a reflexionar sobre o propósito da aprendizaxe e a expoñer a forma de planificar, supervisar e avaliar o proceso de adquisición do coñecemento en contextos diversos: lectura de imaxes, interpretación de datos e táboas, comprensión de textos, etc. Propiciarase que o alumnado integre os coñecementos adquiridos mentres exercita as capacidades intelectuais de carácter xeral: definir, clasificar, comparar, sintetizar, explicar, analizar, valorar e argumentar.

▪ Os descubrimentos empresariais

Esta é unha disciplina aberta, que se modifica cada día, a partir da evolución económica e social do tecido empresarial. De aí a importancia de facilitar ao alumnado diversidade de fontes a través das que podan profundar no contido concreto sobre o que versa o tema:

- Novas de actualidade.
- Libros.
- Cine.
- Enlaces de internet.

▪ Exposición por parte da profesora e diálogo co alumnado

A profesora debe fomentar, paralelamente a súa exposición, a participación do alumnado, evitando en todo momento que a súa exposición se converta nun monólogo. A participación pode conseguirse mediante a formulación de preguntas ou a proposta de actividades. Este proceso de comunicación pode derivar na defensa de posturas contrapostas, o cal debe ser aproveitado pola profesora para desenvolver no alumnado a precisión no uso da linguaxe en forma oral ou escrita. Esta fase comunicativa do proceso de aprendizaxe debe desenvolver actitudes de flexibilidade na defensa dos puntos de vista propios e o respecto polos alleos.

▪ Referencia ao conxunto da etapa

O proxecto curricular da materia debe permitir ao alumnado conseguir os obxectivos xerais da etapa, alcanzar un nivel adecuado na adquisición das competencias clave e estar en boas condicións para continuar estudos superiores con garantías de éxito. A de contribuír á formación integral do alumnado, facilitando a autonomía persoal e a formación de criterios persoais, ademais da relación correcta coa sociedade e o acceso á cultura.

6. Actividades e estratexias de ensino e aprendizaxe

Estratexias concretas aplicábeis ao ensino desta materia.

As **actividades ou experiencias de aprendizaxe** son o conxunto de tarefas ou actuacións de toda índole que o alumnado debe realizar para alcanzar os obxectivos previstos e adquirir os contidos seleccionados. É importante dispoñer dun amplo e variado repertorio de actividades para atender ao ritmo de aprendizaxe de cada alumno e alumna. Sen embargo, non se pretende homoxeneizar os tempos de actividade e as tarefas a realizar. Un mesmo tempo educativo pode e debe permitir a realización de actuacións diversas nun mesmo grupo de alumnos e alumnas.

Búscase unha **metodoloxía activa e participativa**, na que se utilizará **diversa tipoloxía de actividades** (de introdución-motivación, de coñecementos previos, de desenvolvemento –de consolidación, funcionais ou de extrapolación, de investigación–, de reforzo, de recuperación, de ampliación/profundización, globais ou finais). O noso enfoque metodolóxico axustarase aos seguintes **parámetros**:

- Diseño de actividades de aprendizaxe integradas que permitan ao alumnado avanzar cara a resultados que consigan varias competencia ao mesmo tempo.

- Nas actividades de investigación e nas que se utiliza o coñecemento para resolver unha situación ou un problema proposto, clasificaranse as actividades polo seu grao de dificultade (sinxelo-medio-difícil), para poder dar mellor resposta á diversidade.
- A acción docente promoverá que o alumnado sexa capaz de aplicar as aprendizaxes nunha diversidade de contextos.
- Fomentarase a reflexión e investigación, así como a realización de tarefas que supoñan un reto intelectual para o alumnado.
- Poderanse deseñar tarefas e proxectos que supoñan o uso significativo da lectura, a escritura, as TIC e a expresión oral mediante debates e presentacións orais.
- A actividade de clase favorecerá o traballo individual, o traballo en equipo e o cooperativo.
- Procurarase organizar os contidos en torno a núcleos temáticos próximos e significativos.
- Procurarase seleccionar materiais e recursos didácticos diversos, variados, interactivos e accesíbeis, tanto no que se refire ao contido como a soporte.

Neste sentido podemos diferenciar varios **tipos de actividades** segundo a súa finalidade:

- *Actividades previas e de motivación.* Tratan de coñecer as ideas, os intereses, as necesidades, etc., do alumnado sobre os contidos que se van traballar. Tratan de suscitar a curiosidade intelectual e a participación nas tarefas educativas.
- *Actividades de desenvolvemento.* Son as previstas nas unidades de programación con carácter xeral para todo o alumnado.
- *Actividades de reforzo.* Para o alumnado con ritmos de aprendizaxe máis lentos (alumnado con necesidades educativas especiais) é imprescindible a programación de actividades de reforzo que faciliten o desenvolvemento das súas capacidades.
- *Actividades de ampliación.* Son as que posibilitan seguir avanzando nos procesos de aprendizaxe unha vez que se realizaron satisfactoriamente as tarefas propostas nunha unidade de programación. Deseñaranse para alumnado con ritmos de aprendizaxe “rápido”.
- *Actividades de avaliación.* Para reaxustar permanentemente os procesos educativos.

7. Organización Temporal de Contidos

Segundo a Recomendación 2006/962/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de decembro de 2006, tentarase potenciar a aprendizaxe por competencias, integradas en forma de actividades nas unidades didácticas que se desenvolven, propiciando a aprendizaxe significativa.

A temporalización das unidades didácticas será flexible en función de cada tema e actividades e das necesidades de cada alumno, que serán quen marquen en certo xeito o ritmo de aprendizaxe.

Dende o departamento de Economía propoñemos a distribución e secuenciación que se expón a continuación; no entanto, atendendo ás características do alumnado intentaremos axustar dita secuenciación, e mesmo alterar a orde dos contidos e seccións de cada unidade se o consideramos necesario ou conveniente. Insistimos en que distribuimos os contidos ao longo das unidades tendo en conta a dificultade que expón a súa aprendizaxe, tentando unha secuenciación gradual e lóxica.

Cadro orientativo da temporalización para cada unidade didáctica, por trimestres:

1º Trimestre

Bloques de contido	Unidade didáctica	Sesións
Bloque I Ideas económicas básicas.	1. Economía, a ciencia útil	6-8
	2. Producción e crecemento	6-8
Bloque II Economía e empresa	3. Mercados e empresa	8-10
	4. A empresa e o seu contexto	8-10
Repaso primeiro trimestre	2 sesións (cinema) + 1 sesión (cuestionario)	3

2º Trimestre

Bloques de contido	Unidade didáctica	Sesións
Bloque III Economía persoal	5. Planificación financeira	8-10
	6. Saúde financeira	8-10
	7. Os cartos e as súas formas	6-8
Bloque IV Economía e tipos de interese, inflación e desemprego	8. Producción e prezos	6-8
Repaso segundo trimestre	2 sesións (cinema) + 1 sesión (cuestionario)	3

3º Trimestre

Bloques de contido	Unidade didáctica	Sesións
Bloque V Economía e tipos de interese, inflación e desemprego	9. O mercado de traballo	8-10
Bloque IV Economía e ingresos e gastos do Estado	10. As contas do Estado	8-10
Bloque VI Economía e tipos de interese, inflación e desemprego	11. O comercio internacional e a UE	8-10
	12. A globalización e os desequilibrios da economía mundial	4-6
Repaso terceiro trimestre	2 sesións (cinema) + 1 sesión (cuestionario)	3

8. Elementos transversais

Os elementos transversais, que non son materias engadidas, senón un conxunto de coñecementos, hábitos, valores, etc., deben entrar a formar parte do desenvolvemento de todas e cada unha das materias básicas en que se organiza o currículo.

Atopámonos coa necesidade de educar aos alumnos/as en valores e axudarlles a aprender a vivir, adoptando unha forma de vida que sexa posible soste, para crear cidadáns libres, autónomos e con principios para enfrontarse de forma crítica na sociedade que lles acolle. Esta sociedade demanda que non só se transmitan coñecementos, senón que as escolas formen a persoas que sexan capaces de vivir e convivir no respecto, a liberdade e os principios democráticos.

Os temas transversais son contidos basicamente actitudinais que van influír no comportamento condutual do noso alumnado. Son valores importantes tanto para o

desenvolvemento integral e persoal do noso alumnado, como para o desenvolvemento dunha sociedade máis libre, democrática, respectuosa co medio e tolerante.

O Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, determina que en Educación Secundaria Obrigatoria, estes elementos son:

- Comprensión lectora e expresión oral e escrita.
- Comunicación audiovisual.
- Uso das Tecnoloxías da Información e a comunicación.
- Emprendemento.
- Educación cívica e constitucional.

8.1 Educación en valores

O ensino da materia debe potenciar certas actitudes e hábitos de traballo que axuden ao alumnado a apreciar o propósito da materia, a ter confianza na súa habilidade e a desenvolverse noutras dimensións humanas: autonomía persoal, relación interpersoal, etc.

Traballaremos a educación en valores de forma transversal e continua, ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe, e farémolo cun carácter interdisciplinar.

Os valores que consideramos fundamentais nesta etapa educativa son os seguintes:

1. Respetto

- A un mesmo: autoestima, dignidade, esforzo persoal, honestidade e proxecto de vida.
- Aos demais: empatía, escoita activa, diálogo, e resolución de conflitos. Se pode traballar co enfoque do “deber” (“*temos o deber de respectar aos demais*”).
- Ás culturas: ideas, linguas, costumes e patrimonio.
- Aos animais: evitar o dano innecesario e evitar a extinción de especies.
- Á natureza: evitar o deterioro medio ambiental e a extinción de especies.

2. Responsabilidade

- Fronte ás tarefas persoais e de grupo: esforzo e compromiso.
- Fronte ás normas sociais: civismo e cidadanía. Pódese traballar co enfoque do “deber” (“*temos o deber de...*”).
- Fronte aos conflitos dilemas morais: información fiable, sentido crítico e posicionamento.
- Fronte ao consumismo: consumo responsábel e racional de produtos.
- Fronte ás xeracións vindeiras: desenvolvemento sustentábel e ética global a longo prazo.

3. Xustiza

- Dereito á igualdade, con especial referencia a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e aos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- Dereito á alimentación.
- Dereito á saúde.
- Dereito á educación.
- Dereito á paz, mediante o fomento da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar social.
- Dereito á xustiza internacional, baseado nos valores que sustentan a liberdade, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos

humanos e o rexeitamento á violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e consideración ás vítimas do terrorismo e a prevención de calquera tipo de violencia.

4. Solidariedade

- Coas persoas que se senten fráxiles e indefensas ante seu día a día.
- Coas persoas que padecen unha enfermidade grave ou limitación dalgún tipo.
- Cos inmigrantes, refuxiados e desprazados.
- Coas vítimas do desequilibrio económico mundial.
- Coas vítimas de conflitos armados.
- Coas vítimas de desastres naturais

5. Creatividade e esperanza

- O impulso de buscar alternativas.
- A confianza na mellora das situacións difíciles, os conflitos, ás persoas e o mundo en xeral.

9. Atención á diversidade

Cada alumno posúe unhas peculiaridades que o diferencian do resto do grupo. Non todos aprenden ao mesmo ritmo ou teñen os mesmos intereses e capacidades.

Intentarase facer un esforzo para atender a cada alumno ou alumna do xeito máis personalizado posible, tendo en conta o seu nivel de coñecementos e capacidades que posúe, as súas motivacións e ritmo de aprendizaxe, etc.

Naquelas ocasións nas que sexa necesario, realizaranse adaptacións curriculares modificando: material escolar, actividades, método, grupos de traballo, tempo e orde dos contidos e criterios de avaliación, aplicándoos de forma individualizada.

Estas medidas de atención á diversidade han de favorecer a adaptación aos intereses, capacidades e motivacións dos alumnos respectando sempre un traballo común de base e intención formativa global que permita a consecución das competencias clave e dos obxectivos do curso e da etapa.

10. Materiais e Recursos Didácticos

No referente aos recursos a empregar na aula, a estratexia expositora require duns materiais seleccionados ou elaborados previamente pola profesora. A prensa e internet son fontes de información moi importantes nesta materia, que poden ser complementadas con vídeos, material escrito...

Este nivel de traballo precisa do dominio das tecnoloxías da información: onde están, como utilízalas, que datos son máis fiables, etc. ás que se lle deberá dar unha atención especial para adquirir a destreza necesaria no seu uso.

Destacar a páxina web do IGE (Instituto Galego de Estatística) que conta cun portal educativo, onde é posible consultar multitude de datos actuais relacionados co mercado de traballo, as macromagnitudes, clasificación das empresas galegas por sectores de actividade ...

Dado o carácter da materia, o uso da prensa é obrigado, fácil e accesible, e é aí onde está outra conexión directa entre a teoría e a realidade. Hoxe, abundantes xornais proporcionan

información moi doada para o seu emprego na aula. Utilízala serve para analizala e comprendela.

Non se empregará libro de texto para o desenvolvemento da disciplina. A profesora proporcionará os apuntamentos necesarios, mediante fotocopias, elaborados por ela baseándose en diversos libros de economía e outros materiais.

Entre os **recursos didácticos**, a profesora poderá empregar os seguintes:

- Pizarra convencional e pizarra dixital.
- Calculadora así coma calquera outro recurso propio da especialidade.
- Noticias e artigos de prensa.
- Fotocopias de textos, gráficos, cadros, táboas, etc.
- Visualización de programas de televisión sobre temas de interese social e económico.
- Proxección e comentario de filmes.
- Realización de infografías de filmes.
- Fichas de traballo con cuestións guiadas.
- Debate, como ferramenta que estimula o interese e a capacidade de reflexionar, relacionar, consolidar coñecementos, recapitular, ordenar, respectar opinións e tirar conclusións.
- Bibliografía de consulta na aula e na biblioteca escolar.

11. Actividades extraescolares e complementarias

Considéranse actividades complementarias as planificadas polos docentes que utilicen espazos ou recursos diferentes ao resto das ordinarias da área, aínda que precisen tempo adicional do horario non lectivo para a súa realización. Serán avaliábeis a efectos académicos e obrigatorios tanto para o profesorado como para o alumnado. Terán carácter voluntario cando se realicen fóra do centro ou precisen achegas económicas das familias, en cuxo caso garantírase a atención educativa do alumnado que non participen nas mesmas.

Entre os propósitos que perseguen este tipo de actividades destacan:

- Completar a formación que recibe o alumnado nas actividades curriculares.
- Mellorar as relacións entre o alumnado e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- Permitir a apertura do alumnado cara o entorno físico e cultural que lle rodea.
- Contribuír ao desenvolvemento de valores e actitudes adecuadas relacionadas coa interacción e o respecto cara os demais, o coidado do patrimonio natural e cultural.
- Desenvolver a capacidade de participación nas actividades relacionadas co entorno natural, social e cultural.
- Estimular o desexo de investigar e saber.
- Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumnado.
- Espertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integren e realicen.

Proposta de actividades complementarias:

- Visitas a museos e institucións culturais: Axencia Tributaria, Banco de España, etc.

- Celebración de efemérides: Día do Libro, Día da Paz..., etc.
- Visitas a empresas.
- Festas e celebracións.
- Cine escolar.
- Celebración de concursos (trivial, debate, etc.).

O alumnado deste curso deberá ler algúns dos seguintes libros:

Obelix y Compañía, de R. Goscinny e A. Uderzo; que se atopa nos fondos da biblioteca do centro. Terán que elaborar un traballo que será guiado e supervisado pola profesora. Este traballo vaise ter en conta para a nota global da disciplina.

El Mercado y Nosotros, de José Luís Sampedro. O obxectivo é que vexan os elementos a favor e os contras dos dous grandes sistemas económicos que estiveron enfrontados durante o século XX. Será unha lectura de aula e deberán debater diversos puntos propostos pola profesora así coma entregar un pequeno resumo coas conclusións obtidas.

La vuelta al mundo de un forro polar rojo. Pequeña historia de la gran globalización, de Wolfgang Korn : esta obra mostra o trasfondo e as complexas relacións que hai detrás da globalización, ilustrando dun xeito impresionante a inxustiza que domina no comercio mundial. Isto serve para facer ao alumnado máis crítico co consumismo.

12. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

Os instrumentos empregados deben valer para comprobar o grao de aprendizaxe, identificar o non aprendido e determinar o por que para intentar corrixir as desviacións de cara a novos cursos. Ao longo do curso iránselle propondo unha serie de probas, que dado o nivel e os contidos que se manexan van recaer fundamentalmente en traballos e exames. Todo este proceso debe proporcionar información non só dos pasos dados polo alumnado, senón polo propio proceso de ensinanza en si mesmo e debe responder ás seguintes preguntas:

- Propuxéronse as actividades necesarias para desenvolver as capacidades que establecemos?
- O material proporcionado foi axeitado?
- Os programas de "recuperación", foron unha mera repetición do xa realizado, ou ben estiveron adaptados a cada alumno ou alumna segundo o tipo de carencia que tiña?
- O tempo dedicado ao desenvolvemento da unidade foi o necesario?

Segundo as respostas obtidas ás preguntas anteriores, haberá que realizar as modificacións pertinentes nas programacións didácticas, de cara a melloralas para os vindeiros anos.

13. Comportamentos Sancionables

Teléfonos Móviles

Os teléfonos móbiles estarán desconectados durante as aulas. Queda totalmente prohibido o seu uso na aula, aínda que sexa coma calculadora, reloxo....

As persoas que o empreguen serán expulsadas automaticamente e non poderán volver á aula ata que os seus pais ou titores se poñan en contacto coa dirección do centro.

O alumno/a que use o móbil nun exame, ademais de aplicárselle a norma anterior, terá un cero nesa proba.

Dedicarse a outras materias

O alumnado que durante as aulas de Economía da Empresa se dedique a realizar tarefas para outras materias; será sancionado con 0,5 puntos na nota da avaliación.

Falar na aula mentres se explica

Falar cos compañeiros mentres a profesora explica ou algún compañeiro le; considérase unha falta de respecto sancionable. Esta actitude será tida en conta na nota da avaliación.

14. Procedementos para a avaliación

A información que proporciona a avaliación debe servir como punto de referencia para a actualización pedagóxica. Deberá ser individualizada, personalizada, continua e integrada.

A dimensión individualizada contribúe a ofrecer información sobre a evolución de cada alumno, sobre a súa situación con respecto ao proceso de aprendizaxe.

O carácter personalizado fai que a avaliación tome en consideración a totalidade da persoa. O alumno toma conciencia de si, responsabilízase.

A avaliación continuada e integrada no ritmo da clase informa sobre a evolución dos alumnos, as súas dificultades e progresos.

A avaliación do proceso de aprendizaxe, é dicir, a avaliación do grao en que os alumnos e alumnas van alcanzando os obxectivos didácticos, pode realizarse a través dunha serie de actividades propostas ao ritmo do desenvolvemento da aprendizaxe de cada unidade, é dicir, a través do control da realización de actividades, a súa corrección en clase ou entrega das mesmas ao profesor, preguntas directas aos alumnos, intervención destes completando parte da explicación ou lembrando contidos xa estudados, etc.

As actividades que se deben realizar ao final das explicacións teóricas de cada epígrafe, van especialmente destinadas a guiar ao profesor na avaliación do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución final obtido polos alumnos respecto dos obxectivos didácticos expostos en cada unidade, pódese avaliar a través das probas de avaliación que se estime necesario aplicar e a través das actividades correspondentes.

A avaliación realizarase considerando os seguintes instrumentos:

- **Observación:** do traballo individual do alumno, a súa actitude fronte ao traballo en equipo, a posta en común da información solicitada, as súas explicacións e participación en clase ou nas actividades realizadas fóra do centro, os hábitos de traballo, a súa iniciativa, autoconfianza e interese. Algunhas destas observacións pódense realizar mediante as actividades presentes no texto.
- **Revisión dos traballos:**
 - Exercicios de aula realizados nos cadernos.
 - Traballos de grupo sobre o libro “La vuelta al mundo de un forro polar rojo”
 - Infografías de libros ou filmes.
- **As probas de avaliación:** nas que se valorarán os coñecementos, grao de comprensión, capacidade de aplicación dos coñecementos a novas situacións e a habilidade para analizar e sintetizar informacións e datos. Estas probas poden ser de diferentes tipos:

- Avaliación inicial, mediante preguntas, que permita saber de que grao de coñecementos parten os alumnos, antes da explicación de cada unidade e ao principio de curso.
- Exercicios onde o alumnado aplique os coñecementos adquiridos na aula. Estes poden ser as actividades ou tarefas presentes no libro e ser corrixidos en clase.
- Presentación de traballos e comentarios de texto.
- Controis periódicos.

14.1 Actividades de recuperación ou reforzo

Por reforzo educativo enténdese toda medida ordinaria de atención á diversidade que afecta á secuencia dos contidos, a forma e instrumentos de avaliación, á organización da aula, etc. É unha acción educativa específica, adicional ou complementaria, no marco de traballo na aula para atender dificultades de aprendizaxe, que non precisan doutras adaptacións curriculares máis profundas.

O profesorado deste departamento, no ámbito concreto da súa materia tomará e poñerá en marcha as medidas de reforzo educativo ou recuperación que vexa necesarias.

O alumnado que teña **pendente de recuperación a materia do ano anterior** recibirá un calendario de entrega de actividades e de probas obxectivas que lle permitan recuperala ao longo do curso.

Para o alumnado que **perda o dereito á avaliación continua** seguirase o procedemento de actuación establecido no Regulamento de Réxime Interior, común para todo o centro

15. Criterios para a cualificación

Os criterios que usaremos para a cualificación correspóndense cos establecidos pola LOMCE. Estes desagreganse nunha serie de estándares que son de obrigado cumprimento, e que supoñen a recollida obxectiva dunha serie de anotacións sobre cada un dos alumnos.

Esta é a secuenciación dos criterios de avaliación e cualificación por avaliacións e por bloques de contido:

Primeira avaliación

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Ponderación
Bloque 1. Ideas económicas básicas	Unidade 1. Economía, a ciencia útil	
Crit. EC. 1.1. Explicar a Economía como ciencia social valorando o impacto permanente das decisións económicas na vida dos cidadáns.	Est. EC. 1.1.1. Recoñece a escaseza de recursos e a necesidade de elixir e tomar decisións como as claves dos problemas básicos de toda economía e comprende que toda elección supón renunciar a outras alternativas e que toda decisión ten consecuencias.	5%
	Est. EC. 1.1.2. Diferenza formas diversas de abordar e resolver problemas económicos e identifica as súas vantaxes e inconvenientes, así como as súas limitacións.	5%
Crit. EC. 1.2. Coñecer e familiarizarse coa terminoloxía económica básica e co uso dos modelos económicos.	Est. EC. 1.2.1. Comprende e emprega correctamente diferentes termos da área da Economía.	5%
	Est. EC. 1.2.2. Diferenza entre Economía positiva e Economía normativa.	5%
Crit. EC. 1.3. Tomar conciencia dos principios básicos da Economía a aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e necesidades.	Est. EC. 1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas da túa contorna.	5%

	Unidade 2. Produción e crecemento	
Crit. EC.2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo.	Est. EC.2.2.1. Indica os distintos tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	6%
	Est. EC.2.2.2. Identifica os diferentes sectores económicos, así como os seus retos e oportunidades.	6%
Crit. EC.1.2. Coñecer e familiarizarse coa terminoloxía económica básica e co uso dos modelos económicos	Est. EC. 1.2.1. Comprende e utiliza correctamente diferentes termos da área da Economía	4,5%
	Est. EC.1.2.3. Representa e analiza graficamente o custo de oportunidade mediante a Fronteira de Posibilidades de Produción	4,5%
Crit. EC. 1.3. Tomar conciencia dos principios básicos da Economía a aplicar nas relacións económicas básicas cos condicionantes de recursos e necesidades	Est. EC. 1.3.2. Aplica razoamentos básicos para interpretar problemas económicos provenientes das relacións económicas da túa contorna	4 %
Bloque 2. Economía e empresa	Unidade 3. Mercados e empresa	
Crit. EC.1.3. Tomar conciencia dos principios básicos da Economía a aplicar nas relacións económicas básicas e cos condicionantes de recursos e necesidades.	Est. EC.1.3.1. Representa as relacións que se establecen entre as economías domésticas e as empresas.	8%
Crit. EC.2.2. Analizar as características principais do proceso produtivo.	Est. EC.2.2.1. Indica os distintos tipos de factores produtivos e as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	8%
Crit. EC.2.4. Determinar para un caso sinxelo a estrutura de ingresos e custos dunha empresa, calculando o seu beneficio.	Est. EC.2.4.1. Diferencia os ingresos e custos xerais dunha empresa e identifica o seu beneficio ou perda, aplicando razoamentos matemáticos para a interpretación de resultados	9%
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Ponderación
	Unidade 4. A empresa no seu contexto	
Crit. EC.2.1. Describir os diferentes tipos de empresas e formas xurídicas das empresas relacionando con cada unha delas as súas esixencias de capital e as responsabilidades legais dos seus propietarios e xestores así como interrelaciónelas das empresas a súa contorna inmediata.	Est. EC.2.1.1. Distingue as diferentes formas xurídicas das empresas e relaciónaas coas esixencias requiridas de capital para a súa constitución e responsabilidades legais para cada tipo.	5%
	Est. EC.2.1.2. Valora as formas xurídicas de empresas máis apropiadas en cada caso en función das características concretas aplicando o razoamento sobre clasificación das empresas.	4%
	Est. EC.2.1.3. Identifica os diferentes tipos de empresas e empresarios que actúan na súa contorna así como a forma de interrelacionar co seu ámbito máis próximo e os efectos sociais e ambientais, positivos e negativos, que se observan.	4%
Crit. EC.2.3. Identificar as fontes de financiamento das empresas.	Est. EC.2.3.1. Explica as posibilidades de financiamento do día a día das empresas diferenciando o financiamento externo e interna, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa.	5%
Crit. EC.2.5. Diferenciar os impostos que afectan as empresas e a importancia do cumprimento das obrigacións fiscais.	Est. EC.2.5.2. Valora a achega que supón a carga impositiva á riqueza nacional.	4%
	Est. EC.2.5.1. Identifica as obrigacións fiscais das empresas segundo a actividade sinalando o funcionamento básico dos impostos e as principais diferenzas entre eles.	3%

Segunda avaliación

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Ponderación
Bloque 3. Economía persoal	Unidade 5. Planificación financeira	
Crit. EC.3.1. Realizar un orzamento persoal distinguindo entre os diferentes tipos de ingresos e gastos, controlar o seu grao de cumprimento e as posibles necesidades de adaptación.	Est. EC.3.1.1. Elabora e realiza un seguimento a un orzamento ou plan financeiro personalizado, identificando cada un dos ingresos e gastos.	5%
	Est. EC.3.1.2. Utiliza ferramentas informáticas na preparación e	4%

	desenvolvemento dun orzamento ou plan financeiro personalizado.	
	Est. EC.3.1.3. Manexa gráficos de análises que lle permiten comparar unha realidade personalizada coas previsións establecidas.	4%
Crit. EC.3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal relacionando estas con o benestar propio e social.	Est. EC.3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e de manexo dos asuntos financeiros ao longo da vida. Dita planificación vincúlase á previsión realizada en cada unha das etapas de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.	6%
Crit. EC.3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro e manexar o aforro como medio para alcanzar diferentes obxectivos.	Est. EC.3.3.1. Coñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.	6%
Unidade 6. Saúde financeira		
Crit. EC.3.2. Decidir con racionalidade ante as alternativas económicas da vida persoal relacionando estas con o benestar propio e social.	Est EC.3.2.1. Comprende as necesidades de planificación e de manexo dos asuntos financeiros ao longo da vida. Dita planificación vincúlase á previsión realizada en cada unha das etapas de acordo coas decisións tomadas e a marcha da actividade económica nacional.	6%
Crit. EC.3.3. Expresar unha actitude positiva cara ao aforro e manexar o aforro como medio para alcanzar diferentes obxectivos.	Est EC.3.3.1. Coñece e explica a relevancia do aforro e do control do gasto.	6%
	Est EC.3.3.2. Analiza as vantaxes e inconvenientes do endebedamento valorando o risco e seleccionando a decisión máis adecuada para cada momento.	7%
Crit. EC.3.5. Coñecer o concepto de seguro e a súa finalidade.	Est EC.3.5.1 Identifica e diferencia os diferentes tipos de seguros segundo os riscos ou situacións adversas nas diferentes etapas da vida	6%
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Ponderación
Unidade 7. Os cartos e as súas formas		
Crit. EC.3.4. Recoñecer o funcionamento básico do diñeiro e diferenciar os diferentes tipos de contas bancarias e de cartóns emitidos como medios de pago valorando a oportunidade do seu uso con garantías e responsabilidade.	Est. EC.3.4.1. Comprende os termos fundamentais e describe o funcionamento na operativa coas contas bancarias.	7%
	Est. EC.3.4.2. Valora e comproba a necesidade de ler detidamente os documentos que presentan os bancos, así como a importancia da seguridade cando a relación prodúcese por internet.	6%
	Est. EC.3.4.3. Recoñece o feito de que se poden negociar as condicións que presentan as entidades financeiras e analiza o procedemento de reclamación ante as mesmas.	5%
	Est. EC.3.4.4. Identifica e explica as distintas modalidades de cartóns que existen, así como o esencial da seguridade cando se opera con cartóns.	7%
Bloque 5. Economía e tipos de interese, inflación e desemprego.		
Crit. EC.5.1. Diferenciar as magnitudes de tipos de interese, inflación e desemprego, así como analizar as relacións existentes entre elas.	Est. EC.5.1.1. Describe as causas da inflación e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	9%
	Est. EC.5.1.2. Explica o funcionamento dos tipos de interese e as consecuencias da súa variación para a marcha da Economía.	9%
Crit. EC.5.2. Interpretar datos e gráficos vinculados cos conceptos de tipos de interese, inflación e desemprego.	Est. EC.5.2.1. Valora e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos tipos de interese, inflación e desemprego.	7%

Terceira avaliación

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Ponderación
Bloque 5. Economía e tipos de interese, inflación e desemprego		
Crit. EC5.3. Valorar diferentes opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte	Est. EC.5.3.1. Describe as causas do desemprego e valora as súas principais repercusións económicas e sociais.	10%

ao desemprego.	Est. EC.5.3.2. Analiza os datos de desemprego en España e as políticas contra o desemprego.	7%
	Est. EC.5.3.3. Investiga e reconece ámbitos de oportunidades e tendencias de emprego.	8%
Bloque 4 Economía e ingresos e gastos do estado	Unidade 10. As contas do Estado	
Crit. EC.4.1. Recoñecer e analizar a procedencia das principais fontes de ingresos e gastos do Estado así como interpretar gráficos onde se mostre dita distribución.	Est. EC.4.1.1. Identifica as vías de onde proceden os ingresos do Estado así como as principais áreas dos gastos do Estado e comenta as súas relacións.	6%
	Est. EC.4.1.2. Analiza e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados cos ingresos e gastos do Estado.	4%
	Est. EC.4.1.3. Distingue nos diferentes ciclos económicos o comportamento dos ingresos e gastos públicos así como os efectos que se poden producir ao longo do tempo.	5%
Crit. EC.4.2. Diferenciar e explicar os conceptos de débeda pública e déficit público.	Est. EC.4.2.1. Comprende e expresa as diferenzas entre os conceptos de débeda pública e déficit público, así como a relación que se produce entre eles.	5%
Crit. EC.4.3. Determinar o impacto para a sociedade da desigualdade da renda e estudar as ferramentas de redistribución da renda.	Est. EC.4.3.1. Coñece e describe os efectos da desigualdade da renda e os instrumentos de redistribución da mesma.	5%

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Ponderación
Bloque 6 Economía internacional	Unidade 11. O comercio internacional e a Unión Europea	
Crit. EC.6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e o medio ambiente.	Est. EC.6.1.1. Valora o grao de interconexión das diferentes Economías de todos os países do mundo e aplica a perspectiva global para emitir xuízos críticos.	9%
	Est. EC.6.1.2. Explica as razóns que justifican e inflúen no intercambio económico entre países.	8%
	Est. EC.6.1.4. Coñece e enumera vantaxes e inconvenientes do proceso de integración económica e monetaria da Unión Europea.	8%
	Unidade 12. A globalización e os desequilibrios da economía mundial	
Crit. EC.6.1. Valorar o impacto da globalización económica, do comercio internacional e dos procesos de integración económica na calidade de vida das persoas e o medio ambiente.	Est. EC.6.1.3. Analiza acontecementos económicos contemporáneos no contexto da globalización e o comercio internacional.	15%
	Est. EC.6.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	10%

Cálculo da cualificación:

- A cualificación do trimestre terá en conta **todos os instrumentos de avaliación:**

Exames escritos	70 %
Caderno	10%
Traballos e presentación destes	10%
Actitude e interese pola materia	10%

- Faltas de ortografía:** cada falta de ortografía penalizarase con -0,125 puntos: Se o número de faltas descende significativamente ao longo do trimestre, non se terá en conta na cualificación.
- Presentación de cadernos, traballos e exames:** Deberán axustarse ao que se pida en cada caso: índice, paxinación, portada...
 - É obrigatorio escribir a data e o enunciado dos exercicios (o ao menos, facer referencia ao que pide cada un deles).

- Todo exercicio debe empezar a contestarse facendo referencia ao que se pregunta.
 - Terase en conta: marxes, sangrías, signos de puntuación, caligrafía e limpeza.
 - En cada avaliación haberá cando menos e un máximo de catro tarefas, actividades ou traballos de investigación e/ou de profundización da materia analizada na aula de carácter obrigatorio.
 - Potenciarase o uso das TIC, de maneira que o alumnado será libre de entregar os traballos solicitados impresos, gravados en memoria externa ou a través do correo electrónico ou en espazos virtuais de colaboración ou almacenamento.
- **Observación directa da actitude** mediante rúbrica ao efecto: colaboración, traballo en equipo, atención, puntualidade, etc.

Será necesario acadar unha avaliación positiva (nota mínima para aprobar a asignatura será de cinco puntos), tanto nos contidos conceptuais como nos procedimentais e actitudinais, para proceder á acumulación das porcentaxes anteriormente citadas; e, en todo caso, respecto das probas obxectivas escritas (exames escritos), o alumno deberá obter unha nota superior ó catro en cada unha delas para poder optar a facer media entre ambas, e, polo tanto, que dita proba compute para a nota na ponderación de avaliación proposta.

Non se realizarán probas de recuperación por trimestres. Si se realizará un exame de recuperación final, para os alumnos que non superasen algunha avaliación durante o curso.

A **nota da avaliación** tendo en conta aspectos de carácter intanxible como a participación na aula, comportamento, asistencia, interese, traballo, etc.

A **nota final do curso** terá en conta, en todo caso, a nota acadada en cada unha das tres avaliacións.

O alumno que non puidera presentarse as probas nas datas fixadas, irá as probas de recuperación a final de curso.

O alumnado será cualificado polo dominio que demostre sobre os contidos, procedementos e actitudes amosadas durante o curso. As cualificacións serán a nota media de tódalas notas obtidas nas distintas probas.

A nota que levarán no boletín trimestral, será a suma das porcentaxes acadadas en canda unha das probas realizadas nesa avaliación. No caso de que esta non sexa unha cifra exacta, a profesora terá potestade para redondear para arriba ou para abaixo. Para facer este redondeo, teranse en conta aspectos de carácter intanxible como a participación na aula, comportamento, asistencia, interese, traballo, etc.

Quen non supere as probas de recuperación final de curso, deberá acudir ao **exame extraordinario de setembro**, o cal consistirá nun exame escrito sobre os contidos mínimos.

16. Rúbricas

16.1 Rúbrica para un traballo escrito

	Contido do traballo	Expresión escrita	introdución
Moi mal Insuficiente (0)	Descoñece o tema . Non achega autores, datas, bibliografía...	A linguaxe non é clara nin precisa. Estrutura das frases inaxeitada e vocabulario pobre.	Non hai introdución, é confusa ou non achega nada sobre o tema.

Mal Insuficiente (0,25)	Apenas expón o tema, non achega bibliografía nin referencias a autores, datas...	Linguaxe pouco clara e imprecisa. Vocabulario pobre e as frases, en xeral, non están ben estruturadas.	A introdución é confusa. Non inclúe unha exposición xeral do tema. O obxectivo do tema non está claro.
Regular Suficiente (0,5)	Demostra un coñecemento básico do tema. Recompila e organiza os datos correctamente. Ten dificultade corroborando os datos.	A linguaxe non é moi clara. En ocasións a linguaxe non é clara. O vocabulario pouco variado. Case non emprega terminoloxía técnica.	A introdución inclúe o propósito do traballo. Non se presenta exposición xeral do tema ou as subdivisións principais. O propósito do tema e os obxectivos requiren clarificación ou non se presentan de xeito obxectivo.
Boa (0,8)	Demostra un bo coñecemento do tema pero sen afondar. Achega poucas explicacións e información complementaria. Recompila e organiza os datos correctamente.	Usa linguaxe case sempre clara e precisa. A estrutura das frases é case sempre axeitada. O vocabulario é pouco variado e usa ás veces tecnicismos.	A introdución inclúe o propósito do traballo, exposición xeral do tema e subdivisións principais. Os obxectivos están algo confusos.
Excelente (1)	Demostra un coñecemento do tema profundo e detallado. Achega contidos adicionais. Recompila e organiza os datos correctamente.	Emprega linguaxe clara e precisa. A estrutura das frases é correcta; emprega vocabulario rico e variado e usa tecnicismos económicos.	A introdución inclúe o propósito, exposición xeral do tema, obxectivos claros e subdivisións principais.

Esta rúbrica será empregada para os traballos escritos, tanto sexan individuais coma de grupo.

16.2 Rúbrica para unha presentación oral

	Contido da exposición	Expresión oral
Moi mal Insuficiente (0)	Descoñece o tema por completo. Non achega información complementaria. Non responde ás preguntas.	A linguaxe e a pronunciación non son claras nin precisas. Ton inadecuado. A estrutura das frases non é axeitada ca. Non emprega terminoloxía técnica.
Mal Insuficiente (0,25)	Apenas coñece o tema. Achega información complementaria mínima. Non responde ás preguntas	A linguaxe e a pronunciación non son claras nin precisas. Ton inadecuado. A estrutura das frases non é axeitada en moitas ocasións. Non emprega terminoloxía técnica
Regular Suficiente (0,5)	Demostra un coñecemento moi básico do tema. A información complementaria que engade é moi escasa. Non responde correctamente á maioría das preguntas.	A linguaxe e a pronunciación non son demasiado claras nin precisas. A estrutura das frases ás veces é axeitada. Vocabulario pouco variado e con poucos tecnicismo económicos.

Boa (0,8)	Demostra un bo coñecemento do tema pero non afonda nel. Achega poucas explicacións e información complementaria. Responde a algunhas preguntas de xeito incorrecto.	Usa unha linguaxe case sempre clara e precisa. Ton axeitado. A estrutura das frases é bastante axeitada. O vocabulario é variado aínda que emprega poucos tecnicismos.
Excelente (1)	Demostra un coñecemento a fondo e detallado do tema. É quen de achegar explicacións e información complementaria. Responde ás preguntas de xeito preciso.	Emprega linguaxe clara e precisa, ton axeitado e boa pronunciación. A estrutura das frases é case sempre a adecuada. Vocabulario rico e con motos tecnicismos.

16.3 Rúbrica para avaliar a actitude

	Interese na aula	puntualidade	Respecto	Traballo na materia
Moi mal Insuficiente (0)	Molesta na aula ou non atende. Non trae material. Non comparte ideas nin coñecemento co grupo.	Falta moitas veces, xeralmente chega tarde e non é puntual á hora de entregar os traballos.	Non agarda a súa quenda para intervir. É intolerante coas opinións que difiren da súa, chegando a mostrarse agresivo/a.	Non se rexistra ningún tipo de actividade.
Mal Insuficiente (0,25)	Mostra pouco interese. Rara vez trae material.	Frecuentemente chega tarde, non é moi puntual á hora de entregar traballos.	Cóstalle gardar quenda para intervir. As veces é intolerante coas opinións dos demais.	Xeralmente non segue o ritmo da aula. Se hai actividades para a casa, case nunca as trae resoltas.
Regular Suficiente (0,5)	Ás veces participa. Moi poucas veces comparte ideas e non mostra o suficiente interese.	Algunha vez falta ou ten retrasos. Algunha vez entrega puntualmente os traballos.	Ás veces non respecta a quenda de intervención.	Non proporciona ideas e solucións. Poucas veces realiza as tarefas da casa.
Boa (0,8)	Case sempre está atento/a, demostra interese e varias veces comparte ideas e coñecementos.	Case nunca falta nin soe ter retrasos. Xeralmente entrega os traballos na data acordada.	Case sempre escoita con respecto aos seus compañeiros/as e móstrase tolerante con opinións diferentes.	Participa activamente na maioría das actividades. Ás veces proporciona ideas e solucións. Trae tarefas da casa.
Excelente (1)	Sempre está atento/a, trae material. Mostra moito interese e coñecementos co grupo.	Nunca falta ou ten retrasos. Sempre entrega os traballos na data prevista.	Sempre agarda a súa quenda par intervir. Escoita con respecto e mostra tolerancia coas opinións diferentes á súa.	Participa activamente en tódalas actividades. Sempre proporciona ideas e solucións.

17. Medidas previstas para o caso de ter que pasarse a ensino non presencial

O modelo non presencial resulta complexo nesta materia dado que se complica o poder facer un seguimento continuo das tarefas do alumnado. É por isto que, no caso de ter que pasar a este modelo, sería fundamental a súa participación durante as clases on-line amosando as súas dúbidas e os seus rostros para poder achegarnos o máximo posible ao

modelo presencial. Só deste xeito avanzarán cara a consecución dos obxectivos mínimos e imprescindibles para a superación da materia.

En caso de ter que pasar ao ensino non presencial neste nivel procederase como segue:

- A entrega das unidades didácticas e outro material, farase a través da aula virtual ou do correo electrónico do alumnado.
- A docencia expositiva e a resolución de dúbidas farase a través de clases on-line en WEBEX ou Skype (o que mellor funcione).
- Para outras comunicacións co alumnado e familias empregárase o correo electrónico.

PROGRAMACIÓN DE ECONOMÍA

**1º CURSO
BACHARELATO**

IES Plurilingüe XOSÉ NEIRA VILAS

Curso 2020-2021

Rosa Brandón Rodríguez

Índice

1.	Introdución e Contextualización	2
2.	Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	3
3.	Obxectivos para o curso.....	4
3.1	Capacidades que deben desenvolver	4
4.	Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable	4
4.1	Estrutura de Cada Unidade Didáctica	4
4.2	Contidos, Conceptos, Procedementos e Actitudes	5
5.	Organización Temporal de Contidos	11
	Cadro orientativo da temporalización para cada unidade didáctica, por trimestres:	11
	1º Trimestre	11
	2º Trimestre	12
	3º Trimestre	12
5.1	Grao mínimo de consecución de obxectivos para superar a materia	13
6.	Metodoloxía De Aprendizaxe.....	13
	Importancia da contorna inmediata	14
	Partir dos coñecementos previos	14
	Estratexias de aprendizaxe significativa.....	14
7.	Materiais e Recursos Didácticos	15
8.	Criterios e Instrumentos de Avaliación, Cualificación e Promoción	15
	Cálculo da cualificación:	16
8.1	Instrumentos De Avaliación	17
	Cuestionarios.....	17
	Exames e Outras Probas Escritas ou Oraís	17
8.2	Actividades de Recuperación ou Reforzo	18
9.	Medidas de Atención á Diversidade	18
10.	Elementos Transversais	18
11.	Actividades Complementarias	19
	Proposta de actividades complementarias:.....	19
12.	Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación.....	19
13.	Comportamentos Sancionables.....	20
14.	Rúbricas	20
14.1	Rúbrica para un traballo escrito	20
14.2	Rúbrica para unha presentación oral	21
14.3	Rúbrica para avaliar a actitude	21
15.	Medidas previstas para o caso de ter que pasarse a ensino non presencial	22

1. Introdución e Contextualización

As persoas sempre tiveron que solucionar os problemas relacionados coa satisfacción das súas necesidades, e parte importante das mesmas quedan cubertas por medio dos

chamados bens económicos. Polo tanto, dun xeito ou doutro, a economía sempre estivo presente nos pensamentos humanos.

Hoxe en día, a economía está presente no interese da sociedade debido a problemas tan importantes coma o paro, a inflación, o desenvolvemento dos países, a inmigración, os problemas ecolóxicos, a solidariedade...

Todas estas cuestións fan que na actualidade sexa necesario, para a xente, dispor duns coñecementos básicos sobre economía, para poder entender o mundo en xeral e poder solucionar con máis éxito os seus problemas persoais.

Faise necesario introducir nos currículos dos alumnos de Bacharelato, unha materia que aporte solucións aos problemas citados e que lles axude a ter unha visión máis ampla sobre a sociedade actual. No noso país, decidiuse que esta disciplina forme parte específica do Bacharelato de Ciencias Sociais e sexa optativa para o de humanidades.

A Economía subministra un potente aparello conceptual que permite analizar e comprender as claves da realidade contemporánea. Os problemas económicos son presentados en relación co contexto sociocultural no que se atopa o alumno.

Os distintos medios de comunicación, non só a prensa especializada, recollen a diario numerosas noticias de carácter económico. Iso permite seleccionar as noticias, datos e indicadores publicados relevantes para o tema que se trate nese momento e adoptar unha metodoloxía activa na clase.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

Os **estándares de aprendizaxe avaliábeis** da materia de Economía de 1º de Bacharelato supoñen que o alumnado debe desenvolver as seguintes competencias:

- Identificar os axentes sociais, as súas relacións e os valores que conforman un sistema económico, analizando as semellanzas e diferenzas do sistema de economía de mercado con outros sistemas e formarse un xuízo persoal, recoñecendo o seu propio papel coma axentes económicos.
- Coñecer conceptos básicos que permitan establecer relacións de interdependencia entre feitos económicos significativos e o contexto social, político e cultural en que ocorren.
- Comprender os rasgos estruturais e coxunturais máis característicos da situación e perspectivas da economía española, analizando as vantaxes e inconvenientes da súa integración no contexto económico internacional.
- Manifestar interese e curiosidade por coñecer e analizar, con sentido crítico e solidario, os grandes problemas económicos actuais: desigualdades económicas entre pobos e entre os diversos sectores sociais, o crecemento demográfico desequilibrado, a sobreexplotación dos recursos, a degradación do medio ambiente e o problema do desemprego nas sociedades avanzadas.
- Analizar e valorar de xeito crítico as repercusións do crecemento económico sobre o medio ambiente e a calidade de vida das persoas.
- Identificar as medidas de política económica tomadas polos poderes públicos, así coma os seus efectos económicos e sociais, valorando ditas opcións e emitindo xuízos persoais razoados acerca das mesmas.

- Empregar os coñecementos adquiridos para exercer con autonomía e responsabilidade o seu papel de consumidor de bens e servizos, reflexionando acerca da influencia que as técnicas estimulantes do consumo teñen na súa toma de decisións.
- Interpretar e avaliar de xeito crítico as distintas mensaxes, datos e informacións que aparecen nos medios de comunicación social, sobre problemas económicos actuais referidos ao ámbito local, autonómico, nacional e internacional; establecendo relacións entre os mesmos, dando opinións con argumentos precisos e coherentes e aceptando outros puntos de vista como vía de entendemento e enriquecemento persoal.

3. Obxectivos para o curso

O obxectivo principal é, achegar ao alumnado as distintas cuestións económicas que se lle expoñen hoxe en día á sociedade para que, mediante a reflexión, tome conciencia da súa responsabilidade tanto no que se refire ao tipo de mundo que van legar ás xeracións futuras como no que incumbe ao problema dun planeta dividido en países ricos e pobres.

Por todo isto é básico que o estudante coñeza o significado preciso dos conceptos económicos e que os empregue cun dominio suficiente como para interpretar adecuadamente datos, expor e analizar os problemas económicos e deseñar as correspondentes solucións. Nesta tarefa utilizarase a formalización mediante a linguaxe matemática -dentro do nivel alcanzado polo alumno nesta disciplina- e a análise gráfica.

O método a empregar debe permitir ou posibilitar que os alumnos e as alumnas aprendan a pensar dentro dunha ciencia concreta e sexan quen de presentar problemas e resolvelos por si mesmos, así como adquirir o hábito de investigar na realidade, pasando dunha actitude receptiva a unha actitude activa.

3.1 Capacidades que deben desenvolver

A materia de Economía de Bacharelato ha contribuír a que o alumnado desenvolva as seguintes **capacidades**:

- Explicar o concepto de Economía como ciencia que se ocupa da administración de recursos escasos en relación coas necesidades que os individuos teñen deles.
- Diferenciar tipos de escaseza e necesidades, así como bens e servizos.
- Relacionar a escaseza económica coa necesidade de tomar decisións económicas que, por tanto, teñen un custo de oportunidade.
- Explicar o papel que desempeñan as diversas actividades económicas.
- Identificar e desenvolver o papel que desempeñan os factores de produción e os axentes económicos no desenvolvemento da actividade económica

4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable

4.1 Estrutura de Cada Unidade Didáctica

Os contidos da unidade preséntanse, de xeito claro e conciso, organizados en apartados. Ao desenvolver os apartados en base a estándares de aprendizaxe concretos, garantimos

que o desenvolvemento dos contidos se axustará en extensión e alcance co establecido no currículo da materia.

As unidades didácticas desta materia foron elaboradas integramente pola profesora e cada unha delas componse das seguintes partes:

- **Introdución motivadora**, constituída por un texto que nos explica os contidos xerais dos temas que se van tratar. Convida ao alumnado a reflexionar sobre algunha cuestión sinxela, á vez que esperta o seu interese polos contidos.
- **Textos sinxelos e claros**, acompañados de exemplos e casos prácticos, se procede. Na súa redacción primouse a linguaxe sinxela e de doada comprensión para o alumnado.
- **Cadros con datos e cálculos sinxelos**; na súa maioría son datos de actualidade que complementan os contidos teóricos.
- **Gráficos e figuras** que, comentados adecuadamente, centran e axudan na reflexión e comprensión de conceptos significativos.
- **Recuncho de información económica**: é un apartado no que se lles presenta un economista famoso, recoméndaselles unha lectura e un filme relacionados cos contidos, que axudan a comprendelos mellor e adoitan achegar visións diferentes das mesmas cuestións.
- **Os exercicios que desenvolven os conceptos económicos** recóllense ao final de cada unidade, e compóñense de:
 - Actividades en forma de pregunta, definición ou enumeración, xa que estas axudan, por unha banda, a asimilar mellor os contidos e relacionalos con outros e, por outro, afianzan os contidos máis importantes e, se procede, o correspondente razoamento.
 - Os exercicios prácticos desenvolven os contidos teóricos mediante a aplicación de cálculos matemáticos.
 - Os comentarios de texto complementan os contidos da unidade e propoñen unha reflexión sobre eles a través de preguntas curtas e, no seu caso, abertas.
 - Os exercicios de asociación buscan a relación de conceptos, funcións e definicións a través da asociación simple entre listas de contidos.
 - Exercicios onde se pretende o razoamento do alumno forzándolle a decidir sobre a veracidade ou falsidade dunha afirmación formulada previamente.
 - Os comentarios de noticias económicas, perseguen forzar ao alumno a desenvolver dunha maneira comentada e razoada os contidos da unidade.

4.2 Contidos, Conceptos, Procedementos e Actitudes

Economía. 1º de BACHARELATO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
Bloque 1. Economía e escaseza. A organización da actividade económica					
i	B1.1. Escaseza, elección e asignación de recursos. Custo de oportunidade.	B1.1. Explicar o problema da escaseza: recursos escasos e necesidades ilimitadas.	ECB1.1.1. Recoñece a escaseza e a correspondente necesidade de elixir entre decisións alternativas, como problema máis determinante para afrontar en todo sistema económico.	Relaciona os conceptos de escaseza económica, necesidade de elixir e custo de oportunidade	CAA CMCCT
a h i l	B1.2. Mecanismos de asignación de recursos. B1.3. Análise e comparación dos sistemas económicos.	B1.2. Observar os problemas económicos dunha sociedade, así como analizar e expresar unha valoración crítica das	ECB1.2.1. Analiza as respostas ás preguntas clave sobre a organización dos principais sistemas económicos.	Coñece as principais características dos 3 principais sistemas económicos	CSC CMCCT CD

Economía. 1º de BACHARELATO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
		formas de resolución desde o punto de vista dos sistemas económicos.	ECB1.2.2. Relaciona, para a súa interpretación, os cambios máis recentes no escenario económico mundial coas circunstancias técnicas, económicas, sociais e políticas que os explican, a partir de casos concretos de análise.	Analiza as circunstancias que explican os actuais cambios.	CSC CD CAA
			ECB1.2.3. Compara sistemas económicos, utilizando exemplos actuais do ámbito internacional.	Argumenta vantaxes e inconvenientes dos diferentes sistemas económicos.	CAA CD CSC
i	B1.4. Economía como ciencia: actividade económica e sociedade. B1.5. Principios na toma de decisións económicas. B1.6. Modelos económicos. Economía positiva e normativa. B1.7. Información económica: interpretación de datos e gráficos.	B1.3. Comprender o método científico que se utiliza na área da economía, así como identificar as fases da investigación científica en economía e os modelos económicos.	ECB1.3.1. Distingue as proposicións económicas positivas das proposicións económicas normativas.	Comprende as diferenzas entre economía positiva e normativa	CAA CMCCT
			ECB1.3.2. Interpreta os modelos de representación da realidade económica, e emprega os termos e a metodoloxía apropiados para analizar problemas económicos concretos.	Analiza a actualidade económica a través de datos e gráficos.	CCL CMCCT CD
Bloque 2. A actividade produtiva					
i	B2.1. Proceso produtivo e factores de produción.	B2.1. Analizar as características principais do proceso produtivo.	ECB2.1.1. Expressa unha visión integral do funcionamento do sistema produtivo partindo do estudo da empresa e a súa participación en sectores económicos, así como a súa conexión e interdependencia.	Comprende cales son os factores produtivos e que función cumpren no proceso de produción	CAA CCL CSC
	B2.2. División técnica do traballo, produtividade e interdependencia	B2.2. Explicar as razóns do proceso de división técnica do traballo.	ECB2.2.1. Relaciona o proceso de división técnica do traballo coa interdependencia económica nun contexto global.	Comprende a importancia da división do traballo como forma de especializarse e así mellorar a produtividade.	CSC CMCCT
			ECB2.2.2. Clasifica e define os factores produtivos, e describe as relacións entre produtividade, eficiencia e tecnoloxía.	Realiza exercicios de Produtividade analizando os resultados e propoñendo posibilidades de mellora.	CMCCT CCL
a	B2.3. Globalización: cambios no sistema produtivo ou na organización da produción	B2.3. Identificar os efectos da actividade empresarial para a sociedade e a vida das persoas.	ECB2.3.1. Analiza para explicar as repercusións da actividade das empresas, tanto nun ámbito próximo coma nun ámbito internacional.	Analiza de forma crítica as externalidades da actividade empresarial	CSIEE CCL
h	Funcións.	obxectivos e as funcións principais das empresas, utilizando referencias reais do ámbito próximo e transmitindo a utilidade que se xera coa súa actividade.	interpreta os obxectivos e as funcións das empresas.	Coñece os obxectivos e as funcións das empresas.	CSIEE CAA
			ECB2.4.2. Explica a función creadora de utilidade dos bens das empresas	Comprende e calcula a utilidade.	CD CCL

Economía. 1º de BACHARELATO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
i l m	B2.5. Eficacia, eficiencia e efectividade. B2.6. Eficiencia na produción: eficiencia técnica e económica.	B2.5. identificar e distinguir os conceptos de eficacia, eficiencia e efectividade B.2.5.1 Relacionar e distinguir a eficiencia técnica e a eficiencia económica.	ECB2.5.1. Determina e interpreta a eficiencia técnica e económica a partir dos casos formulados.	Calcula e interpreta exercicios de eficiencia técnica e económica	CD CMCCT
i l m	B2.7. Custos de produción. Cálculo e análise dos custos de produción e dos beneficios.	B2.7. Calcular e controlar os custos e os beneficios das empresas, e representar e interpretar gráficos relativos a eses conceptos.	ECB2.6.1. Calcula, clasifica e utiliza diversos tipos de custos, fixos e variables, totais, medios e marxinais, e representa e interpreta gráficos de custos. ECB2.6.2. Calcula, analiza e interpreta os beneficios dunha empresa a partir de supostos de ingresos e custos dun período.	Realiza cálculos de custos e obtén conclusións e representacións gráficas. Calcula o beneficio dunha a partir de gastos e ingresos da mesma.	CMCCT CD CMCCT CD
i l m	B2.8. Función de produción	B2.7. Analizar, representar e interpretar a función de produción dunha empresa a partir dun caso dado.	ECB2.7.1. Representa e interpreta gráficos de produción total, media e marxinal, a partir de supostos dados.	Realiza cálculos de produción total, media e marxinal e interpreta os resultados.	CMCCT CD

Bloque 3. O mercado e o sistema de prezos

i L m	B3.1. Curva de demanda. Movementos ao longo da curva de demanda e desprazamentos na curva de demanda. Elasticidade da demanda. B3.2. Curva de oferta. Movementos ao longo da curva de oferta e desprazamentos na curva da oferta. Elasticidade da oferta. B3.3. Equilibrio do mercado.	B3.1. Interpretar, a partir do funcionamento do mercado, as variacións en cantidades demandadas e ofertadas de bens e servizos en función de distintas variables.	ECB3.1.1. Representa graficamente os efectos das variacións das variables no funcionamento dos mercados. ECB3.1.2. Define e expresa matematicamente as variables que determinan a oferta e a demanda ECB3.1.3. Analiza as elasticidades de demanda e de oferta, interpretando os cambios en prezos e cantidades, así como os seus efectos sobre os ingresos totais.	Analiza e representa os movementos e cambios nas curvas de oferta e demanda. Coñece as variables que determinan a oferta e a demanda así como as condicións "ceteris paribus". Realiza calculos e interpreta os resultados de problemas de elasticidade.	CMCCT CD CMCCT CCL CMCCT CD
a h i l m	B3.4. Estructuras de mercado e modelos de competencia. B3.5. Competencia perfecta. Competencia imperfecta. Monopolio. Oligopolio. Competencia monopolística.	B3.2. Analizar o funcionamento de mercados reais e observar as súas diferenzas cos modelos, así como as súas consecuencias para os/as consumidores/as, as empresas ou os estados.	ECB3.2.1. Analiza e compara o funcionamento dos tipos de mercados, e explica as súas diferenzas. ECB3.2.2. Aplica a análise dos tipos de mercados a casos reais identificados a partir da observación do ámbito máis inmediato. ECB3.2.3. Valora de forma crítica os efectos que se derivan sobre os axentes intervinientes nos diversos mercados.	Coñece o funcionamento dos distintos tipos de mercado Busca e identifica exemplos reais dos diferentes tipos de mercado. Valora os efectos positivos e negativos de cada un deles	CMCCT CCL CAA CSC CSC

Bloque 4. A macroeconomía

g h i l	B4.1. Macromagnitudes: produción. Renda. Gasto. B4.2. Equilibrio macroeconómico: demanda e oferta agregadas. B4.3. Inflación e tipos de xuro.	B4.1. Distinguir as principais magnitudes macroeconómicas, operar con elas e analizar as súas interrelacións, valorando os	ECB4.1.1. Mide, interpreta e expresa as principais magnitudes macroeconómicas como indicadores da situación económica dun país.	Calcula e interpreta as principais macromagnitudes.	CMCCT CD CSC CCL
------------------	---	--	---	---	---------------------------

Economía. 1º de BACHARELATO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
	B4.4. Os vínculos dos problemas macroeconómicos e a súa interrelación.	inconvenientes e as limitacións que presentan como indicadores da calidade de vida.	ECB4.1.2. Relaciona as Principais macromagnitudes e utilízalas para establecer comparacións con carácter global. ECB4.1.3. Analiza de forma crítica os indicadores estudados e valora o seu impacto, os seus efectos e as súas limitacións para medir a calidade de vida.	Realiza comparacións a través das macromagnitudes Realiza cometarios críticos dos datos macroeconómicos	CAA CSC CSC
g i l	B4.5. Indicadores do desenvolvemento da sociedade: as macromagnitudes e as súas limitacións.	B4.2. Interpretar datos e indicadores económicos básicos e a súa evolución.	ECB4.2.1. Utiliza e interpreta a información contida en táboas e gráficos de variables macroeconómicas e a súa evolución no tempo. ECB4.2.2. Considera investigacións e publicacións económicas de referencia como fonte de datos específicos, e reconece os métodos de estudo utilizados por economistas. ECB4.2.3. Opera con variables económicas mediante aplicacións informáticas, análizas e intérpretaas, e presenta as súas valoracións de carácter persoal.	Interpreta os datos económicos da actualidade. Consulta información económica en prensa e en internet. Interpreta a información obtida de fontes especializadas.	CMCCT CD CAA CD CD CMCCT
a h i l m	B4.6. Mercado de traballo. Desemprego: tipos e causas.	B.4.3 Valorar a estrutura do mercado de traballo e a súa relación coa educación e a formación, analizando de xeito especial o desemprego.	ECB4.3.1. Examina e interpreta datos e gráficos de contido económico relacionados co mercado de traballo. ECB4.3.2. Valora a relación da educación e a formación coas probabilidades de obter un emprego e mellores salarios. ECB4.3.3. Investiga e reconece vieiros de ocupación e tendencias de emprego.	Analiza os gráficos e datos sobre desemprego. Valora a importancia da formación para obter un posto de traballo acorde ás expectativas persoais. Coñece e valora as novas tendencias de emprego.	CD CMCCT CAA CD CD CSIEE
a g h i l p	B4.7. Políticas contra o desemprego. O desemprego en Galicia.	B4.4. Estudar as opcións de políticas macroeconómicas para facer fronte á inflación e ao desemprego.	ECB4.4.1. Analiza os datos de inflación e desemprego en España e as alternativas para loitar contra o desemprego e a inflación	Analiza os efectos das distintas políticas sobre o mercado de traballo	CD CSIEE
Bloque 5. Aspectos financeiros da Economía					
i l	B5.1. O diñeiro na economía: tipoloxía e funcionamento. B5.2. Proceso de creación do diñeiro.	B5.1. Recoñecer o proceso de creación do diñeiro, os cambios no seu valor e a forma en que estes se miden.	ECB5.1.1. Analiza e explica o funcionamento do diñeiro e do sistema financeiro nunha economía.	Coñece a estrutura e funcións do sistema financeiro e o proceso de creación de diñeiro	CSC CMCCT CD CCL
a d h i l	B5.3. Teorías explicativas da inflación.	B5.2. Describir as teorías explicativas sobre as causas da inflación e os seus efectos sobre os/as consumidores/as, as empresas e o conxunto da	ECB5.2.1. Recoñece as causas da inflación e valora as súas repercusións económicas e sociais.	Coñece as causas da inflación e os efectos que producen na economía.	CSC CD

Economía. 1º de BACHARELATO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
		economía.			
i	B5.4. Sistema financeiro. Novas formas de financiamento.	B5.3. Explicar o funcionamento do sistema financeiro e coñecer as características dos seus principais produtos e mercados.	ECB5.3.1. Valora o papel do sistema financeiro como elemento canalizador do aforro ao investimento, e identifica os produtos e os mercados que o compoñen.	Coñece o funcionamento do mercado financeiro e a súa importancia	CAA CSC CD
a d h i l	B5.5. Política monetaria: instrumentos.	B5.4. Analizar os tipos de política monetaria.	ECB5.4.1. Razona de forma crítica, en contextos reais, sobre as accións de política monetaria e o seu impacto económico e social.	Coñece os instrumentos da política monetaria e os seus efectos.	CAA CMCCT CSC
i l a h i l	B5.6. Banco Central Europeo. B5.7. Mecanismos da oferta e demanda monetaria: efectos sobre os tipos de xuro.	B5.5. Identificar o papel do Banco Central Europeo e a estrutura da súa política monetaria.	ECB5.5.1. Identifica os obxectivos e a finalidade do Banco Central Europeo, eazona sobre o seu papel e o seu funcionamento. ECB5.5.2. Describe os efectos das variacións dos tipos de xuro na economía.	Coñece o papel do BCE para establecer a masa monetaria e os tipos de xuro. Coñece as repercusións das variacións no tipo de xuro.	CSC CMCCT CD CMCCT CCL
Bloque 6. O contexto internacional da economía					
g i l	B6.1. Comercio internacional: causas e teorías. B6.2. Balanza de pagamentos, con especial referencia á española.	B6.1. Analizar os fluxos comerciais entre dúas economías.	ECB6.1.1. Identifica e describe os fluxos comerciais internacionais.	Coñece as teorías sobre comercio internacional e os principais compoñentes da balanza de pagamentos española.	CSC CCL CMCCT
a i l	B6.3. Cooperación e integración económica. B6.4. Unión Europea (UE).	B6.2. Examinar os procesos de integración económica e describir os pasos que se produciron no caso da Unión Europea.	ECB6.2.1. Explica o proceso de cooperación e integración económica producido na Unión Europea, e reflexiona para valorar as repercusións e as implicacións para España nun contexto global.	Coñece e valora a importancia de pertencer á UE.	CSC CCL
a b h i l p	B6.5. Globalización económica e financeira: causas e consecuencias. B6.6. Organismos económicos internacionais: mecanismos de regulación.	B6.3. Analizar e valorar as causas e as consecuencias da globalización económica, así como o papel dos organismos económicos internacionais na súa regulación.	ECB6.3.1. Expresa as razóns que xustifican o intercambio económico entre países. ECB6.3.2. Describe as implicacións e os efectos da globalización económica nos países e reflexiona sobre a necesidade da súa regulación e da súa coordinación.	Coñece as razóns do comercio internacional Analiza os efectos da globalización e coñece os principais organismos internacionais que o regulan.	CSC CCL CAA CD CMCCT CSC
Bloque 7. Desequilibrios económicos e o papel do Estado na economía					
a b c i	B7.1. Ciclos económicos: crises na economía. B7.2. Políticas macroeconómicas de crecemento, estabilidade e	B7.1. Reflexionar sobre o impacto do crecemento e as crises cíclicas na economía	ECB7.1.1. Identifica e analiza os factores e as variables que inflúen no crecemento económico, no	Coñece as variables que determinan o crecemento económico e os efectos deste.	CSC CMCCT CD

Economía. 1º de BACHARELATO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
I	desenvolvemento. B7.3. Ambiente: recurso sensible e escaso. B7.4. Pobreza e subdesenvolvemento: causas e posibles vías de solución.	e os seus efectos na calidade de vida das persoas, o ambiente e a distribución da riqueza a nivel local e mundial.	desenvolvemento e na redistribución da renda		
			ECB7.1.2. Diferencia os conceptos de crecemento e de desenvolvemento.		CCL CMCCT
			ECB7.1.3. Recoñece e explica as consecuencias do crecemento sobre a repartición da riqueza, sobre o ambiente e sobre a calidade de vida.	Analiza, a partir da actualidade, os efectos do crecemento sobre as persoas e o medio ambiente.	CSC CCL
			ECB7.1.4. Analiza de forma práctica os modelos de desenvolvemento dos países emerxentes e as oportunidades que teñen os países en vías de desenvolvemento para crecer e progresar.	Valora os distintos tipos de crecemento a través de exemplos concretos.	CAA CSC CD
			ECB7.1.5. Reflexiona sobre os problemas ambientais e a súa relación co impacto económico internacional analizando as posibilidades dun desenvolvemento sustentable.	Obtén de prensa comentarios e estudos sobre a necesidade de medrar de forma sustentable.	CSC CMCCT
			ECB7.1.6. Desenvolve actitudes positivas en relación co ambiente e valora a consideración da protección do ambiente na toma de decisións económicas.	Valora positivamente o coidado e respecto polo medioambiente.	CSC CAA
			ECB7.1.7. Identifica os bens ambientais como factor de produción escaso, que proporciona inputs e recolle refugallos e residuos, o que supón valorar os custos asociados.	Recoñece a importancia de coidar os recursos naturais evitando o seu deterioro.	CSC CMCCT
			ECB7.1.8. Recoñece a evolución cíclica da actividade económica, describe as fases, as representa graficamente e considera as súas consecuencias sociais.	Comprende as causas e consecuencias das crises económicas.	CMCCT CSC
a c i l	B7.5. Política fiscal e orzamentos públicos. B7.6. O Estado na economía: funcións. B7.7. Os fallos do mercado e a intervención do sector público. B7.8. Redistribución de renda e riqueza: igualdade de oportunidades.	B7.2. Explicar e ilustrar con exemplos significativos as finalidades e as funcións do Estado nos sistemas de economía de mercado, e identificar os principais instrumentos que utiliza, valorando as vantaxes e os inconvenientes do seu papel na actividade	ECB7.2.1. Distingue e explica as funcións do Estado: fiscais, estabilizadoras, redistributivas, reguladoras e provedoras de bens e servizos públicos.	Coñece a función do Estado como elemento regulador dos mercados.	CCL CMCCT
			ECB7.2.2. Identifica os principais fallos do mercado, as súas causas e os seus efectos para os	Clasifica os fallos do mercado e as posibles formas de solventalos	CSC CMCCT CD

Economía. 1º de BACHARELATO					
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo de consecución	Competencias clave
		económica.	axentes que interveñen na economía, e as opcións de actuación por parte do Estado. ECB7.2.3. Clasifica e describe os elementos integrantes dos orzamentos públicos e argumenta a necesidade de prever os ingresos e os gastos, e controlar a súa execución.	Coñece as principais partidas dos presupostos públicos e analiza a importancia e evolución das mesmas.	CAA CMCCT CD

5. Organización Temporal de Contidos

Seguindo a Recomendación 2006/962/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de decembro de 2006, tentárase potenciar a aprendizaxe por competencias, integradas en forma de actividades nas unidades didácticas que se desenvolven, propiciando a aprendizaxe significativa.

A temporalización das unidades didácticas será flexible en función de cada tema e actividades e das necesidades de cada alumno, que serán quen marquen en certo xeito o ritmo de aprendizaxe.

Dende o departamento de Economía propoñemos a distribución e secuenciación que se expón a continuación; no entanto, atendendo ás características do alumnado intentaremos axustar dita secuenciación, e mesmo alterar a orde dos contidos e seccións de cada unidade se o consideramos necesario ou conveniente. Insistimos en que distribuimos os contidos ao longo das unidades tendo en conta a dificultade que expón a súa aprendizaxe, tentando unha secuenciación gradual e lóxica.

Cadro orientativo da temporalización para cada unidade didáctica, por trimestres:

1º Trimestre

Unidades didácticas	contidos	Sesións
U-1 A actividade económica.	Escaseza e economía (custo de oportunidade) Necesidades, bens e servizos Actividades económicas, factores de produción e axentes económicos A especialización e o intercambio.	6-8
U-2: Estrutura produtiva e sistemas económicos.	As posibilidades de produción (FPP e crecemento económico) Os Sistemas Económicos Instrumentos de análise económica	6-8
Control escrito das unidades vistas		1
U-3: Funcionamento do mercado	Funcións do mercado e Fluxo circular da renda Demanda, Oferta e equilibrio do mercado Elasticidade	8-10
U-4: Modelos de mercado.	Estrutura do mercado e criterios para clasificar os mercados O mercado e a competencia Mercados de competencia perfecta Mercados de competencia imperfecta	8-10

Exame escrito das 4 unidades		1 sesión
Corrección probas escritas na aula		1/ 2 sesión para cada proba

2º Trimestre

Unidades didácticas	contidos	Sesiões
U-5: A produción, os custos e a distribución	Produción e tecnoloxía; a eficiencia. A función de produción: produtividade e tipos Os custos de produción: clasificación A distribución	8-10
U-6: Fallos do mercado. O Estado do Benestar	Análise dos distintos fallos de mercado e posibles actuacións por parte do sector público. O Estado do Benestar: o caso español.	6-8
Control escrito das unidades vistas		1
U-7: Indicadores económicos: a produción	Macroeconomía e variables críticas O PIB e a Contabilidade Nacional	8-10
U-8: Indicadores económicos: emprego e prezos.	A política de emprego: estudo da poboación e mercado de traballo A inflación: medición, causas e consecuencias.	6-8
Exame escrito das 4 unidades		1 sesión
Corrección probas escritas na aula		1/ 2 sesión para cada proba

3º Trimestre

Unidades didácticas	contidos	Sesiões
U-9: Políticas macroeconómicas. Os cartos e os bancos.	A política fiscal: instrumentos e efectos sobre a economía Os cartos: clases, prezo e funcións Os bancos A política monetaria: clasificación	8-10
U-10: O sistema financeiro español.	Intermediarios financeiros bancarios Intermediarios financeiros non bancarios. A Bolsa de valores Fontes de financiamento das empresas: tipoloxía	6-8
Control escrito das unidades vistas		1
U-11: Comercio Internacional e Balanza de Pagamentos.	O comercio internacional: Proteccionismo vs Librecambismo A Balanza de Pagamentos: equilibrio, subbalanzas e criterios de contabilización O mercado de divisas Sistemas monetarios internacionais	8-10
U-12: Relacións económicas internacionais	A cooperación internacional: análise dos organismos máis importantes. Procesos de integración Económica: A Unión Europea A Globalización	6-8
Exame escrito das 4 unidades		1 sesión
Corrección probas escritas na aula		1/ 2 sesión para cada proba

5.1 Grao mínimo de consecución de obxectivos para superar a materia

Os obxectivos mínimos que debe acadar o alumnado ao rematar o curso para a materia de Economía son os seguintes:

- Identificar os problemas económicos básicos dunha sociedade e razoar a forma de resolvelos nos principais sistemas económicos, así como as súas vantaxes e inconvenientes.
- Sinalar as relacións existentes entre división técnica do traballo, produtividade e interdependencia económica. Analizar o funcionamento dos instrumentos de coordinación da produción, así como os seus desaxustes. Comprobar a adquisición dun coñecemento global sobre a estrutura produtiva no noso país.
- Interpretar as variacións en prezos de bens e servizos en función de distintas variables e analizar as desviacións que se producen na práctica entre este coñecemento teórico e o mercado real.
- Explicar a xeración dos excedentes económicos, a súa distribución e a incidencia das políticas redistributivas.
- Diferenciar entre as principais magnitudes macroeconómicas e analizar as relacións existentes entre elas, valorando os inconvenientes que presentan como indicadores da calidade de vida.
- Explicar e ilustrar con exemplos significativos os fins e funcións do Estado nos sistemas de economía de mercado e identificar os principais instrumentos que utiliza, valorando as vantaxes e inconvenientes do seu papel crecente na actividade económica.
- Explicar as causas e importancia da existencia do comercio internacional, identificando as formas que poden adoptar as relacións económicas entre países. Analizar as consecuencias do intercambio desigual entre países desenvolvidos e subdesenvolvidos e a importancia do comercio mundial de alimentos no século XXI.
- Describir o proceso de creación do diñeiro, os seus cambios de valor e a forma en que estes se miden, e identificar as distintas teorías que explican as causas da inflación e os seus efectos sobre o conxunto da Economía.
- Distinguir entre datos, opinións e predicións. Recoñecer distintas interpretacións e sinalar as posibles circunstancias e causas que as explican, a partir de informacións procedentes dos medios de comunicación de masas que tratan, desde puntos de vista dispares, unha cuestión de actualidade referida á política económica do país ou comunidade autónoma.
- A avaliación informa sobre a totalidade do proceso docente, de forma que non debe limitarse a unha simple valoración de contidos senón que debe ser o suficientemente flexible como para permitir a introdución das oportunas modificacións de acordo coa evolución do devandito proceso. Partindo do nivel inicial do alumnado e tendo en conta as súas capacidades, a avaliación debe ter como principal referencia os obxectivos programados do currículo e os alcanzados polos alumnos.

6. Metodoloxía De Aprendizaxe

O método a empregar debe permitir ou posibilitar que os alumnos e as alumnas aprendan a pensar dentro dunha ciencia concreta e sexan capaces de presentar problemas e resolvelos por si mesmos, así como adquirir o hábito de investigar na realidade, pasando dunha actitude receptiva a unha actitude activa.

Importancia da contorna inmediata

A metodoloxía suxire que se deba partir da contorna máis inmediata. As alumnas e os alumnos deben aprender a recoñecer no seu derredor os elementos cos que traballan. Neste sentido son importantes os procedementos de tradución de feitos observables (vila, empresas, actividades que se desenvolven na localidade, etc), problemas a analizar, describíndoos, definíndoos, enunciando conceptos, establecendo relacións, realizando cálculos, etc. Unha vez traballado este nivel, poderase dar un paso máis adiante no proceso de abstracción e entrar noutras partes do modelo que se estea a desenvolver.

Cada paso novo debe ir precedido dunha primeira actividade que conecte coa realidade coñecida. O detectar os coñecementos previos permite actuar sobre a diversidade, tratando de xeito diferente aos que se atopan en situación diferente.

Partir dos coñecementos previos

Os alumnos e alumnas a esta idade saben cousas, posúen ideas xa formadas que foron confeccionando ao longo da súa vida escolar ou na súa contorna familiar ou de amizade. O ter escoitado falar de algo pode servir de punto de partida para entrar no seguinte paso de coñecemento que implica unha reestruturación das estruturas cognitivas.

Debemos contar co alumnado á hora de levar adiante o proceso de aprendizaxe, e non só pola actitude positiva que isto implica, senón polo propio proceso en si mesmo ao requirir unha motivación e actividade pola súa parte. Esta actividade requirirá observar, pensar, presentar dúbidas, etc., en xeral relacionar o aprendido con esquemas de coñecemento anteriores, e aplicar os novos coñecementos á análise e explicación de situacións novas. Para poder levar adiante isto é polo que as actividades deben ser motivadoras e atractivas, é dicir, que o coñecemento non sexa un peso en si mesmo.

As actividades que presentemos deben situarse na chamada zona de desenvolvemento próxima, entre o limite do saber coñecido e o novo, obrigándoos a reestruturar os seus coñecementos con amaño aos novos obxectivos. Nesa constante superación debemos ter en conta que o labor e o esforzo dos alumnos e das alumnas debe ser medido de moitas maneiras, e eles deben saber que se lles vai ter en conta o seu progreso con respecto a períodos anteriores, e non o duns cos dos outros.

Estratexias de aprendizaxe significativa

As estratexias expositoras lévannos a presentar ao alumnado unha información elaborada sobre a que pedimos que se reflexione. Utilizaranse estas estratexias (orais, escritas, ou por outros medios) cando se considere necesario. Como a experiencia ten demostrado este sistema é tanto máis útil canto mais abstractos son os contidos.

En todo caso calquera estratexia debe ir precedida dunha actividade introdutoria que permita ao alumnado saber sobre o que se vai traballar e cal é o obxectivo a acadar; deste xeito poderá relacionar o xa coñecido co novo. Un método fácil é a elaboración de esquemas ou mapas conceptuais.

Ter adquirido un procedemento significa que se posúe a capacidade de utilizalo en diversas situacións, e estes consolídanse coa práctica. Haberá que insistir, neste aspecto, en como se van facendo as cousas, controlando o proceso mais que o resultado, de xeito que ante unha nova tarefa a aplicación dun determinado proceso sexa espontánea e non dependa das indicacións do profesorado.

No caso dos contidos actitudinais, os alumnos e as alumnas deberán mostrar tendencia a comportarse ou expresarse dunha determinada maneira respecto dunha situación ou problema. Ao deseñar, pois, a ensinanza haberá que crear situacións na aula de xeito que o

alumnado poida mostrarse interesado, consciente ou sensibilizado, e mostrar actitudes de atención, de rexeitamento ou de valoración positiva ou negativa ante os casos estudados.

As unidades didácticas deben finalizar sempre coa globalización do traballado e aprendido. De novo os mapas ou esquemas conceptuais son os instrumentos que permiten mellor relacionar tódolos detalles vistos ao longo de cada unidade.

7. Materiais e Recursos Didácticos

No referente aos recursos a empregar na aula, a estratexia expositora require duns materiais seleccionados ou elaborados previamente pola profesora, debendo ser rigorosa na súa selección ou elaboración. A prensa e internet son fontes de información moi importantes nesta materia, que poden ser complementadas con vídeos, material escrito, saídas á rúa ou ben investigacións no propio Centro escolar.

Este nivel de traballo precisa do dominio das tecnoloxías da información: onde están, como utilízalas, que datos son máis fiables, etc. ás que se lle deberá dar unha atención especial para adquirir a destreza necesaria no seu uso. Así faremos uso de:

- Videos de youtube para introducir ou tratar determinados aspectos.
- Tratarase de introducir o emprego de apps para traballar de forma máis atractiva os temas (kahoot, comics&memes, etc), sempre supeditado a que o alumnado teña móbiles e faga un correcto uso dos mesmos.
- Aula virtual, Webex, Gmail ...
- Prensa especializada: www.eleconomista.es

Non se empregará libro de texto para o desenvolvemento da disciplina. A profesora proporcionará os apuntamentos necesarios, elaborados por ela baseándose en diversos libros de economía e outros materiais específicos.

8. Criterios e Instrumentos de Avaliación, Cualificación e Promoción

A avaliación debe proporcionar información tanto á profesora como aos alumnos e alumnas sobre o proceso da aprendizaxe, e servirá de base para levar adiante iniciativas que sirvan para modificar ou mellorar o propio proceso de ensinanza e aprendizaxe. A avaliación non é un acto illado ao final dunha unidade didáctica ou do curso, senón un proceso de recollida constante de información, que nos permitirá emitir xuízos cos que cualificar unha actuación e tomar decisións.

O obxectivo desta **avaliación formativa** non é tanto certificar o nivel de coñecementos do alumnado, senón máis ben servir de axuda tanto aos alumnos e alumnas coma á profesora a reconducir esforzos, en caso necesario, a fin de conseguir un dominio total dos obxectivos programados. Os criterios que empreguemos na avaliación deben ser coñecidos previamente polos nosos alumnos e alumnas.

As actividades de avaliación deben ser acordes co que se ten realizado durante o proceso de ensinanza e aprendizaxe, e recorren toda a gama de contidos desenvolvidos na unidade ou no curso. É necesario propor e desenvolver actividades de avaliación referidas a feitos (que implican memorización, relación con outros contidos...), a conceptos (coñecementos, comprensión, ser capaz de transferir a outra situación un método ou caso, probas que impliquen a actividade intelectual do alumnado), a procedementos (habilidades na resolución de problemas, construción de gráficos, elaboración de táboas, uso de

información, realización de guións ou esquemas ...), a actitudes (colaboración nos traballos, desenvolvemento de opinións críticas, participación nas tarefas colectivas, colaboración no bo funcionamento e desenvolvemento da clase ...).

A **avaliación de actitudes e valores** é moi difícil, ten moito que ver coa capacidade persuasiva do profesorado e ten que ser recoñecida polo alumnado coma útil. De tódolos xeitos hai cousas medibles como son: a realización de xuízos reflexivos e sistematizados, o recoñecemento de valores positivos cara a certo tipo de comportamentos desexables (funcionamento da clase, participación nos traballos, grao de cumprimento dos compromisos adquiridos, nivel de traballo en grupo...).

A **avaliación final** ten coma obxectivo clasificar, nivelar e certificar aos alumnos e alumnas con respecto ao grao de cumprimento dos obxectivos marcados na unidade ou curso. Ao final, resumindo moito, supoñería coñecer se os rendementos foron suficiente e satisfactorios. Ademais a avaliación deberá ser individualizada (do alumno/a respecto a si mesmo/a).

Non se realizarán probas de recuperación por trimestres. Si se realizará un exame de recuperación en xuño, para os alumnos/as que non superasen algunha avaliación durante o curso.

A **nota da avaliación** tendo en conta aspectos de carácter intanxible como a participación na aula, comportamento, asistencia, interese, traballo, etc.

A **nota final do curso** terá en conta, en todo caso, a nota acadada en cada unha das tres avaliacións.

O alumnado que non puidera presentarse ás probas nas datas fixadas, irá as probas de recuperación a final de curso.

O alumnado será cualificado polo dominio que demostre sobre os contidos, procedementos e actitudes amosadas durante o curso. As cualificacións serán a nota media de tódalas notas obtidas nas distintas probas.

Quen non supere as probas de recuperación final de curso, deberase presentar ao **exame extraordinario de setembro**, o cal consistirá nun exame escrito sobre os contidos mínimos.

Cálculo da cualificación:

- A cualificación do trimestre terá en conta **todos os instrumentos de avaliación**; farase un control e un exame en cada avaliación. No control entrarán 2 temas e no exame todos os temas correspondentes á avaliación (4 polo xeral). De aí que o control puntúe un 30% da nota das probas escritas e o exame o 70 % restante.

Exames escritos	80 %
Traballos e presentación destes	10%
Actitude e interese pola materia	10%

A media resultante dos exames escritos deberá ser como mínimo dun 40% do valor asignado a esta parte. A partires de aí, súmanse as notas de traballos presentados e a actitude ante a materia.

- **Faltas de ortografía:** cada falta de ortografía penalizarase con -0,125 puntos: Se o número de faltas descende significativamente ao longo do trimestre, non se terá en conta na cualificación.

- **Presentación de cadernos, traballos e exames:** Deberán axustarse ao que se pida en cada caso: índice, paxinación, portada...
 - Todo exercicio debe comezar a contestarse facendo referencia ao que se pregunta.
 - Teranse en conta: marxes, sangrías, signos de puntuación, caligrafía e limpeza.
 - Potenciarase o uso das TIC, de xeito que o alumnado será libre de entregar os traballos solicitados impresos, gravados en memoria externa ou a través do correo electrónico ou en espazos virtuais de colaboración ou almacenamento.
- **Observación directa da actitude** mediante rúbrica ao efecto: colaboración, traballo en equipo, atención, puntualidade, etc.

Será necesario acadar unha avaliación positiva (a nota mínima para aprobar a materia será de cinco puntos), tanto nos contidos conceptuais coma nos procedimentais e actitudinais, para proceder á acumulación das porcentaxes anteriormente citadas; e, en todo caso, respecto das probas obxectivas escritas (exames escritos), o alumnado deberá obter unha nota superior ó catro en cada unha delas para poder optar a facer media entre ambas, e, polo tanto, que dita proba compute para a nota na ponderación de avaliación proposta.

A nota que levarán no boletín trimestral, será a suma das porcentaxes acadadas en cada unha das probas realizadas nesa avaliación. No caso de que esta non sexa unha cifra exacta, a profesora terá potestade para redondear para arriba ou para abaixo. Para facer este redondeo, teranse en conta aspectos de carácter intanxible como a participación na aula, comportamento, asistencia, interese, traballo, etc.

8.1 Instrumentos De Avaliación

Cuestionarios

Os cuestionarios que se empreguen na aula son útiles para:

- indagar ideas previas.
- contrastar marcos conceptuais de inicio e final.

Exames e Outras Probas Escritas ou Oraís

O exame, xunto con outros instrumentos de avaliación, pode ser unha fonte de información útil para:

- reproducir contidos conceptuais relevantes.
- relacionar contidos.
- expresar opinións ou xuízos de valor.
- aplicar contidos, especialmente procedimentais.
- resolver e formular problemas.

Coa avaliación pretendemos premiar dalgún xeito tódalas tarefas realizadas polo alumnado, polo que consideraremos enormemente positiva a valoración do seu traballo diario, a participación na clase, e incluso a asistencia, coma un xeito máis de manterse motivado á materia. Considérase importante destacar as tarefas en grupo, sen deixar de valorar as probas que se poidan desenvolver ao longo do curso, tratando, iso si, de comprobar a comprensión dos temas tratados na aula, que non a súa memorización.

En cada avaliación faranse dous exames; o primeiro deles será un control de dous ou tres temas (segundo se considere oportuno) e o segundo recollerá tódolos temas que se impartiron nesa avaliación. Polo tanto, a nota do control contará unha porcentaxe do 30% da nota dos exames e a do exame o 70% (o resultado da suma deberá ser, como mínimo de

5 puntos para lograr aprobar). Se no exame hai parte teórica e práctica, haberá que superar as dúas partes para facer a media. Na puntuación terase en conta tanto a expresión correcta dos contidos como o emprego axeitado da ortografía e da sintaxe.

O resultado da nota de cada avaliación dependerá tanto das notas dos dous exames que se farán por avaliación como dos traballos recollidos ou expostos na aula (comentarios de artigos, exercicios individuais e colectivos), así como da participación nas actividades diarias.

Os alumnos e as alumnas que non superaran todas ou algunha das avaliacións, terán a opción de recuperala no exame final de xuño.

Na convocatoria de setembro os contidos serán os mesmos que en xuño.

8.2 Actividades de Recuperación ou Reforzo

Por reforzo educativo enténdese toda medida ordinaria de atención á diversidade que afecta á secuencia dos contidos, a forma e instrumentos de avaliación, á organización da aula, etc. É unha acción educativa específica, adicional ou complementaria, no marco de traballo na aula para atender dificultades de aprendizaxe, que non precisan doutras adaptacións curriculares máis profundas.

A profesora deste departamento, no ámbito concreto da súa materia tomará e poñerá en marcha as medidas de reforzo educativo ou recuperación que vexa necesarias.

O alumnado que teña **pendente de recuperación a materia do ano anterior** recibirá un calendario de entrega de actividades e de probas obxectivas que lle permitan recuperala ao longo do curso.

Para o alumnado que **perda o dereito á avaliación continua** seguirase o procedemento de actuación establecido no Regulamento de Réxime Interior, común para todo o centro.

9. Medidas de Atención á Diversidade

Intentarase facer un esforzo para atender a cada alumno ou alumna do xeito máis personalizado posible, tendo en conta o seu nivel de coñecementos e capacidades que posúe, as súas motivacións e ritmo de aprendizaxe.

Naquelas ocasións nas que sexa necesario, realizaranse adaptacións curriculares modificando: material escolar, actividades, método, grupos de traballo, tempo e orde dos contidos e criterios de avaliación, aplicándoos de forma individualizada.

Estas medidas de atención á diversidade han de favorecer a adaptación aos intereses, capacidades e motivacións dos alumnos respectando sempre un traballo común de base e intención formativa global que permita a consecución das competencias clave e dos obxectivos do curso e da etapa.

10. Elementos Transversais

Os temas transversais establecidos, Educación para a Paz, Educación moral e cívica, Educación para a saúde, Educación para igualdade dos sexos, Educación ambiental, Educación sexual, Educación viaria e a Educación para o consumidor, os problemas do Terceiro Mundo e a pobreza, estarán presentes ao longo do curso, fundamentalmente no sentido actitudinal e de valores. Serán traballados conxuntamente cos temas que polas súas características sexan máis acordes.

11. Actividades Complementarias

Considéranse actividades complementarias as planificadas polos docentes que utilicen espazos ou recursos diferentes ao resto das ordinarias da área, aínda que precisen tempo adicional do horario non lectivo para a súa realización. Serán avaliábeis a efectos académicos e obrigatorios tanto para o profesorado como para o alumnado. Terán carácter voluntario cando se realicen fóra do centro ou precisen achegas económicas das familias, en cuxo caso garantírase a atención educativa do alumnado que non participen nas mesmas.

Entre os propósitos que perseguen este tipo de actividades destacan:

- Completar a formación que recibe o alumnado nas actividades curriculares.
- Mellorar as relacións entre o alumnado e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- Permitir a apertura do alumnado cara a contorna física e cultural que o rodea.
- Contribuír ao desenvolvemento de valores e actitudes adecuadas relacionadas coa interacción e o respecto cara os demais, o coidado do patrimonio natural e cultural.
- Desenvolver a capacidade de participación nas actividades relacionadas co entorno natural, social e cultural.
- Estimular o desexo de investigar e saber.
- Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumnado.
- Espertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integren e realicen.

Proposta de actividades complementarias:

- Celebración de efemérides: Día da muller, Día da muller na ciencia, Día da Paz, etc.
- Cine escolar.

Ao longo do curso, irán facendo traballos biográficos dos economistas que se tratan nas diferentes unidades didácticas.

Este curso, debido á situación de pandemia, non se realizarán actividades complementarias fóra do centro escolar.

12. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación

Os instrumentos empregados deben valer para comprobar o grao de aprendizaxe, identificar o non aprendido e determinar o por que para intentar corrixir as desviacións de cara a novos cursos. Ao longo do curso iránselle propoñendo unha serie de probas, que dado o nivel e os contidos que se manexan van recaer fundamentalmente en traballos e exames. Todo este proceso debe proporcionar información non só dos pasos dados polo alumnado, senón polo propio proceso de ensinanza en si mesmo e debe responder ás seguintes preguntas:

- Propuxéronse as actividades necesarias para desenvolver as capacidades que establecemos?
- O material proporcionado foi o axeitado?
- Os programas de "recuperación", foron unha mera repetición do xa realizado, ou ben estiveron adaptados a cada alumno ou alumna segundo o tipo de carencia que tiña?

- O tempo dedicado ao desenvolvemento da unidade foi o necesario?

Segundo as respostas obtidas ás preguntas anteriores, haberá que realizar as modificacións pertinentes nas programacións didácticas, de cara a melloralas para vindeiros anos.

13. Comportamentos Sancionables

Teléfonos Móviles

Os teléfonos móbiles estarán desconectados durante as aulas. Queda totalmente prohibido o seu uso na aula, aínda que sexa coma calculadora, reloxo....

As persoas que o empreguen serán expulsadas automaticamente e non poderán volver á aula ata que os seus pais ou titores se poñan en contacto coa dirección do centro.

O alumno/a que use o móbil nun exame, ademais de aplicárselle a norma anterior, terá un cero nesa proba.

Dedicarse a outras materias

O alumnado que durante as aulas de Economía da Empresa se dedique a realizar tarefas para outras materias; será sancionado con **0,5 puntos** na nota da avaliación.

14. Rúbricas

14.1 Rúbrica para un traballo escrito

	Contido do traballo	Expresión escrita	introdución
Moi mal Insuficiente (0)	Descoñece o tema . Non achega autores, datas, bibliografía...	A linguaxe non é clara nin precisa. Estrutura das frases inaxeitada e vocabulario pobre.	Non hai introdución, é confusa ou non achega nada sobre o tema.
Mal Insuficiente (0,25)	Apenas expón o tema, non achega bibliografía nin referencias a autores, datas...	Linguaxe pouco clara e imprecisa. Vocabulario pobre e as frases, en xeral, non están ben estruturadas.	A introdución é confusa. Non inclúe unha exposición xeral do tema. O obxectivo do tema non está claro.
Regular Suficiente (0,5)	Demostra un coñecemento básico do tema. Recompila e organiza os datos correctamente. Ten dificultade corroborando os datos.	A linguaxe non é moi clara. En ocasións a linguaxe non é clara. O vocabulario pouco variado. Case non emprega terminoloxía técnica.	A introdución inclúe o propósito do traballo. Non se presenta exposición xeral do tema ou as subdivisións principais. O propósito do tema e os obxectivos requiren clarificación ou non se presentan de xeito obxectivo.
Boa (0,8)	Demostra un bo coñecemento do tema pero sen afondar. Achega poucas explicacións e información complementaria. Recompila e organiza os datos correctamente.	Usa linguaxe case sempre clara e precisa. A estrutura das frases é case sempre axeitada. O vocabulario é pouco variado e usa ás veces tecnicismos.	A introdución inclúe o propósito do traballo, exposición xeral do tema e subdivisións principais. Os obxectivos están algo confusos.
Excelente (1)	Demostra un coñecemento do tema profundo e detallado. Achega contidos adicionais. Recompila e organiza os datos correctamente.	Emprega linguaxe clara e precisa. A estrutura das frases é correcta; emprega vocabulario rico e variado e usa tecnicismos económicos.	A introdución inclúe o propósito, exposición xeral do tema, obxectivos claros e subdivisións principais.

Esta rúbrica será empregada para os traballos escritos, tanto sexan individuais coma de grupo.

14.2 Rúbrica para unha presentación oral

	Contido da exposición	Expresión oral
Moi mal Insuficiente (0)	Descoñece o tema por completo. Non achega información complementaria. Non responde ás preguntas.	A linguaxe e a pronunciación non son claras nin precisas. Ton inadecuado. A estrutura das frases non é axeitada ca. Non emprega terminoloxía técnica.
Mal Insuficiente (0,25)	Apenas coñece o tema. Achega información complementaria mínima. Non responde ás preguntas	A linguaxe e a pronunciación non son claras nin precisas. Ton inadecuado. A estrutura das frases non é axeitada en moitas ocasións. Non emprega terminoloxía técnica
Regular Suficiente (0,5)	Demostra un coñecemento moi básico do tema. A información complementaria que engade é moi escasa. Non responde correctamente á maioría das preguntas.	A linguaxe e a pronunciación non son demasiado claras nin precisas. A estrutura das frases ás veces é axeitada. Vocabulario pouco variado e con poucos tecnicismo económicos.
Boa (0,8)	Demostra un bo coñecemento do tema pero non afonda nel. Achega poucas explicacións e información complementaria. Responde a algunhas preguntas de xeito incorrecto.	Usa unha linguaxe case sempre clara e precisa. Ton aceptado. A estrutura das frases é bastante axeitada. O vocabulario é variado aínda que emprega poucos tecnicismos.
Excelente (1)	Demostra un coñecemento a fondo e detallado do tema. É quen de achegar explicacións e información complementaria. Responde ás preguntas de xeito preciso.	Emprega linguaxe clara e precisa, ton axeitado e boa pronunciación. A estrutura das frases é case sempre adecuada. Vocabulario rico e con motos tecnicismos.

14.3 Rúbrica para avaliar a actitude

	Interese na aula	puntualidade	Respecto	Traballo na materia
Moi mal Insuficiente (0)	Molesta na aula ou non atende. Non trae material. Non comparte ideas nin coñecemento co grupo.	Falta moitas veces, xeralmente chega tarde e non é puntual á hora de entregar os traballos.	Non agarda a súa quenda para intervir. É intolerante coas opinións que difiren da súa, chegando a mostrarse agresivo/a.	Non se rexistra ningún tipo de actividade.
Mal Insuficiente (0,25)	Mostra pouco interese. Rara vez trae material.	Frecuentemente chega tarde, non é moi puntual á hora de entregar traballos.	Cóstalle gardar quenda para intervir. Ás veces é intolerante coas opinións dos demais.	Xeralmente non segue o ritmo da aula. Se hai actividades para a casa, case nunca as trae resoltas.
Regular Suficiente (0,5)	Ás veces participa. Moi poucas veces comparte ideas e non mostra o suficiente interese.	Algunha vez falta ou ten retrasos. Algunha vez entrega puntualmente os traballos.	Ás veces non respecta a quenda de intervención.	Non proporciona ideas e solucións. Poucas veces realiza as tarefas da casa.

Boa (0,8)	Case sempre está atento/a, demostra interese e varias veces comparte ideas e coñecementos.	Case nunca falta nin soe ter retrasos. Xeralmente entrega os traballos na data acordada.	Case sempre escoita con respecto aos seus compañeiros/as e móstrase tolerante con opinións diferentes.	Participa activamente na maioría das actividades. Ás veces proporciona ideas e solucións. Trae tarefas da casa.
Excelente (1)	Sempre está atento/a, trae material. Mostra moito interese e coñecementos co grupo.	Nunca falta ou ten retrasos. Sempre entrega os traballos na data prevista.	Sempre agarda a súa quenda par intervir. Escoita con respecto e mostra tolerancia coas opinións diferentes á súa.	Participa activamente en tódalas actividades. Sempre proporciona ideas e solucións.

15. Medidas previstas para o caso de ter que pasarse a ensino non presencial

O modelo non presencial resulta complexo nesta materia dado que se complica o poder facer un seguimento continuo das tarefas do alumnado. É por isto que, no caso de ter que pasar a este modelo, sería fundamental a súa participación durante as clases on-line amosando as súas dúbidas e os seus rostros para poder achegarnos o máximo posible ao modelo presencial. Só deste xeito avanzarán cara a consecución dos obxectivos mínimos e imprescindibles para a superación da materia.

En caso de ter que pasar ao ensino non presencial neste nivel procederase como segue:

- A entrega das unidades didácticas e outro material, farase a través da aula virtual ou do correo electrónico do alumnado.
- A docencia expositiva e a resolución de dúbidas farase a través de clases on-line en WEBEX ou Skype (o que mellor funcione).
- Para outras comunicacións co alumnado e familias empregárase o correo electrónico.

PROGRAMACIÓN FUNDAMENTOS DE ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN

**2º CURSO
BACHARELATO**

IES Plurilingüe XOSÉ NEIRA VILAS

Curso 2020-2021

Rosa Brandón Rodríguez

1. Introducción e Contextualización	4
2. Unidades Didácticas. Obxectivos e contidos	5
UNIDADE 1. Introducción á empresa	5
Obxectivos Didácticos	5
Contidos Conceptuais	5
Contidos Procedementais	6
Contidos Actitudinais	6
Criterios de avaliación	6
Temporalización	7
Estándares de aprendizaxe	7
UNIDADE 2. CREACIÓN DA EMPRESA	7
Obxectivos	7
Contidos Conceptuais	8
Contidos Procedementais	8
Contidos Actitudinais	8
Criterios de avaliación	9
Temporalización	9
UNIDADE 3. SECRETARÍA E ARQUIVO	9
Obxectivos	9
Contidos Conceptuais	9
Contidos Procedementais	10
Contidos Actitudinais	10
Criterios de avaliación	10
Temporalización	11
Estándares de aprendizaxe	11
UNIDADE 4. ADMINISTRACIÓN	11
Obxectivos	11
Contidos Conceptuais	11
Contidos Procedementais	12
Contidos Actitudinais	12
Criterios de avaliación	12
Temporalización	13
Estándares de aprendizaxe	13
UNIDADE 5. APROVISIONAMENTO	13
Obxectivos	13
Contidos Conceptuais	13
Contidos Procedementais	14
Contidos Actitudinais	14
Criterios de avaliación	15
Temporalización	15
UNIDADE 6. PRODUCCIÓN	15
Contidos Procedementais	16
Contidos Actitudinais	16
Criterios de avaliación	16
Temporalización	16
Estándares de aprendizaxe	16
UNIDADE 7. COMERCIALIZACIÓN	17
Obxectivos	17
Contidos Conceptuais	17
Contidos Procedementais	17
Contidos Actitudinais	17
Criterios de avaliación	18
Temporalización	18

	Estándares de aprendizaxe	18
	UNIDADE 8. TESOURARÍA E FINACIACIÓN.....	18
	Obxectivos	18
	Contidos Conceptuais.....	19
	Contidos Procedementais.....	19
	Contidos Actitudinais	20
	Criterios de avaliación	20
	Temporalización	20
	Estándares de aprendizaxe	20
	UNIDADE 9. O DEPARTAMENTO DE RECURSOS HUMANOS	21
	Obxectivos	21
	Contidos Conceptuais.....	21
	Contidos Procedementais.....	21
	Contidos Actitudinais	22
	Criterios de avaliación	22
	Temporalización	22
	Estándares de aprendizaxe	22
	UNIDADE 10. ADMINISTRACIÓN.....	23
	Obxectivos	23
	Contidos Conceptuais.....	23
	Contidos Procedementais.....	23
	Contidos Actitudinais	24
	Criterios de avaliación	24
	Temporalización	24
	Estándares de aprendizaxe	24
3.	Criterios de avaliación	25
	Bloque 1. Innovación empresarial. A idea de negocio: o proxecto de empresa	25
	Bloque 2. A organización interna da empresa. Forma xurídica e recursos	26
	Bloque 3. Documentación e trámites para a posta en marcha da empresa.....	26
	Bloque 4. O plan de aprovisionamento.....	26
	Bloque 5. Xestión comercial e de mercadotecnia na empresa.....	26
	Bloque 6. Xestión dos recursos humanos	26
	Bloque 7. Xestión da contabilidade da empresa	26
	Bloque 8. Xestión das necesidades de investimento e financiamento. Viabilidade da empresa	26
	Bloque 9. Exposición pública do desenvolvemento da idea de negocio	26
4.	Metodoloxía, actividades e estratexias	27
	4.1 O obxectivo e o método	27
	4.2 Partir dos coñecementos previos.....	27
	4.3 As actividades	27
	4.4 Importancia da contorna inmediata.....	27
	4.5 Os contidos.....	28
	4.6 As estratexias da aprendizaxe significativa.....	28
5.	Medidas de Atención á Diversidade	29
	5.1 Actividades De Recuperación Ou Reforzo	29
6.	Temas Transversais.....	29
7.	Temporalización	29
8.	Actividades extraescolares e complementarias.....	30
	Proposta de actividades complementarias:	30
9.	Materiais e Recursos Didácticos	30
10.	Comportamentos Sancionables.....	31

11. Rúbricas	32
11.1 Rúbrica para un traballo escrito	32
11.2 Rúbrica para unha presentación oral	32
11.3 Rúbrica para avaliar a actitude	33
12. Medidas previstas para o caso de ter que pasarse a ensino non presencial	34

1. Introducción e Contextualización

No contexto actual é importante estimular as destrezas e habilidades dos estudantes para transformar ideas en proxectos, a través dun estudo profundo das variables para a posta en marcha dun negocio e a súa viabilidade futura.

En España, a imaxe do empresario como modelo positivo de identificación non foi moi robusta: considerouse unha actividade arriscada e menos agradecida que outras máis tradicionais. Con todo, producíronse cambios de forma moi rápida, na liña de dar valor á creación e posta en marcha de ideas e as repercusións positivas que supoñen para o individuo, a sociedade, a economía e a creación de postos de traballo.

Os estudantes porán en xogo competencias específicas que lles permitirán ser quen de elaborar un plan de negocio; comprender os procesos e os procedementos asociados á creación e o mantemento dunha empresa e ser conscientes da importancia da ética empresarial e a responsabilidade social, entre outras cousas.

O sistema didáctico que propomos resúmese na realización na aula, nas seguintes fases:

Fase 1. Introducción á Unidade. Ao comezar cada Unidade móstrase ao estudante unha breve introdución para pasar a continuación a ver os interrogantes que se lle presentan á empresa.

Fase 2. Estudo dos contidos da Unidade. Aprendizaxe de conceptos e técnicas. Os coñecementos necesarios para resolver as operacións están desenvolvidos na unidade. Explícanse os contidos e estúdanse os conceptos, debendo realizarse as actividades de aprendizaxe que se inclúen en cada Unidade, que serven para aplicar os mesmos axudando a conseguir un maior grao de comprensión.

A corrección destas actividades, coas explicacións adicionais que correspondan, contribúe a asentar os conceptos, procedementos e técnicas implicados.

Fase 3. O alumno realiza a xestión da empresa resolvendo as operacións expostas axudándose dos coñecementos e técnicas adquiridos na Fase 2.

As operacións da empresa verifícanse e corríxense na aula, por grupos de traballo, achegando a profesora as solucións e realizando as explicacións correspondentes.

Traballo en grupos

O traballo do alumnado en grupos pode resultar máis eficaz e creativo que o traballo de forma individual. Organizados en grupos de traballo, deben realizar as funcións que a actividade da empresa lles vai esixindo.

É importante que segundo se vaian realizando estas operacións os alumnos debatan sobre os traballos realizados, pondo en común os seus logros ou erros, e sendo a profesora quen corrixa as mesmas, achegando en cada caso a solución correcta e realizando as explicacións que se consideren convenientes.

As operacións da empresa que figuran en cada unha das Unidades forman entre todas unha unidade, é dicir, constitúen un exercicio económico completo dunha pequena empresa comercial, que abarca:

- Constitución.
- Inicio das súas actividades, realizando as súas operacións ao longo do exercicio.
- Peche do exercicio o 31 de decembro.

As solucións e documentos que se van elaborando en cada Unidade gardan unha relación necesaria de continuidade coas das Unidades seguintes.

Resulta imprescindible, por tanto, establecer un arquivo de documentación da empresa, onde vaian clasificando e conservando os documentos e todos os rexistros que se vaian utilizando nas distintas Unidades para levar a administración axeitada da empresa. Este arquivo pode organizarse a través dun arquivador A-Z, con separadores internos, convenientemente organizados e tamén nun cartafol no computador (se é posible).

Cada alumno debe levar o seu arquivador A-Z, con toda a documentación, rexistros e libros da empresa, aínda que traballen en grupo e realicen estas operacións en común, cada un debe cumprimentar toda a documentación e realizar todos os rexistros correspondentes, coma se fose o xestor único da empresa.

A organización correcta deste arquivo e o levalo constantemente ao día constitúe unha práctica importante do traballo administrativo e unha continua actividade de aprendizaxe para esta materia.

2. Unidades Didácticas. Obxectivos e contidos

UNIDADE 1. Introducción á empresa

Obxectivos Didácticos

- Introducirse na realidade empresarial, comprender que son as empresas, que fins teñen e que funcións realizan.
- Coñecer as distintas formas de clasificación das empresas.
- Coñecer as distintas formas xurídicas que existen para a súa constitución, e analizar os seus principais características.
- Comprender as principais tarefas e actividades que se realizan nas empresas, e coñecer as súas principais áreas internas ou departamentos.

Contidos Conceptuais

- Introducción ao mundo empresarial.
- Concepto, fins e funcións das empresas.
- Clases de empresas.
- Formas xurídicas de empresas:
 - Empresario individual.
 - Sociedade colectiva.
 - Sociedade comanditaria:
 - Simple.
 - Por accións.
 - Sociedade de responsabilidade limitada:

- Sociedade anónima.
- Sociedade anónima laboral.
- Sociedade cooperativa.
- O marco legal da empresa.
- Organización interna:
 - Departamentos e funcións.
 - Organigramas.

Contidos Procedementais

- Simulación. Proxecto de creación de nosa propia empresa.
 - Definición e análise do proxecto da empresa simulada.
 - Aplicación de conceptos e técnicas para a resolución dos interrogantes que se expoñen á empresa simulada.
- Análise do papel das empresas.
- Identificación das diferentes clases de empresas, analizando o distinto grao de responsabilidade dos seus propietarios en cada unha delas.
- Relación entre formas xurídicas de empresas, magnitude do capital necesario, número de socios e responsabilidade dos mesmos.
- Análise da organización interna da empresa.

Contidos Actitudinais

- Valoración do papel das empresas na economía dun país.
- Reflexión sobre a utilidade das empresas para a satisfacción das necesidades dos cidadáns.
- Valoración da función do empresario.
- Enxuízamento das distintas formas xurídicas de constitución das empresas.
- Entendemento da organización interna da empresa, valorando a función que desempeñan na mesma os distintos departamentos.

Criterios de avaliación

- Xustificar o papel das empresas na economía dun país e na vida dos cidadáns.
- Identificar as diferentes clases de formas xurídicas de empresas e analizar os seus principais características: grao de responsabilidade dos seus propietarios, capital necesario, número de socios, organización, etc.
- Resolver supostos prácticos sobre a organización interna das empresas:
- Propor unha estrutura departamental idónea.
- Definir funcións básicas para cada departamento.
- Debuxar unha organigrama coas relacións entre os mesmos.

Temporalización

A temporalización de cada Unidade é orientativa, a profesora pode variar as directrices xerais adaptándose ás necesidades do seu alumnado. De todos os xeitos, propónse, como referencia, dedicar a esta Unidade 9 horas.

Estándares de aprendizaxe

Os estándares de aprendizaxe relacionados con esta unidade son:

- 1.1. Identifica os diferentes aspectos da innovación empresarial e explica a súa relevancia no desenvolvemento económico e creación de emprego.
- 1.2. Recoñece diversas experiencias de innovación empresarial e analiza os elementos de risco que levan aparelladas.
- 1.3. Valora a importancia da tecnoloxía e de internet como factores clave de innovación e relaciona a innovación coa internacionalización da empresa.
- 2.1. Analiza o sector empresarial onde se desenvolve a idea de negocio.
- 2.2. Realiza unha análise do mercado e da competencia para a idea de negocio seleccionada.
- 3.1. Explica as diferentes perspectivas da figura do emprendedor desde o punto de vista empresarial.
- 3.2. Avalía as repercusións que supón elixir unha idea de negocio.
- 3.3. Analiza as vantaxes e inconvenientes de diferentes propostas de ideas de negocio realizables.
- 3.4. Expón os seus puntos de vista, mantén unha actitude proactiva e desenvolve iniciativa emprendedora.
- 3.5. Traballa en equipo mantendo unha comunicación fluída cos seus compañeiros para o desenvolvemento do proxecto de empresa.
- 4.1. Recoñece os diferentes obxectivos e fins da empresa e relaciónaos coa súa organización.
- 4.2. Reflexiona sobre o papel da responsabilidade social corporativa e valora a existencia dunha ética dos negocios
- 4.3. Proporciona argumentos que xustifican a elección da forma xurídica e da localización da empresa.
- 4.4. Comprende a información que proporciona a organigrama dunha empresa e a importancia da descrición de tarefas e funcións para cada posto de traballo.
- 4.5. Realiza unha previsión dos recursos necesarios.

UNIDADE 2. CREACIÓN DA EMPRESA

Obxectivos

- Comprender o proceso de creación dunha empresa.

- Coñecer as decisións previas á tramitación.
- Pescudar cales son os trámites obrigatorios e necesarios para a posta en marcha dunha empresa.
- Saber relacionar os trámites cos seus correspondentes organismos.
- Ser capaz de realizar a posta en marcha dunha empresa. En especial, unha empresa individual (comercial) por xunto.

Contidos Conceptuais

- Decisións previas á posta en marcha dunha empresa.
 - Actividade empresarial.
 - Nome.
 - Logotipo.
 - Localización (localización).
- Xestións e trámites para a constitución e posta en marcha da empresa.
 - Documentación.
 - Organismos.
 - Requisitos.
- Outras xestións.
- Impresos para a realización dos trámites.

Contidos Procedementais

- Simulación. Creación da empresa simulada.
 - Elección do nome da empresa.
 - Identificación dos trámites e xestións necesarios para a constitución da empresa simulada.
 - Aplicación de conceptos e técnicas para a resolución dos interrogantes e operacións que se expoñen á empresa simulada.
- Identificación das decisións de carácter previo á creación dunha empresa.
- Obtención de información sobre as xestións e trámites necesarios para a constitución e posta en marcha das empresas mediante a visita aos diferentes organismos implicados.
- Cumprimentación dos documentos necesarios para a constitución das empresas.
- Análise das funcións que, en relación coa creación de empresas, desempeñan os organismos públicos.

Contidos Actitudinais

- Entendemento do papel dos diferentes organismos no proceso de creación e posta en marcha das empresas.
- Reflexión sobre a importancia que ten para as empresas o nome das mesmas, do logotipo e a súa localización.
- Reflexión sobre a facilidade/dificultade dos trámites que teñen que realizar as empresas para a súa constitución.

Criterios de avaliación

- Identificar, en supostos dados, a relación existente entre: nome da empresa, logotipo, localización e actividade que realiza.
- Realizar un esquema-resumo que recolla os organismos que interveñen no proceso de posta en marcha dunha empresa e os trámites a realizar en cada un deles.
- Cumprimentar os trámites necesarios para a posta en marcha dunha empresa segundo a súa forma xurídica.
- Realizar xestións diversas ante organismos públicos e privados.

Temporalización

8 horas.

Estándares de aprendizaxe

Os estándares de aprendizaxe relacionados con esta unidade son:

- 1.1. Identifica os diferentes trámites legais necesarios para a posta en marcha dun negocio e reconece os organismos ante os cales han de presentarse os trámites.
- 2.1. Utiliza habilidades comunicativas e técnicas para atraer a atención na exposición pública do proxecto de empresa.
- 3.1. Manexa ferramentas informáticas e audiovisuais atractivas que axudan a unha difusión efectiva do proxecto.

UNIDADE 3. SECRETARÍA E ARQUIVO

Obxectivos

- Establecer un circuío de información e comunicación dentro da empresa e desta co exterior, aplicando as técnicas máis comúns.
- Coñecer as normas sobre a obrigaón de conservar a documentación que a empresa xera.
- Coñecer as regras oficiais de clasificación.
- Analizar e distinguir as diferentes clases de arquivo.
- Distinguir as diferentes formas de comunicación da empresa con outras empresas, organismos e/ou particulares.
- Ser quen de aplicar as técnicas de comunicación máis frecuentes.

Contidos Conceptuais

- Conservación da documentación:
 - Necesidade da información documental.
 - Normativa legal.
- O arquivo:
 - Concepto e finalidade.
 - Clases.
 - Organización material.

- Sistemas de clasificación.
- Técnicas de comunicación escrita:
 - Carta comercial.
 - Saída
 - Informe.
 - Notas interiores.
 - Certificado.
 - Instancia.
 - Declaración.
 - Currículo vitae.
 - Oficio.
- Rexistros de correspondencia:
 - Rexistros de entrada e saída.
 - Correspondencia interna.

Contidos Procedementais

- Simulación. Actividades da empresa simulada.
 - Organización da empresa: circulación da información.
 - Establecemento dun sistema de arquivo, clasificación e rexistro para os distintos tipos de documentos.
 - Confección de cartas de presentación da empresa aos posibles provedores.
 - Aplicación de conceptos e técnicas para a resolución das novas necesidades que se lle expoñen á empresa simulada.
- Obtención de información, a través das persoas encargadas da conservación e da xestión da documentación do propio centro educativo do alumno, da forma, medios, sistemas e rexistros dos documentos e escritos que se utilizan.
- Obtención de información, a través das persoas encargadas da biblioteca do propio centro, sobre a forma de levar a xestión da mesma: fichas de libros, sistema de clasificación dos mesmos, localización e control dos mesmos.
- Redacción de escritos e comunicacións de acordo cos formatos establecidos para cada clase de documentos.
- Resolución de supostos prácticos de arquivo e clasificación aplicando diferentes sistemas.

Contidos Actitudinais

- Reflexión sobre a necesidade das empresas de conservar a documentación escrita, e de poder localizala facilmente cando se necesite a súa consulta.
- Comprensión da importancia do establecemento dunha organización eficaz dos arquivos para poder gardar, conservar e localizar os documentos que se manexan na actividade empresarial.
- Valoración dos distintos sistemas de clasificación e arquivo de documentos e escritos.

Criterios de avaliación

- Xustificar a importancia e necesidade de conservar a documentación na empresa.

- Realizar un esquema-resumo que ofrezca os puntos básicos da clasificación e o arquivo.
- Realizar supostos expostos de comunicacións, utilizando os diferentes medios dispoñibles.
- Definir, ante un suposto dado, os sistemas de circulación interna da correspondencia e os rexistros necesarios.
- Procesar a correspondencia e documentación. Coñecer as innovacións tecnolóxicas no campo da información. Recibir e distribuír información oral e escrita.

Temporalización

8 horas.

Estándares de aprendizaxe

Os estándares de aprendizaxe relacionados con esta unidade son:

1.1. Comprende e sabe realizar os trámites fiscais, laborais e de Seguridade Social e outros para a posta en marcha.

1.2. Valorar a relevancia do cumprimento dos prazos de tempo legais para efectuar os trámites e crear o negocio.

UNIDADE 4. ADMINISTRACIÓN

Obxectivos

- Comprender o concepto xurídico-económico de patrimonio (bens, dereitos e obrigacións) e introducirse no seu rexistro contable.
- Determinar as necesidades patrimoniais básicas das empresas en relación coas súas actividades.
- Entender a incidencia das distintas operacións da empresa sobre o patrimonio.
- Empezar a coñecer a Contabilidade como ciencia e introducirmos na actividade contable da empresa.
- Comprender o significado contable das contas e dos asentos contables polo método da Partida Dobre.
- Coñecer os principais libros contables e empezar a realizar anotacións (asentos) nos mesmos como forma de rexistro das operacións da empresa.
- Introducirmos no estudo do Plan Xeral de Contabilidade.

Contidos Conceptuais

- O concepto económico da empresa e o patrimonio:
 - O patrimonio e os elementos patrimoniais.
 - O inventario. Clasificación e valoración dos elementos.
- As masas patrimoniais.
- A Contabilidade: concepto, obxectivos e fins.
- As contas:
 - Concepto e representación.

- Clasificación e rexistro dos datos: as anotacións no Debe e no Haber.
- O sistema da Partida Dobre.
- Os libros contables.
- Normas contables de carácter básico.
- Estrutura, características e uso dos libros contables:
 - O libro Diario.
 - O libro Maior.
 - O libro de Inventarios e Contas anuais.
- O Plan Xeral de Contabilidade:
 - Estrutura e contido.

Contidos Procedementais

- Simulación. Actividades da nosa empresa simulada:
 - Cálculo do patrimonio necesario para a empresa.
 - Achega do capital necesario para comezar.
 - Libros de Contabilidade: apertura dos libros Diario e Maior.
 - Aplicación de conceptos e técnicas para a resolución dos interrogantes e necesidades que se lle expoñen á empresa simulada.
- Identificación e clasificación dos elementos patrimoniais.
- Determinación do valor do patrimonio.
- Rexistro e control do estado e variación dos elementos patrimoniais mediante anotacións nas contas.
- Obtención, análise e significado dos saldos das contas.
- Aplicación da Partida Dobre: práctica de asentos nos libros contables.

Contidos Actitudinais

- Reflexión sobre a utilidade dunha agrupación e denominación común dos elementos patrimoniais para a realización de inventarios, e a análise e comparación de patrimonios entre diferentes empresas.
- Valoración da importancia do sistema de Partida Dobre para a contabilidade.
- Entendemento do papel que desempeñan os plans de contas.
- Valoración da función do Plan Xeral de Contabilidade como regulador do sistema de rexistro contable para as empresas.

Criterios de avaliación

- Analizar os elementos patrimoniais, clasificándoos en masas.
- Determinar o valor do patrimonio neto.
- Explicar o concepto de conta, indicando os distintos tipos de contas e os convenios de cargo e abono de cada un.
- Identificar os tipos de libros contables e as súas funcións diferenciando os libros obrigatorios do non obrigatorios.

- Descritos uns feitos contables sinxelos, explicar o seu rexistro nos libros Diario e Maior e efectuar os asentos contables correspondentes.
- Valorar a necesidade da regulación contable.
- Describir a estrutura do PGC indicando os apartados de obrigado cumprimento.

Temporalización

9 horas.

Estándares de aprendizaxe

Os estándares de aprendizaxe involucrados nesta unidade son:

- 1.1. Manexa os elementos patrimoniais da empresa, valora a metodoloxía contable e explica o papel dos libros contables.
- 1.2. Analiza e representa os principais feitos contables da empresa.
- 1.3. Comprende o concepto de amortización e manexa o seu rexistro contable.
- 1.4. Analiza e asigna os gastos e ingresos ao exercicio económico ao que correspondan con independencia das súas datas de pago ou cobro.
- 1.5. Comprende o desenvolvemento do ciclo contable, analiza o proceso contable de peche de exercicio e determina o resultado económico obtido pola empresa.
- 1.6. Analiza as obrigacións contables e fiscais e a documentación correspondente á declaración-liquidación dos impostos.
- 1.7. Manexa a nivel básico unha aplicación informática de Contabilidade, onde realiza todas as operacións necesarias e presenta o proceso contable correspondente a un ciclo económico.

UNIDADE 5. APROVISIONAMENTO

Obxectivos

- Mostrar ao alumno a necesidade que teñen as empresas de:
 - Adquirir bens e servizos necesarios para realizar a súa actividade económica.
 - Establecer relacións comerciais cos provedores.
 - Coñecer a documentación xerada polas compras e as súas formas de pago.
 - Saber cales son as normas xurídicas e contables que regulan estas operacións.

Contidos Conceptuais

- O mercado.
- Os provedores.
 - A operación de compravenda:
- Marco legal: normas mercantís e fiscais.
- Estudo do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE).
- O proceso das compras:
 - O pedido.

- A recepción: o albarán e a factura.
- O custo das compras.
- As existencias:
 - Clasificación.
 - Almacén.
 - Valoración.
 - Xestión de stocks.
- O proceso de pago:
 - Momento do pago.
 - Forma e medios de realización:
 - A letra de cambio.
 - O cheque.
 - Outros medios de pago.

Contidos Procedementais

- Simulación. Actividades da nosa empresa simulada.
 - Elección de provedores.
 - Adquisición de elementos do inmovilizado e das mercaderías.
 - Xestión do almacén e control das existencias.
 - Control de débedas e pagos.
 - Cumprimentación de documentos.
 - Rexistro de operacións e documentos: IVE, libros contables, documentación mercantil.
 - Aplicación de conceptos e técnicas para a resolución dos interrogantes e necesidades que se lle expoñen á empresa simulada.
- Análise de ofertas e características de provedores para poder determinar os máis convenientes en cada caso.
- Identificación das principais normas, mercantís e fiscais, relacionadas coa compravenda.
- Análise dos aspectos básicos do IVE e a súa repercusión nos prezos de compravenda de produtos e servizos.
- Cumprimentación dos libros rexistro obrigatorios no IVE.
- Cumprimentación de documentos das operacións de compra: pedidos, albaranes e facturas.
- Valoración de existencias aplicando os métodos: FIFO e Prezo Medio Ponderado.
- Análise e cumprimentación dos documentos de pago: recibo, letra de cambio e cheque.

Contidos Actitudinais

- Entendemento da necesidade que ten a empresa de adquirir bens e servizos para poder realizar a súa actividade económica.
- Entendemento da incidencia das normas mercantís e fiscais nas operacións de compravenda.

- Reflexión sobre a repercusión do IVE nos prezos de venda de produtos e servizos, entendendo quen soporta definitivamente as súas cotas.
- Valoración do papel dos instrumentos e medios que permiten realizar a administración e xestión das operacións de aprovisionamento das empresas e do control e realización do pago das mesmas.

Criterios de avaliación

- Distinguir os documentos básicos das operacións de aprovisionamento, precisando a súa función e os requisitos básicos que deben reunir.
- Interpretar a normativa mercantil e fiscal vixente, aplicable ás operacións de compravenda.
- Distinguir os diferentes tipos de existencias habituais nas empresas.
- Analizar os distintos métodos de valoración de existencias.
- Analizar os sistemas e medios de cobro e pago habituais en operacións de compravenda.
- Nun suposto práctico:
 - Razoar por que se selecciona aos provedores.
 - Comprobar a documentación recibida.
 - Elaborar pedidos, albaráns e facturas.
 - Rexistrar en fichas de almacén os movementos de existencias.
 - Cumprimentar recibos, letras de cambio e cheques.
 - Cumprimentar os libros rexistro de facturas recibidas e de facturas emitidas.

Temporalización

16 horas.

Estándares de aprendizaxe

Os estándares de aprendizaxe involucrados nesta unidade son:

- 1.1. Deseña unha planificación das necesidades de aprovisionamento da empresa.
- 2.1. Identifica os distintos tipos de documentos utilizados para o intercambio de información con provedores.
- 2.2. Utiliza diferentes fontes para a procura de provedores online e offline.
- 2.3. Relaciona e compara as distintas ofertas de provedores, utilizando diferentes criterios de selección e explicando as vantaxes e inconvenientes de cada unha.
- 3.1. Coñece técnicas de negociación e comunicación.
- 3.2. Recoñece as diferentes etapas nun proceso de negociación de condicións de aprovisionamento.

UNIDADE 6. PRODUCCIÓN

Obxectivos

Resaltar a importancia que a organización do proceso produtivo ten para as empresas industriais ou de transformación e analizar os seus compoñentes máis importantes.

Contidos Conceptuais

- A produción:
 - Empresas produtoras de bens.
 - A produtividade.
 - Valor engadido que xera o proceso de produción.
- O deseño do sistema de produción:
 - Distribución en planta.
 - Manexo de materiais.
 - Clases de procesos produtivos.
- Relación do departamento de produción con outros departamentos da empresa:
 - Relación Producción-Aprovisionamento.
 - Relación Producción-Comercial.
- O custo de produción.

Contidos Procedementais

- Identificación de empresas produtoras de bens na contorna do alumno.
- Análise dos distintos tipos de procesos industriais.
- Identificación e análise dos elementos que interveñen no proceso produtivo.
- Valoración dos factores de produción para a obtención do custo de produtos e servizos.

Contidos Actitudinais

- Valoración da función que desempeñan as empresas produtivas para a satisfacción das necesidades, así como a incidencia que teñen para a economía do país.
- Reflexión sobre a importancia que a organización do proceso produtivo ten para a empresa.

Criterios de avaliación

- Identificar os tipos de empresas produtoras, diferenciándoas das empresas comerciais e de servizos.
- Distinguir as clases de procesos de produción.
- Analizar o obxectivo do sistema de produción e identificar os aspectos a ter en conta ao establecer a distribución en planta e o manexo de materiais.
- Analizar os compoñentes do custo de produción e calcular o seu importe.

Temporalización

4 horas.

Estándares de aprendizaxe

O currículo LOMCE para a materia de Fundamentos de administración e xestión non incorpora estándares de aprendizaxe vinculados á unidade de produción. Neste sentido, entendemos que os contidos vinculados a esta unidade ao non estar incluídos no currículo son contidos soporte que o docente pode impartir en función das necesidades do grupo.

UNIDADE 7. COMERCIALIZACIÓN

Obxectivos

- Mostrar ao alumnado que a función de vendas é a tarefa máis importante que na actualidade deben desenvolver as empresas.
- Sinalar a necesidade que teñen as empresas de dar a coñecer os seus produtos e de distribuílos de forma que cheguen ao consumidor en óptimas condicións.
- Coñecer os rexistros e documentos que a comercialización e vendas orixinan, así como as normas legais e contables que as regulan.

Contidos Conceptuais

- A distribución:
 - Concepto.
 - Canles.
 - Custos de distribución.
- A empresa ante o mercado dos seus produtos e servizos.
- Nocións de mercadotecnia:
 - Mercadotecnia de investigación.
 - Política comercial da empresa.
- Concepto e cálculo de marxes comerciais.
- A protección dos consumidores e usuarios.

Contidos Procedementais

- Simulación. Actividades da nosa empresa simulada.
 - Captación de clientes.
 - Envío de produtos.
 - Expedición de facturas e cobro de vendas.
 - Control de efectos a cobrar.
 - Control de existencias.
 - Rexistro de operacións e documentos: IVE, libros contables, documentación mercantil.
 - Aplicación de conceptos e técnicas para a resolución dos interrogantes e necesidades que se lle expoñen á empresa simulada.
- Identificación e análise dos diferentes elementos da política comercial.
- Cálculo de marxes comerciais.
- Análise das normas legais de protección aos consumidores e aplicación das mesmas a casos prácticos.
- Confección de facturas de vendas contemplando a incidencia de descontos, portes e envases.
- Cumprimentación de documentos de cobro das operacións de vendas.

Contidos Actitudinais

- Valoración da función de vendas como a tarefa máis importante para a vida da empresa.

- Reflexión sobre a necesidade que teñen as empresas de dar a coñecer os seus produtos e distribuílos de forma que cheguen ao consumidor en condicións óptimas.

Criterios de avaliación

- Identificar as funcións da distribución.
- Distinguir os tipos de canles de distribución máis habituais.
- Diferenciar os conceptos de mercadotecnia tradicional e moderna.
- Analizar as funcións da mercadotecnia de investigación.
- Analizar as funcións da política comercial da empresa.
- Interpretar, ante casos concretos, as normas legais que regulan a protección aos consumidores e usuarios.
- Calcular a marxe comercial.

Temporalización

10 horas.

Estándares de aprendizaxe

Os estándares de aprendizaxe involucrados nesta unidade son:

- 1.1. Analiza o proceso de comercialización dos produtos ou servizos da empresa.
- 1.2. Explica as características dos potenciais clientes da empresa, así como identifica o comportamento dos competidores da mesma.
- 1.3. Aplica procesos de comunicación e habilidades sociais en situacións de atención ao cliente e operacións comerciais.
- 1.4. Realiza unha previsión de vendas a curto e medio prazo, manexando a folla de cálculo.
- 2.1. Reflexiona sobre as diferentes estratexias de prezos a seguir tendo en conta as características do produto ou servizo e argumenta sobre a decisión do establecemento do prezo de venda.
- 3.1. Elabora un plan de medios, onde describe as accións de promoción e publicidade para atraer aos clientes potenciais, facendo especial fincapé nas aplicadas en internet e dispositivos móbiles.
- 3.2. Valora e explica as diferentes canles de distribución e venda que pode utilizar a empresa.

UNIDADE 8. TESOURARÍA E FINACIACIÓN

Obxectivos

- Realizar previsións de tesouraría para coñecer a súa situación a curto prazo e coñecer os posibles problemas de falta de liquidez.
- Coñecer os servizos dos intermediarios financeiros: Bancos e Caixas de aforros.
- Comprender as técnicas para o cálculo do interese simple e aplicarlas nas modificacións dos vencementos de cobros e de pagos.
- Aprender a xestionar a carteira de efectos utilizando os servizos bancarios.

- Analizar os problemas de falta de liquidez e estudar posibles solucións, identificando os trámites e xestións necesarios, cumprimentando a súa documentación e calculando os seus custos.

Contidos Conceptuais

- Intermediarios financeiros bancarios: Bancos e Caixas de aforros.
- Operacións e servizos bancarios:
 - Contas bancarias.
 - Domiciliación de pagos.
 - Transferencias.
 - Xestión de cobros.
 - Desconto de efectos.
 - Créditos e préstamos.
 - Cartóns de crédito e débito.
 - Operacións de estranxeiro e cambio de moeda.
- O cálculo de intereses:
 - Concepto e clases de intereses.
 - Fórmula xeral do interese simple.
 - Peculiaridades.
 - Procedementos abreviados de cálculo.
 - Ampliación de conceptos: fórmula de interese composto. Aplicación práctica.
- Xestión da tesouraría da empresa:
 - Previsións de tesouraría.
 - Envío de efectos ao banco.
 - Efectos impagados.
 - Modificacións nos cobros e pagos.
- Rexistro contable das operacións de tesouraría e financiamento.

Contidos Procedementais

- Simulación. Actividades da nosa empresa simulada.
 - Estado de previsión de Tesouraría.
 - Solución dos problemas de tesouraría detectados, operacións:
 - Efectos ao cobro.
 - Desconto de efectos.
 - Adiamento e partición de pagos.
 - Problemas de cobro cos clientes:
 - Impagados.
 - Adiamento e partición de cobros.
 - Aplicación de conceptos e técnicas para a resolución dos interrogantes e necesidades que se lle expoñen á empresa simulada.
- Identificación e análise das funcións de tesouraría e financiamento das empresas.
- Elaboración de estados de previsión de tesouraría.

- Cálculo de intereses e comisións. Aplicación ás operacións de tesouraría e financiamento.

Contidos Actitudinais

- Valoración das funcións de tesouraría e financiamento das empresas.
- Entendemento do papel que desempeñan os intermediarios financeiros na actividade cotiá das empresas e na sociedade actual.
- Reflexión sobre a importancia, no mundo empresarial, de poder atender a tempo os compromisos de pago adquiridos.

Criterios de avaliación

- Analizar estados de previsión de tesouraría previamente elaborados, e argumentar sobre os instrumentos máis idóneos para solucionar problemas de liquidez.
- Coñecer e diferenciar as operacións financeiras máis usuais que na práctica mercantil realízanse cos intermediarios financeiros.
- Calcular as distintas variables que interveñen na fórmula xeral do interese simple.
- Resolver problemas de cálculo en operacións de adiamento, modificación e substitución de cobros e pagos.
- Realizar e resolver as operacións da empresa simulada ISAFRÁN.

Temporalización

9 horas.

Estándares de aprendizaxe

Os estándares de aprendizaxe involucrados nesta unidade son:

- 1.1. Elabora un plan de investimentos da empresa, que inclúa o activo non corrente e o corrente
- 1.2. Analiza e selecciona as fontes de financiamento da empresa.
- 1.3. Recoñece as necesidades de financiamento da empresa.
- 2.1. Determina e explica a viabilidade da empresa, tanto a nivel económico e financeiro, como comercial e ambiental.
- 2.2. Aplica métodos de selección de investimentos e analiza os investimentos necesarios para a posta en marcha.
- 2.3. Elabora estados de previsión de tesouraría e explica diferentes alternativas para a resolución de problemas puntuais de tesouraría.
- 3.1. Valora as fontes de financiamento, así como o custo do financiamento e as axudas financeiras e subvencións.
- 3.2. Comprende o papel que desempeñan os intermediarios financeiros na actividade cotiá das empresas e na sociedade actual.
- 3.3. Valora a importancia, no mundo empresarial, de responder en prazo os compromisos de pago adquiridos.

UNIDADE 9. O DEPARTAMENTO DE RECURSOS HUMANOS

Obxectivos

- Establecer claramente as funcións relativas ao Departamento de recursos humanos dunha empresa.
- Coñecer toda a normativa básica relacionada coas xestións propias da relación laboral.
- Analizar e distinguir os diferentes tipos de contratos.
- Dominar o proceso de realización de nóminas e liquidación de seguros sociais e IRPF, así como as normas aplicables ao devandito proceso.
- Saber distinguir todos os documentos xerados:
 - Empresa-organismos.
 - Empresa-traballadores.
- Ser capaces de aplicar as técnicas de cálculo necesarias para a confección do recibo de salario, cotización e liquidación de impostos.
- Realizar as anotacións contables que o proceso de liquidación de nóminas, seguros sociais e IRPF xeran.

Contidos Conceptuais

- Funcións do Departamento de recursos humanos.
- Lexislación laboral básica:
 - Estatuto dos Traballadores.
 - Lei Xeral da Seguridade Social.
- Lei de Procedemento Laboral.
- A contratación laboral:
 - Contratos de traballo.
 - Modalidades de contratación.
- As nóminas:
 - O recibo de salarios.
 - Estrutura.
 - Liquidación de seguros sociais e IRPF.

Contidos Procedementais

- Simulación. Actividades da nosa empresa simulada.
 - Realización dos trámites necesarios para a contratación de persoal.
 - Selección de traballadores e cumplimentación dos contratos de traballo.
 - Alta e afiliación dos traballadores ao Réxime xeral da Seguridade Social.
 - Pago das nóminas e dos seguros sociais correspondentes.
 - Rexistro contable das operacións.
 - Aplicación de conceptos e técnicas para a resolución dos interrogantes e necesidades que se lle expoñen á empresa simulada.
- Identificación das fontes do dereito do traballo e análise dos preceptos básicos das normas laborais.

- Identificación dos diferentes organismos oficiais do ámbito laboral e análise das súas funcións.
- Identificación dos dereitos e deberes do traballador e do empresario.
- Obtención de información sobre modalidades de contratación a través de visitas a oficinas do INEM.
- Cálculo de nóminas e de liquidacións da Seguridade Social.

Contidos Actitudinais

- Valoración da importancia que os traballadores teñen para a empresa.
- Entendemento do papel que desempeñan os organismos oficiais en relación cos traballadores e as relacións laborais.
- Reflexión sobre a función social das empresas como xeradoras de postos de traballo.

Criterios de avaliación

- Explicar as funcións e tarefas que realiza o Departamento de recursos humanos.
- Ser capaz de resolver un cuestionario sobre a estrutura e contido básico da normativa laboral.
- Coñecer os dereitos e obrigacións derivados das relacións laborais segundo o marco legal establecido.
- Nun suposto dado, no que se ofrecen todos os datos necesarios, realizar:
 - Oferta de emprego.
 - Contrato.
 - Cumprimentación da documentación relativa á Seguridade Social (inscripción, Mutua, altas e afiliación dos traballadores).
 - Rexistro no Libro de Matrícula.
 - Liquidación de nóminas, seguros sociais e IRPF.

Temporalización

10 horas.

Estándares de aprendizaxe

Os estándares de aprendizaxe involucrados nesta unidade son:

- 1.1. Avalía as necesidades da empresa e analiza e describe os postos de traballo.
- 1.2. Identifica as fontes de recrutamento así como as diferentes fases do proceso de selección de persoal.
- 2.1. Analiza e aplica para a empresa as formalidades e diferentes modalidades documentais de contratación.
- 2.2. Identifica as subvencións e incentivos á contratación.
- 2.3. Recoñece as obrigacións administrativas do empresario ante a Seguridade Social.
- 2.4. Analiza os documentos que proveñen do proceso de retribución do persoal e as obrigacións de pagos.

UNIDADE 10. ADMINISTRACIÓN

Obxectivos

- Comprender o concepto económico de amortización e entender o seu rexistro contable.
- Analizar novos capítulos de gastos e ingresos da actividade empresarial.
- Asignar os gastos e ingresos ao exercicio económico ao que correspondan con independencia das súas datas de pago ou cobro.
- Entender o proceso contable de peche de exercicio e determinar o resultado económico obtido pola empresa.
- Elaborar as Contas anuais da empresa e interpretar a información que proporcionan.

Contidos Conceptuais

- Outros gastos e ingresos empresariais de carácter ordinario.
- Liquidacións periódicas de IVE. Compensación de contas.
- O proceso de amortización do inmovilizado:
 - Concepto de amortización.
 - Determinación de cotas.
- Venda de elementos do inmovilizado.
- O proceso de regularización contable e o peche do exercicio:
 - Periodificación de gastos.
 - Variación de existencias.
 - Determinación do resultado.
 - Peche do exercicio.
- As contas anuais:
 - Balance.
 - Conta de Perdas e Ganancias.

Contidos Procedementais

- Simulación. Actividades da nosa empresa simulada.
 - Últimas operacións: pago de gastos e cobro de intereses bancarios.
 - Amortización dos elementos patrimoniais.
 - Venda de inmovilizado.
 - Compensación do IVE.
 - Operacións para o peche contable do exercicio económico e a determinación do resultado obtido.
 - Elaboración das contas anuais.
 - Aplicación de conceptos e técnicas para a resolución dos interrogantes e necesidades que se lle expoñen á empresa simulada.
- Análise do concepto de amortización aplicándoo aos diferentes elementos patrimoniais.
- Descrición do tratamento que establece o PGC para o rexistro contable de bens e gastos.

- Descrición do tratamento que establece o PGC para a periodificación contable de gastos e ingresos, para a regularización das contas de existencias e para a determinación do beneficio.
- Cálculo e resolución de casos de amortizacións, provisiones, periodificacións e determinación do resultado do exercicio.
- Identificación e análise das normas que regulan a elaboración das contas anuais.

Contidos Actitudinais

- Entendemento do sentido económico da amortización dos elementos patrimoniais.
- Reflexión sobre a formación do resultado económico que obteñen as empresas.
- Entendemento da información que proporcionan as contas anuais e o seu valor como resumo da realidade empresarial.
- Valoración do papel que desempeña a Contabilidade e os libros contables para a administración e xestión das empresas.

Criterios de avaliación

- Analizar o concepto económico da amortización e describir os métodos de cálculo das cotas.
- Argumentar sobre a formación do resultado económico que obteñen as empresas.
- Interpretar a información que proporcionan as contas anuais como resumo da xestión empresarial.
- Realizar e resolver as operacións da empresa simulada ISAFRÁN.

Temporalización

12 horas.

Estándares de aprendizaxe

Os estándares de aprendizaxe involucrados nesta unidade son:

- 1.1. Manexa os elementos patrimoniais da empresa, valora a metodoloxía contable e explica o papel dos libros contables.
- 1.2. Analiza e representa os principais feitos contables da empresa.
- 1.3. Comprende o concepto de amortización e manexa o seu rexistro contable.
- 1.4. Analiza e asigna os gastos e ingresos ao exercicio económico ao que correspondan con independencia das súas datas de pago ou cobro.
- 1.5. Comprende o desenvolvemento do ciclo contable, analiza o proceso contable de peche de exercicio e determina o resultado económico obtido pola empresa.
- 1.6. Analiza as obrigacións contables e fiscais e a documentación correspondente á declaración-liquidación dos impostos.
- 1.7. Manexa a nivel básico unha aplicación informática de Contabilidade, onde realiza todas as operacións necesarias e presenta o proceso contable correspondente a un ciclo económico.

3. Criterios de avaliación

A avaliación debe proporcionar información tanto á profesora como aos alumnos e alumnas sobre o proceso da aprendizaxe, e servirá de base para levar adiante iniciativas que sirvan para modificar ou mellorar o propio proceso de ensinanza e aprendizaxe. A avaliación non é un acto illado ao final dunha unidade didáctica ou do curso, senón un proceso de recollida constante de información, que nos permitirá emitir xuízos cos que cualificar unha actuación e tomar decisións.

O obxectivo desta **avaliación formativa** non é tanto certificar o nivel de coñecementos do alumnado, senón máis ben servir de axuda tanto aos alumnos e alumnas coma á profesora a reconducir esforzos, en caso necesario, a fin de conseguir un dominio total dos obxectivos programados. Os criterios que empreguemos na avaliación deben ser coñecidos previamente polos nosos alumnos e alumnas.

As actividades de avaliación deben ser acordes co que se ten realizado durante o proceso de ensinanza e aprendizaxe, e recorren toda a gama de contidos desenvolvidos na unidade ou no curso. É necesario propor e desenvolver actividades de avaliación referidas a feitos (que implican memorización, relación con outros contidos...), a conceptos (coñecementos, comprensión, ser capaz de transferir a outra situación un método ou caso, probas que impliquen a actividade intelectual do alumnado), a procedementos (habilidades na resolución de problemas, construción de gráficos, elaboración de táboas, uso de información, realización de guións ou esquemas,...), a actitudes (colaboración nos traballos, desenvolvemento de opinións críticas, participación nas tarefas colectivas, colaboración no bo funcionamento e desenvolvemento da clase,...).

A avaliación de actitudes e valores é moi difícil, ten moito que ver coa capacidade persuasiva do profesorado e ten que ser recoñecida polo alumnado coma útil. De tódolos xeitos hai cousas medibles como son: a realización de xuízos reflexivos e sistematizados, o recoñecemento de valores positivos cara a certo tipo de comportamentos desexables (funcionamento da clase, participación nos traballos, grao de cumprimento dos compromisos adquiridos, nivel de traballo en grupo,...).

A **avaliación final** ten coma obxectivo clasificar, nivelar e certificar aos alumnos e alumnas con respecto ao grao de cumprimento dos obxectivos marcados na unidade ou curso. Ao final, resumindo moito, supoñería coñecer se os rendementos foron suficiente e satisfactorios. Ademais a avaliación deberá ser individualizada (do alumno/a respecto a si mesmo/a).

O alumnado será cualificado polo dominio que demostre sobre os contidos, procedementos e actitudes amosadas durante o curso. As cualificacións serán a nota media de tódalas notas obtidas nas distintas probas. Quen non supere a terceira avaliación, deberá acudir ao exame de setembro, o cal consistirá nun exame escrito sobre os contidos mínimos.

Os criterios de avaliación establecidos para esta materia na lexislación LOMCE son os seguintes:

Bloque 1. Innovación empresarial. A idea de negocio: o proxecto de empresa

1. Relacionar os factores da innovación empresarial coa actividade de creación de empresas.
2. Analizar a información económica do sector de actividade empresarial no que se situará a empresa.

3. Seleccionar unha idea de negocio, valorando e argumentando de forma técnica a elección.

Bloque 2. A organización interna da empresa. Forma xurídica e recursos

1. Analizar a organización interna da empresa, a forma xurídica, a localización, e os recursos necesarios, así como valorar as alternativas dispoñibles e os obxectivos marcados co proxecto.

Bloque 3. Documentación e trámites para a posta en marcha da empresa

1. Analizar os trámites legais e as actuacións necesarias para crear a empresa.
2. Xestionar a documentación necesaria para a posta en marcha dunha empresa.

Bloque 4. O plan de aprovisionamento

1. Establecer os obxectivos e as necesidades de aprovisionamento.
2. Realizar procesos de selección de provedores analizando as condicións técnicas.
3. Planificar a xestión das relacións cos provedores, aplicando técnicas de negociación e comunicación.

Bloque 5. Xestión comercial e de mercadotecnia na empresa

1. Desenvolver a comercialización dos produtos ou servizos da empresa e a mercadotecnia dos mesmos.
2. Fixar os prezos de comercialización dos produtos ou servizos e comparalos cos da competencia.
3. Analizar as políticas de mercadotecnia aplicadas á xestión comercial.

Bloque 6. Xestión dos recursos humanos

1. Planificar a xestión dos recursos humanos.
2. Xestionar a documentación que xera o proceso de selección de persoal e contratación, aplicando as normas vixentes.

Bloque 7. Xestión da contabilidade da empresa

1. Contabilizar os feitos contables derivados das operacións da empresa, cumprindo cos criterios establecidos no Plan Xeral de Contabilidade (PGC).

Bloque 8. Xestión das necesidades de investimento e financiamento. Viabilidade da empresa

1. Determinar o investimento necesario e as necesidades financeiras para a empresa, identificando as alternativas de financiamento posibles.
2. Analiza e comproba a viabilidade da empresa, de acordo a diferentes tipos de análises.
3. Valora e comproba o acceso ás fontes de financiamento para a posta en marcha do negocio.

Bloque 9. Exposición pública do desenvolvemento da idea de negocio

1. Expor e comunicar publicamente o proxecto de empresa.

2. Utilizar ferramentas informáticas que apoian a comunicación e presentación do proxecto.

4. Metodoloxía, actividades e estratexias

4.1 O obxectivo e o método

O obxectivo principal que temos que acadar é introducir ao estudante no coñecemento da empresa e da realidade empresarial.

O método a empregar debe permitir ou posibilitar que os alumnos e as alumnas aprendan a pensar dentro dunha ciencia concreta e sexan quen de presentar problemas e resolvelos por si mesmos, así como adquirir o hábito de investigar na realidade, pasando dunha actitude receptiva a unha actitude activa.

A materia desenvolve un conxunto de coñecementos que para o alumnado son novidosos. Trata de poñer en marcha unha empresa; isto achega á realidade empresarial ao alumnado.

4.2 Partir dos coñecementos previos

Os alumnos e alumnas a esta idade saben cousas, posúen ideas xa formadas que foron confeccionando ao longo da súa vida escolar ou no seu contorno familiar ou de amizade. O ter escoitado falar de algo pode servir de punto de partida para entrar no seguinte paso de coñecemento que implica unha reestruturación das estruturas cognitivas.

Debernos contar co alumnado á hora de levar adiante o proceso de aprendizaxe, e non só pola actitude positiva que elo implica, senón polo propio proceso en si mesmo ao requirir unha motivación e actividade pola súa parte. Esta actividade requirirá observar, pensar, presentar dúbidas, etc., en xeral relacionar o aprendido con esquemas de coñecemento anteriores, e aplicar os novos coñecementos á análise e explicación de situacións novas. Para poder levar adiante isto é polo que as actividades deben ser motivadoras e atractivas, é dicir, que o coñecemento non sexa un peso en si mesmo.

4.3 As actividades

As actividades que presentemos deben situarse na chamada zona de desenvolvemento próxima, entre o límite do saber coñecido e o novo, obrigándolles a reestruturar os seus coñecementos con amaño aos novos obxectivos. Nesa constante superación debemos ter en conta que o labor e o esforzo dos alumnos e das alumnas debe ser medido de moitas maneiras, e eles deben saber que se lles vai ter en conta o seu progreso con respecto a períodos anteriores, e non o duns cos dos outros.

4.4 Importancia da contorna inmediata

A metodoloxía suxire que se deba partir da contorna máis inmediata. O alumnado debe aprender a recoñecer no seu derredor os elementos cos que traballa. Neste sentido son importantes os procedementos de tradución de feitos observables (vila, empresas, actividades que se desenvolven na localidade, etc).

Cada paso novo debe ir precedido dunha primeira actividade que conecte coa realidade coñecida. O detectar os coñecementos previos permite actuar sobre a diversidade, tratando de xeito diferente aos que se atopan en situación diferente.

4.5 Os contidos

A organización dos contidos implica asignarlle a cada un a correspondente xerarquía segundo a importancia, así como a distribución do espazo e do tempo. Aspectos estes importantes, que é preciso calibrar e coidar en cada momento. É importante que o estudante manexe técnicas que faciliten a posta en marcha dunha empresa, dado que terán que poñer en xogo competencias específicas que lles permitirán ser quen de elaborar un plan de negocio; comprender os procesos e os procedementos asociados á creación e o mantemento dunha empresa e ser conscientes da importancia da ética empresarial e a responsabilidade social, entre outras cousas.

4.6 As estratexias da aprendizaxe significativa

No referente ás estratexias para lograr unha aprendizaxe significativa, estas son moitas e variadas. O espírito emprendedor débese fomentar dende idades moi novas e dende os centros docentes. Trátase de inculcar unha cultura e xeito de pensar que pode ser de utilidade tanto na vida cotiá coma na vida profesional. Hai que lograr que incorporen certas competencias ao seu xeito de sentir e de facer.

Nesta materia faise especial fincapé na creatividade e o espírito de innovación para desenvolverse e resolver situacións en diferentes contornas, así como a relevancia de valorar e percibir o erro de forma positiva.

As estratexias expositoras lévannos a presentar ao alumnado unha información elaborada sobre a que pedimos que se reflexione.

En todo caso calquera estratexia debe ir precedida dunha actividade introdutoria que permita ao alumnado saber sobre o que se vai traballar e cal é o obxectivo a acadar, deste xeito poderá relacionar o xa coñecido co novo. Un método fácil é a elaboración de esquemas ou mapas conceptuais.

Respecto dos contidos procedementais, o «saber facer» nesta materia, consiste en coñecer os pasos a seguir para elaborar o proxecto, buscando a relación entre coñecemento e aplicación.

Ter adquirido un procedemento significa que se posúe a capacidade de empregalo en diversas situacións, e estes consolídanse coa práctica. Haberá que insistir, neste aspecto, en como se van facendo as cousas, controlando o proceso mais que o resultado, de xeito que ante unha nova tarefa, a aplicación dun determinado proceso sexa espontánea e non dependa das indicacións do profesorado.

No caso dos contidos actitudinais, os alumnos e as alumnas deberán mostrar tendencia a comportarse ou expresarse dunha determinada maneira respecto dunha situación ou problema. A materia incentiva a elaboración de reflexións persoais e a toma de decisións fundamentadas; ademais, impulsa o traballo en equipo para levar adiante un proxecto compartido e o emprego de ferramentas informáticas e audiovisuais que axuden a unha difusión efectiva do proxecto.

As unidades didácticas deben finalizar sempre coa globalización do traballado aprendido. De novo os mapas ou esquemas conceptuais son os instrumentos que mellor permiten relacionar todos os detalles vistos ao longo de cada unidade.

As Unidades Didácticas, estrutúranse do seguinte xeito:

- Desenvolvemento dos contidos da Unidade de maneira clara e concisa.
- Actividades ao final de cada apartado para comprobar se o alumno asimilou correctamente os contidos de cada epígrafe e para axudarlle a reforzar e consolidar os contidos estudados.

5. Medidas de Atención á Diversidade

Intentarase facer un esforzo para atender a cada alumno ou alumna do xeito máis personalizado posible, tendo en conta o seu nivel de coñecementos e capacidades que posúe, as súas motivacións e ritmo de aprendizaxe, etc.

Naquelas ocasións nas que sexa necesario, realizaranse adaptacións curriculares modificando: material escolar, actividades, método, grupos de traballo, tempo e orde dos contidos e criterios de avaliación, aplicándoos de forma individualizada.

5.1 Actividades De Recuperación Ou Reforzo

Por reforzo educativo enténdese toda medida ordinaria de atención á diversidade que afecta á secuencia dos contidos, a forma e instrumentos de avaliación, á organización da aula, etc. É unha acción educativa específica, adicional ou complementaria, no marco de traballo na aula para atender dificultades de aprendizaxe, que non precisan doutras adaptacións curriculares máis profundas.

A profesora deste departamento, no ámbito concreto da súa materia tomará e poñerá en marcha as medidas de reforzo educativo ou recuperación que vexa necesarias.

6. Temas Transversais

Os temas transversais establecidos: Educación para a Paz, Educación moral e cívica, Educación para a saúde, Educación para igualdade dos sexos, Educación ambiental, Educación sexual, Educación viaria e a Educación para o consumidor, por ser contidos que responden a unha demanda da sociedade, estarán presentes ao longo do curso fundamentalmente no sentido actitudinal e de valores. Serán traballados conxuntamente cos temas que polas súas características sexan máis acordes.

7. Temporalización

A temporalización que se indica a continuación para cada Unidade é orientativa. Forma parte do conxunto de programación da materia e deberá adaptarse, para cada caso, ás características ou necesidades específicas de cada grupo de alumnos, debendo introducir o profesor os cambios que considere convenientes.

Unidade 1: 9 horas.

Unidade 2: 8 horas.

Unidade 3: 8 horas.

Unidade 4: 9 horas.

Unidade 5: 16 horas.

Unidade 6: 4 horas.

Unidade 7: 10 horas.

Unidade 8: 9 horas.

Unidade 9: 10 horas.

Unidade 10: 12 horas.

Dende o departamento de Economía propoñemos a distribución e secuenciación que se expón anteriormente; no entanto, atendendo ás características do alumnado intentaremos axustar dita secuenciación, e mesmo alterar a orde dos contidos e seccións de cada unidade se o consideramos necesario ou conveniente. Insistimos en que distribuímos os contidos ao longo das unidades tendo en conta a dificultade que expón a súa aprendizaxe, tentando unha secuenciación gradual e lóxica.

8. Actividades extraescolares e complementarias

Considéranse actividades complementarias as planificadas polos docentes que utilicen espazos ou recursos diferentes ao resto das ordinarias da área, aínda que precisen tempo adicional do horario non lectivo para a súa realización. Serán avaliábeis a efectos académicos e obrigatorios tanto para o profesorado como para o alumnado. Terán carácter voluntario cando se realicen fóra do centro ou precisen achegas económicas das familias, en cuxo caso garantirase a atención educativa do alumnado que non participen nas mesmas.

Entre os propósitos que perseguen este tipo de actividades destacan:

- Completar a formación que recibe o alumnado nas actividades curriculares.
- Mellorar as relacións entre o alumnado e axudarlles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- Permitir a apertura do alumnado cara o entorno físico e cultural que lle rodea.
- Contribuír ao desenvolvemento de valores e actitudes adecuadas relacionadas coa interacción e o respecto cara os demais, o coidado do patrimonio natural e cultural.
- Desenvolver a capacidade de participación nas actividades relacionadas co entorno natural, social e cultural.
- Estimular o desexo de investigar e saber.
- Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumnado.
- Espertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integren e realicen.

Proposta de actividades complementarias:

- Visitas a museos e institucións culturais: a Bolsa, o Banco de España, etc.
- Celebración de efemérides: Día do Libro, Día da Paz..., etc.
- Visitas a empresas da zona.
- Cine escolar.
- Celebración de concursos (trivial, debate, etc.).

9. Materiais e Recursos Didácticos

No referente aos recursos a empregar na aula, a estratexia expositora require duns materiais seleccionados ou elaborados previamente pola profesora, debendo ser rigorosa na súa selección ou elaboración. Internet é unha fonte de información imprescindible para abordar esta materia, que pode ser complementada con vídeos, material escrito, ou saídas á rúa: visitas a diferentes organismos oficiais (concello, facenda...) ou ben investigacións no propio Centro escolar.

Este nivel de traballo precisa do dominio das tecnoloxías da información: onde están, como utilízalas, que datos son máis fiables, etc. ás que se lle deberá dar unha atención especial para adquirir a destreza necesaria no seu uso.

Nesta materia, **non se empregará libro de texto**. A profesora elaborará as diferentes unidades didácticas e irallas proporcionando ao alumnado, mediante fotocopias, segundo avancen na materia.

Para levar adiante o proceso de ensinanza e aprendizaxe precisaremos apoiarnos nuns recursos que na maioría das veces se basean en soportes escritos ou visuais. Así resaltaremos a utilización de libros ou material de actividades propostas pola profesora. Nesta materia cómpre destacar a importancia do uso de artigos de prensa, revistas especializadas, tecnoloxías da información, etc. Entre outros materiais usaranse:

- Código Civil,
- Código de Comercio.
- Lei de Sociedades Anónimas.
- Estatuto dos traballadores.
- Balances de Situación.
- Contas de Perdas e Ganancias.
- Plan Xeral de Contabilidade.
- Artigos de prensa periódica.
- Presuposto do Estado e da Comunidade.
- Lei sobre o Imposto de Actividades Económicas.
- Lei do Imposto sobre o Valor Engadido.
- Lei do Imposto sobre Sociedades.
- Materiais audiovisuais: vídeos, etc.
- Materiais de traballo preparado pola profesora: fichas, esquemas, etc.
- Revistas especializadas.
- En Internet, empregaremos os datos da páxina do IGE.

Traballarase con este material co fin de que o alumnado, a través da lectura, interpretación e análise de datos obtidos das distintas fontes sexan capaces de achegarse ós conceptos económicos e financeiros, legais e de organización das empresas, obtendo, seleccionando, interpretando a información e tratándoa de forma autónoma. Isto permitiralles tomar decisións a partir dunha planificación rigorosa, contrastada e documentada.

Non se empregará libro de texto para o desenvolvemento da disciplina. A profesora proporcionará os apuntamentos necesarios, mediante fotocopias, elaborados por ela baseándose en diversos libros de economía e organización de empresas.

10. Comportamentos Sancionables

Teléfonos Móviles

Os teléfonos móbiles estarán desconectados durante as aulas. Queda totalmente prohibido o seu uso na aula, aínda que sexa coma calculadora, reloxo....

As persoas que o empreguen serán expulsadas automaticamente e non poderán volver á aula ata que os seus pais ou titores se poñan en contacto coa dirección do centro.

O alumno/a que use o móbil nun exame, ademais de aplicárselle a norma anterior, terá un cero nesa proba.

Dedicarse a outras materias

O alumnado que durante as aulas de Economía da Empresa se dedique a realizar tarefas para outras materias; será sancionado con 0,5 puntos na nota da avaliación.

Falar na aula mentres se explica

Falar cos compañeiros mentres a profesora explica ou algún compañeiro le; considérase unha falta de respecto sancionable. Esta actitude será tida en conta na nota da avaliación.

11. Rúbricas

11.1 Rúbrica para un traballo escrito

	Contido do traballo	Expresión escrita	introdución
Moi mal Insuficiente (0)	Descoñece o tema . Non achega autores, datas, bibliografía...	A linguaxe non é clara nin precisa. Estrutura das frases inaxeitada e vocabulario pobre.	Non hai introdución, é confusa ou non achega nada sobre o tema.
Mal Insuficiente (0,25)	Apenas expón o tema, non achega bibliografía nin referencias a autores, datas...	Linguaxe pouco clara e imprecisa. Vocabulario pobre e as frases, en xeral, non están ben estruturadas.	A introdución é confusa. Non inclúe unha exposición xeral do tema. O obxectivo do tema non está claro.
Regular Suficiente (0,5)	Demostra un coñecemento básico do tema. Recompila e organiza os datos correctamente. Ten dificultade corroborando os datos.	A linguaxe non é moi clara. En ocasións a linguaxe non é clara. O vocabulario pouco variado. Case non emprega terminoloxía técnica.	A introdución inclúe o propósito do traballo. Non se presenta exposición xeral do tema ou as subdivisións principais. O propósito do tema e os obxectivos requiren clarificación ou non se presentan de xeito obxectivo.
Boa (0,8)	Demostra un bo coñecemento do tema pero sen afondar. Achega poucas explicacións e información complementaria. Recompila e organiza os datos correctamente.	Usa linguaxe case sempre clara e precisa. A estrutura das frases é case sempre axeitada. O vocabulario é pouco variado e usa ás veces tecnicismos.	A introdución inclúe o propósito do traballo, exposición xeral do tema e subdivisións principais. Os obxectivos están algo confusos.
Excelente (1)	Demostra un coñecemento do tema profundo e detallado. Achega contidos adicionais. Recompila e organiza os datos correctamente.	Emprega linguaxe clara e precisa. A estrutura das frases é correcta; emprega vocabulario rico e variado e usa tecnicismos económicos.	A introdución inclúe o propósito, exposición xeral do tema, obxectivos claros e subdivisións principais.

Esta rúbrica será empregada para os traballos escritos, tanto sexan individuais coma de grupo.

11.2 Rúbrica para unha presentación oral

	Contido da exposición	Expresión oral
--	-----------------------	----------------

Moi mal Insuficiente (0)	Descoñece o tema por completo. Non achega información complementaria. Non responde ás preguntas.	A linguaxe e a pronunciación non son claras nin precisas. Ton inadecuado. A estrutura das frases non é a axeitada ca. Non emprega terminoloxía técnica.
Mal Insuficiente (0,25)	Apenas coñece o tema. Achega información complementaria mínima. Non responde ás preguntas	A linguaxe e a pronunciación non son claras nin precisas. Ton inadecuado. A estrutura das frases non é a axeitada en moitas ocasións. Non emprega terminoloxía técnica
Regular Suficiente (0,5)	Demostra un coñecemento moi básico do tema. A información complementaria que engade é moi escasa. Non responde correctamente á maioría das preguntas.	A linguaxe e a pronunciación non son demasiado claras nin precisas. A estrutura das frases ás veces é a axeitada. Vocabulario pouco variado e con poucos tecnicismo económicos.
Boa (0,8)	Demostra un bo coñecemento do tema pero non afonda nel. Achega poucas explicacións e información complementaria. Responde a algunhas preguntas de xeito incorrecto.	Usa unha linguaxe case sempre clara e precisa. Ton aceptado. A estrutura das frases é bastante axeitada. O vocabulario é variado aínda que emprega poucos tecnicismos.
Excelente (1)	Demostra un coñecemento a fondo e detallado do tema. É quen de achegar explicacións e información complementaria. Responde ás preguntas de xeito preciso.	Emprega linguaxe clara e precisa, ton aceptado e boa pronunciación. A estrutura das frases é case sempre a adecuada. Vocabulario rico e con motos tecnicismos.

11.3 Rúbrica para avaliar a actitude

	Interese na aula	puntualidade	Respecto	Traballo na materia
Moi mal Insuficiente (0)	Molesta na aula ou non atende. Non trae material. Non comparte ideas nin coñecemento co grupo.	Falta moitas veces, xeralmente chega tarde e non é puntual á hora de entregar os traballos.	Non agarda a súa quenda para intervir. É intolerante coas opinións que difiren da súa, chegando a mostrarse agresivo/a.	Non se rexistra ningún tipo de actividade.
Mal Insuficiente (0,25)	Mostra pouco interese. Rara vez trae material.	Frecuentemente chega tarde, non é moi puntual á hora de entregar traballos.	Cóstalle gardar quenda para intervir. Ás veces é intolerante coas opinións dos demais.	Xeralmente non segue o ritmo da aula. Se hai actividades para a casa, case nunca as trae resoltas.
Regular Suficiente (0,5)	Ás veces participa. Moi poucas veces comparte ideas e non mostra o suficiente interese.	Algunha vez falta ou ten retrasos. Algunha vez entrega puntualmente os traballos.	Ás veces non respecta a quenda de intervención.	Non proporciona ideas e solucións. Poucas veces realiza as tarefas da casa.
Boa (0,8)	Case sempre está atento/a, demostra interese e varias veces comparte ideas e coñecementos.	Case nunca falta nin soe ter retrasos. Xeralmente entrega os traballos na data acordada.	Case sempre escoita con respecto aos seus compañeiros/as e móstrase tolerante con opinións diferentes.	Participa activamente na maioría das actividades. Ás veces proporciona ideas e solucións. Trae tarefas da casa.
Excelente (1)	Sempre está atento/a, trae material. Mostra moito interese e coñecementos co	Nunca falta ou ten retrasos. Sempre entrega os traballos na data prevista.	Sempre agarda a súa quenda par intervir. Escoita con respecto e mostra tolerancia coas	Participa activamente en tódalas actividades. Sempre proporciona ideas e solucións.

	grupo.		opinións diferentes á súa.	
--	--------	--	-------------------------------	--

12. Medidas previstas para o caso de ter que pasarse a ensino non presencial

O modelo non presencial resulta complexo nesta materia dado que se complica o poder facer un seguimento continuo das tarefas do alumnado. É por isto que, no caso de ter que pasar a este modelo, sería fundamental a súa participación durante as clases on-line amosando as súas dúbidas e os seus rostros para poder achegarnos o máximo posible ao modelo presencial. Só deste xeito avanzarán cara a consecución dos obxectivos mínimos e imprescindibles para a superación da materia.

En caso de ter que pasar ao ensino non presencial neste nivel procederase como segue:

- A entrega das unidades didácticas e outro material, farase a través da aula virtual ou do correo electrónico do alumnado.
- A docencia expositiva e a resolución de dúbidas farase a través de clases on-line en WEBEX ou Skype (o que mellor funcione).
- Para outras comunicacións co alumnado e familias empregárase o correo electrónico.